

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Núm. 27 [2024] • ISSN 1139-921X



A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 27 (2024)

2024

Fundación Cultural da Estrada
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

miscelanea.aestrada.com

Director

Juan Andrés Fernández Castro

Coordinador editorial

Juan L. Blanco Valdés

Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Francisco Díaz-Fierros Viqueira | Víctor F. Freixanes | Xosé Manuel Núñez Seixas | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2024

Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

www.museo.aestrada.com

www.miscelanea.aestrada.com

Traducción de abstracts

Alexia Estraviz Loureiro

alexiaestraviz@gmail.com

Ilustración de cuberta

Torre de Guimarei, A Estrada

Noel Feáns

Diseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas Román

Impresión

Más Diseño Silleda S.L.

Teléfono: 626731454

Dep. Legal: PO 188-2016

Índice

- 7 | José Simaes Dios, o ciclista estradense incombustible e eterno
Fernando Cabeza Quiles
- 37 | Fundacións asistenciais nas parroquias do Ulla: os montes de piedade de Berres e Vea e a escola de primeiras letras de Paradela
Damián Porto Rico
- 55 | A Estrada a mediados do século xx. Documentos cartográficos e planimetria
Javier García Gómez
- 85 | Os míticos tesouros do Pico Sacro
Henrique Neira Pereira
- 95 | La historia de un emigrante. Hipólito Constenla Figueira
Marga Fraga Constenla
- 113 | Mosteiro femenino de San Xurxo de Codeseda
Luis Manuel Ferro Pego e José Manuel Bértolo Ballesteros
- 131 | Iluminando sombras coa luz do seu martirio. En memoria dos estradenses mortos en marzo de 1809
Juan Andrés Fernández Castro
- 145 | Muiñeiro de brétemas
Noel Feáns
- 165 | Os petróglifos da Costa dos Cabalos e a Pedra dos Cabalos, revisión e novas estacións rupestres
Colectivo A Rula

- 191 | A literatura gastronómica de Álvaro Cunqueiro:
a propósito do *príncipe prateado*

Armando Requeixo

- 209 | Cincuenta anos da Festa do Salmón na Estrada

Chus Fernández Bascuas e Katina Sanmartín Carbón



José Simaes Dios, o ciclista estradense incombustible e eterno

Fernando Cabeza Quiles

fecabezaquiles@edu.xunta.es

Resumo. Presentamos unha biografía deportiva do ciclista, nado na parroquia estradense de San Miguel de Barcala e asentado en Madrid dende moi novo, José Simaes Dios. Corredor afeccionado ou *amateur*, acadou os seus mellores triunfos na especialidade de ciclocrós no seu segundo período de practicante do ciclismo, que retomou despois de vinte e catro anos de inactividade deportiva con respecto ao primeiro no que participou ata os 18 anos nas categorías de xuvenil e afeccionado en Galicia, cando vivía na Estrada, antes de marchar para a capital. Na súa etapa madrileña, a máis longa e exitosa, correu como ciclista veterano nas categoría de máster 50, 60, 70 e 75, sendo varias veces campión de España de ciclocrós e chegando ao seu cumio deportivo en 2023, ano no que logrou, na categoría de máster 75, a medalla de bronce no Campionato do Mundo desa especialidade na cidade alema de Hamburgo, despois dunha dilatadísima vida deportiva.

Abstract. A sports biography of the cyclist José Simaes Dios, from A Estrada. An amateur rider who achieved his best results in cyclo-cross racing while he was living in A Estrada, just before moving to the capital. He raced as a veteran cyclist in the masters categories in Madrid and won the Spanish National Championships several times. He reached the high point of his sports career in 2023, when he won the bronze medal in the Masters Cyclo-cross World Championships in Hamburg (Men Masters 75-79 category).

Chego tan cedo á miña cita con José Simaes Dios na aldea estradense de Souto, da parroquia de San Miguel de Barcala, que aínda se escucha no ambiente de viñas, millo e prados, o canto dos últimos galos. Espero por un meu amigo ao que non vexo desde hai case sesenta anos. Vén de Madrid exprofeso para primeiro fundirse nun abrazo coa súa terra nativa e despois contestar ás miñas preguntas sobre a súa vida deportiva. O noso biografiado, ciclista de competición co que compartimos, cando eramos moi novos e soñabamos gañar o Tour de Francia, adestramentos e amor ao ciclismo, veu a luz por primeira vez no lugar de Souto, un xa afastado 21 de xuño do ano 1949.

Aos poucos anos a súa familia traslándose á contigua aldea da Retorta, a cal tal como indica o seu nome, está nunha curva ou retorta orográfica formada polo rego do Pumar e un seu pequeno afluente. Topónimo quizais premonitorio que cadra coas habilidades ciclistas que adquiriu anos despois o noso personaxe, cando descubre e se afecciona ao deporte das dúas rodas, no que destacou por ser un ciclista moi técnico, que se curtiu baixando o antigo trazado da costa estradense de Baloira, chea de curvas, voltas, reviravoltas e retortas, áinda que esa dura e perigosa aprendizaxe lle custase unha clavícula rota.

Segundo me conta á sombra dun vello e fermoso carballo, os seus comezos coas bicicletas e co ciclismo aconteceu a unha idade moi temperá, aprendendo a montar en bici, como moitos nenos daquela época, nunha de paseo, na que, como non lle chegaba aos pedais, metía a perna polo medio do cadro. Como tantos outros, empezou a practicar o ciclismo por afección e por necesidade para trasladarse, canda era mozo, ao seu traballo na vila da Estrada no ano 1965, en Igrovi, desaparecida fábrica estradense de carrocerías para autobuses fundada por Ignacio Rodríguez Vila, que chegou a crear máis de 400 postos de traballo na dura e famenta posguerra.

Todos os luns, moi de mañá, Jose Simaes pedaleaba, arrostrando soles, ventos, chuvias, invernos, primaveras ou o que tocase, dende San Miguel de Barcala ata A Estrada, para, despois de cumplir coa súa semana laboral, regresar á súa parroquia de nacenza para pasar a fin de semana cos seus pais e o seu irmán.

A primeira carreira ciclista na que participa foi na Estrada o ano 1965, clasificándose en terceiro lugar nun circuíto urbano daquela pequena vila estradense. Aguiolloado por aquel bo resultado e o entusiasmo dos seus poucos anos, escribe á rúa Canceleiro número 13 de Vigo e saca a licenza da Federación Galega de Ciclismo para poder participar en carreiras federadas.

Estreábase como xuvenil no Gran Premio Inauguración de estrada o día 27 de febreiro do ano 1966, organizado polo Club Ciclista Pontevedrés con 40 quilómetros de percorrido entre as localidades de Sanxenxo e Pontevedra con meta final na alameda pontevedresa, onde o noso ciclista acada o quinto lugar na clasificación xeral da categoría de xuvenís.

Primeira carreira de xuvenís en estrada celebrada con chegada na alameda de Pontevedra o 27 de febreiro do ano 1966, obtendo a 5^a posición.

O ano 1967 é seleccionado, xunto con Serafín González González, Enrique Martínez e Daniel Arca, para competir, representando o equipo de Pontevedra, no Campionato de España de Xuvenís contra reloxo celebrado en Logroño os días 24 e 25 de xullo.

Nesa categoría e ano, despois de moitos postos de mérito e honra, o noso sufrido e teimudo corredor crece como



Equipo participante no Campionato de España de xuvenís contra reloxo celebrado en Logroño 24 e 25 de xullo do ano 1967. De esquerda a dereita Serafín González, o biografiado, Enrique Martínez e Daniel Arca (ambos os dous xa falecidos).

José Simaes Dios, o ciclista estradense incombustible e eterno



Un sorriente e satisfeito José Simaes Dios con trofeos obtidos o ano 1967 (xa choveu).



Na carreira de ciclocrós da Ferradura de Santiago con José Simaes na compañía do seu irmán Manuel.

ciclista e obtén os seus primeiros trofeos deportivos que o animan a seguir practicando e perfeccionándose.

No ano 1968 disputa, antes de pasar a unha categoría superior e máis esixente, a súa última carreira como xuvenil na especialidade de ciclocrós na compañía do seu irmán Manuel que tamén a corre. A proba, disputada o día 21 de xaneiro no fermoso paseo da Ferradura de Santiago, baixo a atenta mi-



Carreira de ciclocrós, celebrada no paseo da Ferradura de Santiago o 21 de xaneiro do ano 1968, co magnífico fondo da catedral. Quen isto escribe recorda que con 14 anos colleu un autobús da Estradense para ver a carreira e que nela tamén participara outro ciclista da Estrada chamado Miguel ou Manuel Pérez, que vivía na parroquia de Lagartóns. Gustaríame, se vive, saber del.



Saltando a valla no paseo da Ferradura.

rada da monumental e incomparable catedral compostelá, depáralle o terceiro posto na liña de chegada baixo os centenarios carballos da formidable carballeira de Santa Susana.

Un mes máis tarde, o día 18 de febreiro de 1968, José Simaes desprázase á cidade de Pontevedra para disputar, nun circuíto do antigo barrio de pescadores da Moureira, a súa primeira carreira na categoría de afeccionado de segunda (hoxe chamada sub23), na modalidade de ciclocrós. Quedou de cuarto e gañou o ciclista porriñés Horacio Barros, consumado especialista nesta modalidade.

José Simaes, ao que se lle alegran os ollos cando fala de ciclismo, tamén me comenta que naqueles tempos de escaseza pero de moito ánimo e forza de vontade (tamén vividos na súa etapa de ciclista de competición por quen isto escribe) o medio de transporte que utilizaba para ir ás carreiras era o tren (un servidor pedíalle aos condutores da Estradense que lle levasen a bici na baca dos autobuses), que collía cando o día aínda non espertara na estación de Pontecesures, despois de chegar a ela en bici dende a súa casa. Se o lugar da celebración das probas non tiña camiño de ferro, precisaba ir, como tamén fixo este cronista, na bicicleta de San Fernando,



Disputando, o 18 de febreiro de 1968, a súa primeira carreira na categoría de afeccionados de segunda (hoxe chamada sub23), na modalidade de ciclocrós no barrio pontevedrés da Moureira.

un pouquiño en bicicleta e outro pouquiño bicicleteando (e outro tanto á volta).

Nunha ocasión, subindo pola estrada Padrón-Noia a longa costa de Augas Santas para participar nunha carreira na vila noiesa, sentiu por detrás o ruído do motor dunha moto trenqueante que se lle aproximaba e, cando pasaba á súa altura, pediulle ao motorista que o levase. Meu dito meu feito, o piloto atendendo a solicitude de axuda do ciclista, para o seu vehículo e transpórtao ata o seu destino, co cal, malia que José tivo que levar a súa bici todo o tempo no seu om-

bro sentado incomodamente no asento de detrás da moto, chega algo máis descansado á liña de saída, que se o fixese pedaleando.

Estas peripecias e penurias ciclistas rematan en maior ou menor medida o 22 de abril do ano 1968, cando o noso ciclista viaxa a Vigo nun autobús pagado pola Federación Galega de Ciclismo, para trasladarse nun moderno autocar ao día seguinte a Madrid, onde, ao ser seleccionado co equipo ciclista de Pontevedra, xunto con Horacio Barros e Serafín González, vai disputar o Campionato de España de fondo en estrada na categoría de afeccionados. O bravo e teimoso corredor esta vez non ten que comer bocadillos fríos, pois instálase cos seus compañeiros de expedición no Hostal Ivor da capital, situado na rúa Arenal 24, lugar que hoxe, despois de tantos anos transcorridos, aínda segue.

O campionato chamado daquela (estamos no franquismo) de Educación y Descanso, celebrado os días 28 e 29 de abril, constaba de dúas etapas. A primeira, con 164 quilómetros de percorrido, incluía as duras ascensión aos portos de montaña de Navacerrada e La Morcuera. No primeiro, malia estarmos a finais do mes de abril, a carreira tívose que neutralizar por mor da neve (bieito tesouro, que hoxe non é tan abundante), desviándose a serpe multicor por Colmenar. O gañador foi o ciclista ponferradino, que logo foi profesional (co que competiu varias veces quen isto escribe no Premio Inauguración en Santiago) Emilio Villanueva, chegando o bravo ciclista estradense José Simaes, que pronto se faría «madriestradense»,



O ano 1968 José Simaes instálase no Hostal Ivor de Madrid co seus compañeiros seleccionados para disputar o campionato de España de estrada de afeccionados.



José Simaes o ano 1970 á cabeza dunha escapada na Vuelta a Segovia de aficionados.

no posto 45 do pelotón. Na seguinte tirada o ciclista de San Miguel de Barcala entra na 41 posición e o porriñés Horacio Barros chega á liña de meta na 44 posición.

Ao rematar esta proba, mentres que os seus dous compañeiros de equipo regresan a Galicia, o intrépido José Simaes Dios decide quedar en Madrid, porque a súa aspiración de xuventude era chegar a ser corredor ciclista profesional, obxectivo que, malia que difícil, considera máis factible na cidade *del oso y del Madroño*.

Cunha man diante e outra detrás e moita ilusión por converterse en ciclista e de vivir desta actividade deportiva, o primeiro que busca, porque os ciclistas tamén comen, é un traballo co que gañar o pan e de alí a uns días vemos o noso biografiado cun mono azul traballando nun taller de chapa e pintura (tiña experiencia dabondo ao traballar antes na de Igrovi). Como o Hostal Ivor lle resulta demasiado caro, pasa a residir noutras rúas madrileñas menos céntricas e combina, como pode, as súas maratonianas xornadas de traballo (que tiñan o horario que lle daba a gana ao seu xefe) cos adestramentos. Aínda que non pode adestrar todo o que quere, o noso voluntarioso ciclista (para practicar este duro e esforzado deporte cómpre selo) durante os anos 1968 (o primeiro da súa estadía en Madrid) e 1969 participa en moitas carreiras celebradas na provincia. Nese ano coñece súa media laranxa, a guadalaxareña Milagros, coa que tivo dúas fillas


O ano 1970 o ciclista nado na parroquia de San Miguel de Barcala gaña o Campionato de España por equipos para afeccionados en pista celebrado no desaparecido Palacio de Deportes de Madrid.

e vive en amor e harmonía dende hai case 50 anos. Este feliz encontro converteu a José definitivamente en «madrigalego».

No ano 1970, participa, entre outras moitas probas, na Vuelta Ciclista a Segovia por etapas, celebrada os días 25, 26 e 27 de xuño, onde compite, cóbado con cóbado, con varios corredores que logo acadarían o profesionalismo, caso, de José Luis Viejo, que chegou a gañar unha etapa do Tour de Francia o ano 1976. Na selectiva Vuelta Ciclista a Segovia de afeccionados o ciclista estradense, á parte de medirse con corredores da talla de Viejo, participa en varias escapadas. Ese mesmo ano José proclámase campión de España por equipos de pista coa selección de Madrid no Palacio de Deportes da cidade, hoxe convertido no Wizink Center.

En 1971 o corredor «madrigalego» ou «madriestradense» ficha polo lendario equipo La Casera-Bahamontes e disputa por segunda vez o Campionato de España de pista para afeccionados quedando de segundo. Cando está pasando un período doce como ciclista, posto que anda coma unha moto, *la mili lo llama* e ten que interromper a súa vida deportiva. O día 18 de xullo viaxa a Viator, Almería para facer a instrución militar. Despois de tres meses de campamento,





En 1971 queda subcampión por equipos no mesmo campionato e escenario.

tócalle Melilla. Atrás deixa no andar madrileño da súa tía Carmen, coa que xa vivía había un tempo, a súa noiva de aceiro aparcada e garda a súa noiva de carne e sentimentos no seu pensamento de home namorado. Coa primeira se reencontrará despois de 23 ou 24 anos e á segunda abrázaa en canto pode. A estancia no exército depáralle, como era de esperar, novidades importantes. Empeza a fumar e a engordar. Para máis inri tócalle estar na cociña e come tanto que ten que tirar a roupa que antes lle servía.

O día catro de novembro do ano 1973, *blanca y fragante va la novia*, casa co seu amor. Como sucede a miúdo nestes casos, á súa

vida faise máis familiar e sedentaria. Por se non abondase, a súa desposada Milagros cociña marabillosamente ben e o noso ciclista, que non se acorda da bici naqueles días de amor, *vino y rosas*, seguirá acumulando quilos durante vinte e catro anos.

Un día nun hotel de Cáceres, onde se hospedaba despois dun duro día de traballo como comercial, ao saír da ducha ve un home moi gordo que se parece a el do que penduran uns grosos *michelines*. Perante esta revelación, José Simaes cae, cal Pablo



No ano 1971 *la mili lo llama*.



José e Milagros o día da súa voda.



O noso ciclista no Campionato de España de bicicletas BTT, celebrado en Sierra Nevada o ano 1995.

de Tarso, do seu cabalo e compra unha bici BTT nunha tenda especializada de Rivas-Vaciamadrid.

Ao principio só sae con ela os sábados e os domingos. Despois sácalle máis horas ao seu traballo e o ano 1994 comeza a competir en carreiras non federadas. Produto da súa planificación e constancia vai perdendo peso e collendo forma e, xa federado, o seis de agosto do ano 1995 compite no Campionato de España de BTT en Sierra Nevada, terminando a carreira no posto trinta e seis.

Na mesma especialidade, o vinte e sete do mesmo mes gaña na provincia de Madrid o III Trofeo Moraleja de Enmedio.

Esta primeira carreira gañada na súa segunda etapa deportiva, despois da súa longa travesía polo deserto deportivamente falando, vese completada co triunfo da súa filla Rocío e a segunda posición



En 1995 José Simaes consegue a súa primeira vitoria na segunda parte da súa vida deportiva na especialidade de BTT na localidade de Moraleja de Enmedio.

No ano 1996 volve a Sierra Nevada e logra no seu segundo campionato de España de bicicletas de BTT, tamén coa selección de Madrid, un meritorio quinto posto.

acadada pola súa outra descendente Noelia na categoría de féminas. Ese día deberon regresar cantando porque a familia conseguiu tres trofeos, fazaña que foi vixiada por Milagros, nai e esposa, que esa xornada sentírase especialmente orgullosa.

O 29 de xuño do ano 1966 volve a Sierra Nevada e logra, no seu segundo campionato de España para afeccionados de bicicleta de montaña, con neve áinda nos cumios granadinos, unha moi meritoria quinta posición, despois de terse que parar a beber, debido a intensa calor reinante, nos arroios que baixaban cantariños e lizgairos dos altos cumes da serra andaluza.

En 1998 o ciclista barcalés ficha polo equipo Megamo da capital de España e con 49 anos de idade gaña o seu primeiro Open BTT de Madrid na categoría de máster 40. Ao ano seguinte é terceiro na xeral final do Open de España BTT celebrado na localidade toledana de Ocaña. O ano 2001 volve competir en ciclocrós, a especialidade



José Simaes Dios, o ciclista estradense incombustible e eterno



En 1998 Simaes ficha polo equipo Megamo de Madrid e con 49 anos gaña o seu primeiro Open de Madrid de BTT por equipos na categoría de máster 40.



O ano seguinte, 1999, clasifícase de terceiro na xeral final do Open de España BTT, celebrado na localidade toledana de Ocaña.



En 2001 volve ao ciclocrós, e sobe ao podio como segundo clasificado no Campionato de España na categoría de máster 50 na localidade alavesa de Durana (foto Gonzalo Sanmartín).

ciclista que tan ben se lle dera na primeira parte da súa etapa deportiva, e sobe ao podio como segundo clasificado e medalla de prata no Campionato de España na categoría de máster 50 na localidade alavesa de Durana.

O teimoso, loitador, ordenado e metódico ciclista estradense naturalizado en Madrid segue adestrando, correndo carreiras, adelgazando e perfeccionándose e sobe ao más alto do podio como campeón de España de ciclocrós máster 50, celebrado o día 11 de xaneiro do ano 2002 na localidade asturiana de Sotredio, despois dunha carreira épica chea de barro, esforzo e neve. Uns días máis tarde, o vinte e cinco do mesmo mes, disputa, na cidade belga de Mol, próxima á fronteira cos Países Baixos, o Campionato do Mundo. Despois dunha caída finaliza a carreira no vixésimo posto da elite mundial da especialidade. En 2005, o ciclista madriestradense proclámase cam-

José Simaes Dios, o ciclista estradense incombustible e eterno



José Simaes Dios proclamouse campión de España no ano 2002, en máster 50, na localidade asturiana de Sotresrio (foto Ricardo Terceiro).



No ano 2002 disputando, co lago Zilvermeer de fondo, O Campionato do Mundo de ciclocrós na cidade belga de Mol.

pión de Madrid de ciclocrós na localidade de Coslada. O ano seguinte, José Simaes, que non para de competir e adestrar, viaxa á súa Galicia de nacenza e gaña, por terceira vez o Campionato de España de ciclocrós na localidade pontevedresa de Ribadumia, obtendo a correspondente medalla de ouro e unha fermosa figura de cerámica de Sargadelos.

Os anos pasan e en 2010 cambia de categoría de máster 50 a máster 60. O noso ciclista viaxa dende Madrid



En 2005, o ciclista madriestradense proclámase campión de Madrid de ciclocrós na localidade de Coslada.



O ano 2006 José Simaes proclámase por terceira vez campión galego de ciclocrós máster 50 na localidade pontevedresa de Ribadumia.



a Padrón e gaña, a uns sete quilómetros da súa parroquia de nacenza, a segunda carreira da Copa de España de ciclocrós o vinte de novembro, proba na que tamén participa o seu irmán Manuel, que segue practicando. Ao día seguinte José, todo entusiasmo e forza de vontade, sae da vila de Padrón rumbo á asturiana de Navia co tempo xusto de tomar a saída na seguinte proba puntuable da devandita Copa, chegando de segundo á meta. Ese ano tamén consegue no mes de xullo o título de Campión de España de BTT en Montjuich, Barcelona e é

O vinte de novembro do ano 2010 gaña en Padrón a segunda carreira da Copa de España de ciclocrós na categoría de máster 60.



Ao día seguinte fai segundo na localidade asturiana de Navia (Asturias), na terceira proba puntuable para a devandita Copa de España

segundo no Campionato de España de ciclocrós disputado en Zamora o oito de xaneiro do ano 2011.

En 2011 proclámase campión de España de BTT máster 60 na localidade madrileña de Becerril de la Sierra o día 16 de xullo



No mes de xullo do ano 2010 acada o título de campión de España de BTT en Montjuich, Barcelona.



O oito de xaneiro do ano 2011 queda de segundo no Campionato de España de ciclocrós máster 60 en Zamora.



Vencedor no ano 2011, como campión de España de BTT, máster 60, en Becerril de la Sierra, Madrid.



Campión de España BTT en Lorca, Murcia, ano 2012.

nunha xornada de calor abafante. O ano seguinte volve conseguir este título na localidade murciana de Lorca, que repite en 2014 en Panticosa, Huesca. En 2015 volve subir ao podio, esta vez como campión de España máster 65 de ciclocrós, na localidade cántabra de Torrelavega, triunfo que repite no ano 2016 en Valencia, quedando



Para non variar, en 2014, Simaes tamén venceu en BTT na localidade oscense de Panticosa.



No ano 2015 no máis alto do podio coa camisola de campión de España máster 65 de ciclocrós en Torrelavega.

de segundo o ano seguinte, 2017, na localidade guipuscoana de Legazpi, nunha carreira na que o seu peor rival foi o barro.

Chegado o ano 2018, gaña a súa primeira medalla internacional, obtendo o bronce no Campionato de Europa de ciclocrós na cidade de 's-Hertogenbosch, nos Países Baixos e queda, cambiando a difi-

José Simaes Dios, o ciclista estradense incombustible e eterno



Remontando, no ano 2016, ao segundo clasificado no Campionato de España de ciclocrós celebrado en Valencia.



No Campionato de España de ciclocrós 2017, máster 65, celebrado en Legazpi, Simaes obtén a medalla de prata despois de loitar contra o barro.




O noso ciclista no ano 2018 loitando coa area no Campionato do Mundo de ciclocrós en Mol, Bélxica.

cultade do barro pola dificultade da área á hora de enfrentarse aos elementos naturais, cuarto no Campionato do Mundo de Ciclocrós máster en Mol, Bélxica. Ese mesmo ano viaxa a súa Galicia natal e queda no terceiro posto, obtendo a medalla de bronce, no Campionato de España, tamén na modalidade de ciclocrós, celebrado na cidade de Pontevedra, onde sobe ao podio co seu netiño Rubén. En 2019, teimudo, perseverante e organizado, José Simaes volve acudir á localidade belga de Mol onde queda outra vez de cuarto no Campionato do Mundo de ciclocrós e na madrileña de Coslada dá por finalizada a súa participación en carreiras

No ano 2018 Simaes obtén a medalla de bronce no Campionato de España de ciclocrós en Pontevedra, e sobe ao podio ao seu netiño Rubén.





oficiais, aínda que non abandona a súa, como diría o escritor Miguel Delibes, querida bicicleta.

Nos anos seguintes o ciclista madrigalego da Estrada recibe diversas homenaxes na provincia de Madrid e colabora con varias escolas de ciclismo nas que transmite aos rapaces amantes da vida sa e das bicicletas os seus coñecementos acumulados despois de tantos anos de dedicación ao ciclismo. En 2023 publica o seu libro biografía titulado *Mi pasión por el ciclismo*.

Como lle quedara unha espiña cravada no seu corazón e no seu orgullo de ciclista de raza de non ter gañado unha medalla nun Campionato do Mundo, o ano 2023 retoma os adestramentos e desprázase á cidade alemá de Hamburgo, onde, por fin, consegue a medalla de

FARO DE VIGO
JUEVES, 2 DE MARZO DE 2023

Ricardo Terceiro, uno de los grandes adalides del ciclismo estradense situó hace unos días a José Simaes "al lado de los que pusieron el nombre de A Estrada en el ciclismo nacional

e internacional: Blanco, Vence, los hermanos Constenla, Marqué, Óscar González o Cristóbal Dios". Quizás esa pueda ser la mejor carta de presentación para un ciclista eterno.

Simaes, el ciclista eterno

El estradense de 74 años publica su autobiografía, en la que recoge sus más de 600 carreras y 22 medallas nacionales

LOIS DOCAMPO
A ESTRADA

"Naci en A Estrada, un municipio pontevedrés, un 21 de junio de 1949. Mis primeros pasos en el deporte fueron en el fútbol y la pesca, para acabar aficionándome al ciclismo. En aquella época no había entrenadores personales ni nadie que te aconsejase cómo entrenar o a planificar carreras como hay ahora. Tampoco había escuelas de ciclismo. Cada uno aprendía como podía". De esta forma comienza la historia de José Simaes, un estradense afincado desde hace más de 40 años en Madrid. El de Barcala sin embargo siempre ha sido recordado en un pueblo cuyo nombre siempre llevó consigo a lo largo de una trayectoria deportiva de más de 60 años.

En este tiempo y a pesar de un largo parón, Simaes disputó más de 600 competiciones, logrando 22 medallas en campeonatos nacionales de ciclocross, la que siempre fue su modalidad preferida, nueve de ellas de oro. Ahora, a sus 74 años, Simaes ha decidido dejar su historia escrita, con una autobiografía en la que contó con la ayuda del periodista Germán Rodríguez.

Tras ella se esconde un largo trabajo de recopilación, especialmente a la hora de documentar las competiciones en las que participó en su primera etapa, la desarrollada en tierras gallegas (entre 1965 y 1971). Junto a ellas, imágenes antiguas que llevan a una época en la que el ciclismo distaba mucho de los que es hoy en día.

Entre ellas se encuentra la primera carrera, en A Estrada, en la que fue tercero absoluto. Simaes también recuerda la influencia de su vecino Jo-



José Simaes posa con su autobiografía recién publicada.



Dos imágenes de los comienzos y de la última carrera del ciclista estradense.

sé Antonio Otero, un ciclista amateur que lo animó y ayudó a descubrir este deporte y que falleció poco después atropellado por un camión mientras entrenaba. Entre 1971 y 1994 Simaes vivió un parón en su vida deportiva, retomándola después,

ya afincado en Villaviciosa de Odón hasta su retirada en 2019.

El precio del libro es de 20 euros tiene 294 páginas y puede adquirirse en el correo electrónico simaoes@hotmail.com o a través de su Facebook personal José Simaes.

Recorte de prensa do xornal *Faro de Vigo* sobre o seu libro, nunha reportaxe asinada polo xornalista deportivo estradense Lois Docampo.

bronze na categoría de máster 75 de ciclocrós nunha carreira épica marcada polo frío, o xeo e a neve, subindo unha vez máis ao podio dos elixidos dunha carreira que gañou, obtendo a correspondente medalla de ouro, nada menos que o exciclista profesional alemán Klaus Peter Thaler, vencedor de varias etapas do Tour de Francia e da Vuelta Ciclista a España.

Rematada a súa dilatada carreira deportiva (aínda que no incombustible José Simaes nunca se sabe) o ciclista estradense e madrileño, nado na parroquia de San Miguel de Barcala vive, por e para o ciclismo e para a súa familia na súa fermosa casa da localidade madrileña de Arroyomolinos, pegada á capital, rodeado das súas queridas medallas, primorosamente expostas nunha fermosa e ben planificada vitrina e das súas camisolas de campión de España de ciclocrós e dos seus numerosos trofeos.



As medallas conseguidas por José Simaes ao longo da súa dilatada vida deportiva como ciclista de competición.



No ano 2023 en Hamburgo, Alemaña, loitando contra o frío, o xeo e a neve no Campionato do Mundo de ciclocrós.



Contento e feliz, despois de lograr a medalla de bronce no Campionato do Mundo en Hamburgo.



As camisolas acreditativas dos seus campionatos de España de ciclocrós e a súa numerosa colección de trofeos.

Hai pouco que quen isto escribe se reuniu na Estrada con José Simaes Dios e con Manuel Blanco Garea, outro ciclista estradense notable, que biografiamos no número anterior desta publicación, uns dos mellores ciclistas profesionais de España na súa época; venceu, entre outros triunfos importantes, nunha etapa da Vuelta Ciclista a España e doutra da Vuelta a Colombia no incomparable e duro marco dos andes colombianos. Pola súa banda, Fernando Cabeza Quiles foi subcampión de Galicia en fondo en estrada na categoría máster.



Trío de ases estradenses, de esquerda a dereita os ciclistas José Simaes Dios, Manuel Blanco Garea, exciclista profesional, que acadou, entre outras vitorias, unha etapa da Volta ao País Vasco, e Fernando Cabeza Quiles, o autor desta reportaxe, que foi subcampeón galego de fondo en estrada.



Manuel Blanco Garea nos seus anos mozos cun estupendo estilo sobre a bicicleta disputando a terceira etapa da Vuelta a Levante do ano 1973.



Fernando Cabeza Quiles, disputando un gran fondo ciclista en Portugal o ano 2016. O ciclista que aparece á súa roda, tamén con gafas de sol, é Manuel Zeferino, corredor luso que gañou a Volta Portugal do ano 1981.



Fundacións asistenciais nas parroquias do Ulla: os montes de piedade de Berres e Vea e a escola de primeiras letras de Paradela

Damián Porto Rico

damian.portorico@hotmail.com

Resumo. As funcións asistenciais asumidas no chamado Antigo Réximen por particulares e, en especial, membros do clero, suplían as que lle corresponden a un Estado moderno, por exemplo, nos eidos da Sanidade ou da Educación. Alén das fundacións de misas, capelanías, misións... había outras de índole máis terrenal e cun marcado carácter de solidariedade veciñal, coma os montes de piedade frumentarios nas parroquias rurais ou as escolas de primeiras letras xurdidas ao abeiro de iniciativas particulares.

Abstract. Welfare functions of a modern state, in the fields of public health or education, were taken up by individuals, specially by members of the clergy, during the so-called Old Regime. Apart from masses, chaplaincies and missions, there were other worldly foundations of local solidarity, such as the *Monti Frumentari* (grain banks) in rural parishes or the first letters schools set up by private initiatives.

A historia é logo, sobre todo a nivel práctico-social, unha parte de ideoloxía. O historiador é un artesán do traballo ideolóxico, que ten como fin máis importante o xustificar, a través dunha serie de mecanismos vastos ou complexos, segundo o tipo de sociedade, a necesidade da orde do mundo e da organización da sociedade máis ou menos tal como é.

O historiador crea o produto. O seu cliente, o Estado, é quen o consume extendéndoo a través do ensino.

XOÁN CARLOS BERMEJO BARRERA.
Psicoanálise do coñecemento histórico

Introdución

A tarefa máis complicada á que se encontra obrigado calquera estudo sobre as fundacións e as obras pías é a de definilas: obra pía é toda aquela creación piadosa que a devoción dun fiel institúe, ben ao longo da súa vida, ou no momento final da mesma. Adoita aplicarse particularmente este título a aquellas que nacen coa intención de teren unha permanencia no tempo. As posibilidades son enormes, dependendo, non só das intencións do fundador, senón tamén da

súa imaxinación e –sobre todo– das súas posibilidades económicas. González Lopo establece unha atinada clasificación xenérica das obras pías/fundacións, que poden ser de culto (dotación de lámpadas para iluminar ao Santísimo Sacramento, novenas, creación de xubileos e misións), de beneficencia (aqueles que crean esmolas ou actos de caridade como asignacións para orfas, escolas, vestir pobres...) e de misas (as fundacións más frecuentes e normalmente ningunha das outras nace sen ir acompañada destas)¹. Todas as figuras anteriores supoñían moitas das veces a amortización ou vinculación de bens que quedaban así fóra dos circuitos comerciais habituais²; e así mesmo todas caeron baixo os anceios desamortizadores da Coroa e dos gobernos, que tenderon a limitar a entrada de propiedades nesta sorte de mans mortas: Carlos III prohibiu fundar morgados e perpetuar o alleamento de bens raíces sen contar con real licenza; Carlos IV outorgou facultade aos posuidores de morgados, vínculos e padroados de legos para allear os bens das súas dotacións, colocando o producto na Real Caixa de Amortización ao rédito do 3%; e por real cédula de 19 de setembro de 1799 dispuxo a venda de todos os bens pertencentes a obras pías, memorias, padroados de legos, confraríais...

A figura dos montes de piedade (así chamados na documentación orixinal que manexamos) aquí analizados, difire un pouco da definición más aceptada para estas fundacións, posto que non se trata de institucións de crédito ou préstamo monetario as que analizaremos: debemos ter presente que a circulación de moeda nesas datas non era, nin moito menos, tan común coma hoxe en día. Máis acertado sería definilos como arcas de misericordia ou arcas frumentarias, ao xeito das establecidas noutras reinos da Península, e que terían a súa orixe na caridade plantexada na moral cristiá como unha das virtudes teologais e na predicación franciscana nas cidades e repúblicas de Italia sobre todo no século xv. Na Península Ibérica fanse

¹ González Lopo, D. Un aspecto de la mentalidad religiosa gallega de los siglos XVII y XVIII: «La fundación de Obras Pías». En *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González* (tomo I). Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade, 1987. Do mesmo autor é más que recomendable o seu magnífico estudio *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002.

² Acontecía o mesmo cos morgados ou vínculos familiares.

comúns xa ao longo de todo o século XVI as mandas testamentarias nas que o defunto dispón a entrega de certa cantidade de gran aos más necesitados logo do seu pasamento³. Serán estas figuras e disposicións o xermolo dos posteriores pósitos municipais⁴.

O máis coñecido monte de piedade no ámbito da monarquía hispana foi o creado en Madrid no século XVIII polo padre Piquer e que serviría de modelo aos que xurdiron despois co obxectivo de proporcionaren unha alternativa aos préstamos con elevados xuros. E con menor fama (e percorrido) teríamos en Galicia, por exemplo, o montepío para pescadores argallado por Xosé Cornide Saavedra⁵.

O caso é que baixo esta denominación de *montes de piedade* se xeraron toda unha serie de fundacións con importantes diferenzas nos seus fins: nas cidades adoitaban conceder préstamos en metálico sobre prendas; nas zonas rurais como as que nos ocupan o que se prestaba era gran. No ámbito eclesiástico máis inmediato merece mención, por exemplo, o monte de piedade creado no mosteiro de Santa María de Aciveiro en 1745⁶; malia que se trata dunha fundación erixida en beneficio da propia orde de San Bernardo (que contaba cando menos con outro no mosteiro de Santa María de Monfero⁷) coa finalidade de poder solventar as necesidades económicas que lle xurdiran⁸. Non se trataba de montes de piedade que pretendesen acadar un ben público ou aliviar as necesidades dos veciños.

Os casos dos montes de piedade das parroquias galegas achéganse á tipoloxía das memorias testamentarias: son fundacións realizadas a título particular que aspiraban a paliar a necesidade de gran dos veciños no tempo da sementeira, con independencia de seren ou non familiares ou descendentes dos fundadores; non nacían para socorrer ou axudar aos parentes (como acontecía cos morgados, vínculos ou

³ Por exemplo no testamento de Fernán Domínguez Lobato en 1504: *Ítem mando que den por Dios quince fanegas de trigo [a] aquellos que mis albaceas vieran que más lo han menester.* A. H. D. S. Fondo do Provisorato. Unidade de instalación PR100000.

⁴ Non serían tampouco arcas de esmolas, posto que non se esixía o depósito de prenda algunha para obter o crédito.

⁵ Cornide Saavedra, J. *Informe sobre todos la pesca de sardina en las costas de Galicia I...J.* Madrid: D. Joachín Ibarra, 1774. <http://biblioteca.galicianiana.gal/es/consulta/registro.do?id=3098>.

⁶ A. H. N. Sección Clero, L. 9919.

⁷ A. H. N. Sección Clero, L. 3084.

⁸ Muñoz Serrulla, M. T. «Montes de piedad eclesiásticos y particulares (s. XVIII-XIX): usos monetarios». En *Hispania Sacra* (LXI, 2009).

capelanías), senón cunha finalidade pública e alcanzando a calquera parroquiano que o precisase.

A súa administración e xestión implicaba normalmente ao mordomo da fábrica parroquial, aínda que podían ter un organigrama cun desenvolvemento máis complexo e mesmo unha contabilidade diferenciada con libros propios. De feito a importancia e entidade destas institucións revélase na documentación xerada que chegou aos nosos días: nas súas contas e visitas (separadas das da fábrica parroquial), na presenza de mordomos, depositarios ou procuradores, na existencia de mandatos ordenando que se elaborasen arcas con pechaduras para o gran, na reiteración de disposicións tendentes á devolución do cereal polos morosos.

Nas chamadas idades Media e Moderna, un único ano de mala colleita podía significar o preludio de pandemias e a porta da mortalidade, afundindo á poboación nun estado de miseria irreversible: o século XVII Galicia padeceu un exceso de choivas que provocaron anos de fame, agravados polas guerras con Portugal. Foron moitas as rogativas efectuadas en todas as dioceses para que cesase o mal tempo, producíndose o período de maior mortaldade entre 1693 e 1695; mesmo o bispo de Ourense, Damián Cornejo, decretou a apertura das tullas dos mosteiros de Oseira, Montederramo, Ribas de Sil, Celenova e Xunqueira de Ambía para que os campesinos tivesen algo que comer⁹.

Cómpre lembrar a creación de locais asistenciais polas comunidades monacais para atender a viaxeiros e enfermos sen recursos ao longo do camiño de Santiago; iniciativa que se diversificou orixinando outros tipos de beneficencia e solidariedade, devalando entre as confrarías que socorrían aos veciños na hora da morte e a creación de montes de piedade ou escolas de primeiras letras; obras pías sempre vencelladas a capelanías ou a memorias de misas e que adoitaban xurdir das últimas vontades do reitor. Velaí outros exemplos da xeografía galega de datación e características similares aos que veremos con máis detalle: en Santa María de Beán o que foi párroco e comisario do Santo Oficio da Inquisición Xoán Mosqueira fundara

⁹ Saavedra Fernández, P. *La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad*. En F. Rodríguez Iglesias (Ed.), 1991.

a capelanía de San Xoán Bautista, que se halla arrimada al cuerpo de la iglesia y lado del evangelio comunicándose por un arco de cantería, e un monte de piedade mediante o seu testamento de 1615. Dotouno con 40 cargas de pan para repartir cada ano entre os veciños máis desfavorecidos do seu beneficio coa obriga de voltalos nos meses de agosto e setembro. Pola esterilidade do ano 1710, no 1711 áinda estaba o cereal en poder dos fregueses. En Santa Baia de Abegondo xa existía en 1604 a memoria de misas establecida polo reitor Bertomeu Barros, que tamén fundou un monte de piedade mandando se mercasen 100 ferrados de centeo e miúdo *para que se den a los feligreses [...] a los necesitados por abril y mayo y lo vuelvan por agosto y septiembre en pan; y que den con cada dos ferrados una cunca de pan para las mermas.* En Santa María do Azougue de Betanzos radicaba a obra pía establecida polo reitor Xoán Latas, dotada con réditos de censos *para que se diese de limosna su producto a pobres vergonzantes de la dicha parroquia.* Tamén nesta cidade estaban a cátedra de Latinidade *para estudio y cátedra de Gramática* establecida polo bacharel Xoán Fernández Pereira mediante o seu testamento de 1608 e a obra pía fundada por Xoána Díaz Lemos para casamento de orfas...

O monte de piedade de Santo André de Vea

As primeiras novas fidedignas dun monte de piedade que temos na nosa comarca parten da obra do cardeal del Hoyo, redactada no primeiro cuarto do século XVII, referíndose á parroquia de Santo André de Vea:

En esta iglesia dexó Esteban de Castro, retor que fué della, treinta cargas de pan de renta para que se repartan entre los pobres desta felegresia y de la de San Giao, su anexo y de San Jorge de Vea y de Santa Maria de Frades; dexó más cincuenta cargas de pan para una arca de misericordia; las sesenta se presentan en esta iglesia y su anexo y las quarenta en San Xurxo y Santa Maria de Frades. Parte de las treinta que se reparte entre pobres se reduxo a dinero en cenzo; dánse al visitador del Arcebispado de Santiago, por visitar esta obra, treinta reales, y veinte y cuatro por cuatro misas que se dicen el día que murió el dicho Esteban de Castro, dos en esta iglesia y dos en la de san Xurxo¹⁰.

¹⁰ Hoyo, J. del. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto Editores, 1971. (Edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome. Transcripción do manuscrito orixinal que se guarda no Arquivo da Mita Compostelana; AHDS, Fondo Xeral, leg. 496).



Santo André de Vea. Igrexa parroquial.

Sabemos entón que foi creación do bacharel Estevo de Castro, que

dejó 20 cargas de pan de renta y 12 ducados de censo, para repartir anualmente a los Pobres de esta feligresía y del anejo. Y además de ello dejó otras 100 cargas de pan para que de ellas se prestasen 60 a los vecinos de esta feligresía y del anejo; y 40 a los de San Jorge de Vea y su anejo.

Malia que tamén nos consta que estas últimas foron vendidas por mandato do arcebispo Andrade para facer unha cruz de prata co seu produto, considerando que o culto

estaría así mellor servido, áinda que fose en detrimento dos máis necesitados. Anos despois, na visita arciprestal de 1746, dise que

de todas las demás sólo quedaron, según refieren las anteriores Visitas, 115 ferrados y 10 reales y medio [...]. Se mandó continuar, y que [...] el rector procure recobrar la renta que pudiere [...] dando cuenta al Fiscal, y usando para ello de los 481 reales que tiene depositados en poder de Juan Caramés¹¹.

Cónstanos pola documentación parroquial que entre os necesitados de Santo André de Vea continuaron a repartirse até o ano 1805 uns 77 ferrados de gran (centeo e millo): nese ano a lexislación desamortizadora da coroa española deu conta do monte pío, que según as nosas pescudas podería remontarse mesmo ao século XV, constituíndose como unha das máis antigas fundacións desta caste.

¹¹ A. H. D. S. Fondo Xeral do Arcebispado. Sobre visitas a arciprestados. Unidade de instalación 1267.

O monte de piedade de San Vicenzo de Berres

Na parroquia de San Vicenzo de Berres existía cando menos desde comenzaos do XVII un monte de piedade fundado polo cóengo da catedral de Compostela Pedro García, dotado con gran para repartir, *que son treinta fanegas de pan que se prestan en cada un año a las personas necesitadas.* Vinte das fanegas eran de centeo e dez de millo miúdo. A primeira nova desta fundación data do 15 de outubro de 1625 e o reparto estaba en mans do mordomo fabriqueiro, aínda que debía facelo con asistencia do reitor.

O creador deste legado pío podería ter sido Pedro García de Pedraza (1499-1505), Pedro García o Vello (1532-1567) ou máis ben Pedro García o Mozo (1563-1598); aínda que na visita parroquial de 1655 afírmase deste monte de piedade que *xamás hasta ahora se pudo hallar fundación, polo cal e atento el poco útil que reciben los vecinos de dicho monte de piedad, pues no hay persona que tenga cuidado de administrarlo respecto que le falta la fundación,* considerouse a súa disolución.

Porque o maior problema para o sostemento desta institución radicaba no reintegro do gran: os primeiros debeñores xa son amenazados coa excomuñón na visita de 1627 se non o voltaban no prazo de dez días. Posto que o sistema consistía en prestarlle o gran aos



Berres. Igrexa parroquial.

veciños necesitados del polos meses de abril e maio –coincidindo ca tempada de sementeira– e solicitar o seu reintegro en agosto ou setembro e estaba *a cargo del mayordomo que es o fuere de la fábrica*, presentábase unha certa problemática: obviamente a recadación do gran (ben polo mordomo ou polo propio reitor apremiado polos mandatos das visitas parroquiais) entre os seus veciños non debía ser unha tarefa doada de executar sen xenerar tensións inasumibles na parroquia. Nas contas de 1631 figuran tres reais duns pedimentos para reclamar o pan do monte de piedade; e do 1632 é un memorial con máis de medio cento de debedores de millo e centeo. Poucos anos despois, nas actas da visita do ano 1654 o reitor, logo de ser apremiado á cobranza dos morosos, afirmaba:

no hallo fundamento de dicho monte de piedad para cobrarlo [] se ha consumido y gastado y no parece medio por donde se pueda llevar a debida ejecución.

Coa mudanza de párroco, en 1663 vótase a esixir a cobranza do gran aos fregueses que non se puidera facer antes *por la flojedad del rector [...] ni su merced puede castigarle por haberse muerto*: mándose incluso proceder con censuras contra os debedores y *apercibiéndoles que pasado dicho término vendrá Ministro a hacérselo cumplir a su costa con quinientos maravedíes cada día*. Mais dous anos despois áinda seguían as fanegas repartidas entre os veciños, polo que o reitor foi conminado, baixo pena de excomunión, a que os obrigase a devolverlo. Aconteceu entón un episodio moi do gusto dos historiadores polo que representa como exemplo de resistencia da veciñanza contra os postulados e normas impostas polas clases dirixentes e afíns do altar e do trono, pois cando quixo proceder á cobranza

se levantaron todos los feligreses con grandísimo alboroto, no les faltando más que apedrearme, y diciendo, Alfonso de Oca y Juan de Batallán que me habían de quemar y que se habían de sentar en el coro, y no se había de cobrar dicho monte de piedad, que ya estaba comido y que ya habían juntado veinte o treinta hombres a cien reales cada uno, y que ellos le asentaran la mano para que no tratase de las confraderías y Monte de piedad y que las excomuniones de los visitadores no mataban, y que al clérigo le sobraba el Altar, y que allí estaba la audiencia, con que diciéndome fuesen testigos de lo que decían aquellos hombres, callaron todos.

Foi a pinga que rebordou a cunca da paciencia dos veciños e que fixo agromar tamén outras tensións presentes sempre no ámbito pa-



Berres. Antiga hórrea preto da igrexa e da reitoral.

troquial: coma o pagamento (obrigatorio na práctica) das confrarías ou a discriminación á hora de ocupar un lugar determinado na igrexa (non todos tiñan dereito a sentarse no coro do templo).

Mais en 1667 semella que o cura conseguira restaurar parte do gran do monte de piedade e a paz na freguesía. E no 1670 o visitador afronta un problema coa fauna local derivado do almacenamento na igrexa do cereal:

y por su merced reconocer que los granos no están con comodidad en dicha iglesia por en ella se criar algunos ratones, y por lo que puede suceder y que no se destruyan los ornatos que hay de los ratones, por tanto mandó su merced que el cura haga que se quite dicha arca de la iglesia.

O 21 de abril de 1681 escolleron por mordomo do monte de piedade a Pedro de Pazos, do lugar de Celeiróns, *por ser de los labradores más ricos de la feligresía*: para este tipo de cargos, así de confrarías como doutras fundacións, procurábanse persoas *abonadas* que contasen con bens suficientes para facerse cargo das posibles débedas. Aínda que conforme avanzaba o século foi esmorecendo a fundación (en 1684 unicamente quedaban 13 fanegas das 30 orixinais), sendo posible ler informacíons que apuntan mesmo a un aumento da produción agrícola que a fixo case innecesaria: *parece que de muchos años a esta parte no se ha cumplido ni repartido dicho monte de piedad por no necesitar del los vecinos y se ha ido disminuyendo*. En

1688 mándase ao reitor que faga averiguacións entre os más vellos da parroquia, ocasión que este aproveita para recordar que se lle debían 176 reais do litixio sobre esta fundación; e aínda no 1696 resta un despacho para don Domingos Magán, que debía pagar débedas ao monte de piedade¹².

Escola de Paradela e Barbude

Esta fundación data do 13 de abril de 1786 e perviviu até o bienio 1860-1861, datas nas que o Estado se incautou definitivamente dos seus bens.

Foi establecida polo reitor de Paradela e Barbude, don Manuel Bermúdez Castro, que morreu o 2 de xullo de 1786 sendo soterrado vestido con hábito franciscano ao día seguinte no presbiterio da igrexa de Paradela que rexentou:

El cuatro de julio de este año de mil setecientos ochenta y seis en la capilla mayor de la parroquial iglesia de Santa María de Paradela se dio sepultura al cuerpo cadáver de Don Manuel Bermúdez de Castro cura que ha sido de esta dicha feligresía y de la de San Martín de Barbude que falleció en la noche del día antecedente; recibió los Santos Sacramento de Penitencia, Eucaristía y Ex-trema Unción; hizo testamento por ante Bernardo Pose de Santiago vecino de San Juan de Santeles, jurisdicción de Vea. Asistieron a su entierro seis señores sacerdotes incluso yo Don Bernardo Antonio Cuervo Arango cura de Santa Marina de Ribeira, a quien como el más inmediato corresponde la administración de dichas parroquias mientras no se use del título de nuevo cura económico de ellas, el Reverendo Padre Guardián del Colegio de San Antonio de Herbón y otros religiosos de él, que por no habérseme exhibido copia de dicho testamento no se pone con más expresión esta partida. Fue amortajado en hábito de Nuestro Padre San Francisco, alba con su estola y más que corresponde como a tal cura párroco. Y para que conste lo firmo en la casa rectoral de Paradela. Bernardo Antonio Cuervo Arango¹³.

Posiblemente se trate do sacerdote orixinario de San Xiao de Poulo que recibiu órdenes sagradas entre 1729 e 1731, fillo de don Franciso Bermúdez Castro e de dona María Rosa Martínez e que xa antes do ecuador do século XVIII estaba cargo de Paradela e Barbude¹⁴.

12 A. H. D. S. Fondo parroquial de San Vicenzo de Berres. Unidades de instalación P003676 e P003677.

13 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa María de Paradela e San Martiño de Barbude. Registro de defuncións 1723-1830. Unidade de instalación P002644.

14 A. H. D. S. Fondo Xeral. Sagradas Órdenes. Unidade de instalación 625-23.




Paradela. Vista da reitoral e da casa escola.

A obra pía por el fundada pretendía a creación dunha escola de primeiras letras para nenos e nenas das dúas parroquias; e tamén unha dotación para as rapazas que casasen cumplindo coas normas morais e relixiosas establecidas nas cláusulas da fundación: os rapaces, ademais de aprenderen a ler, escribir e contar, debían instruírse na denominada doutrina cristiá; e as mozas casadeiras –como veremos– reunir certos requisitos relativos á súa fama e honra. A asignación para a escola era de 50 ducados por ano e outros 50 para a dote de rapazas.

Na visita de 1785 o reitor don Manuel Bermúdez Castro obtivo a licenza que pedira

para hacer en el iglesario una casa cómoda destinada a escuela y con el objeto de que los sucesores estén a la vista de si el maestro desempeña con exactitud su ministerio, respecto de que a este efecto declaró el cura que estaba y era su ánimo hacer una fundación perpetua con suficiente dotación para la educación de los niños, papel, plumas y tinta.

Por fortuna consérvase o *Testimonio yntegro [...] Ess^a de Fundación y Documentos [...] costeando una escuela para Niños, y Niñas,*



Paradela. Escudo da reitoral.

hijos de vecinos de ambas parroquias¹⁵, polo que sabemos que instituíu tamén unha dote para doncellas honestas de ambas parroquias sin excepción de alguna por ser Rica, ni Pobre sempre e cando reunisen as condicións esixidas e sen que llelos desen até pasados nove meses do casamento: sea excluída la Doncella, que antes de casarse con su marido, cause con él, ú con otro hombre nota y Escándalo en el Pueblo. Vemos o omnipresente

concepto de *honra* tan valorado no Antigo Réxime. A segunda condición expón que, no caso de entrar como relixiosa algunha filla de veciño, asimesmo se lle concedese a dote.

Os ingresos procedían da inxente masa de propiedades –ou por mellor dicir réditos– que foi acumulando o reitor ao longo da súa vida en diversas parroquias da contorna e que producían unha renda anual que se situaba por riba dos 1.200 reais. Dela resta pormenorizado inventario composto fundamentalmente por escrituras de compra de censos efectuadas polo reitor Bermúdez Castro que cargan sobre os seus bens multitud de veciños: Felipe e André Rebolelo, e María Antía Puga, de Santa Mariña de Ribeira obtiveron del 4.400 reais de vélaro sobre unha casa en Baltar co muíño inmediato e leiras. Tamén firmaron Manuel García e María Chico, de Santa María de Lestedo, escritura de 66 reais de *censo redimible al quitar, en cada un año, que dichos otorgantes y ponen, cargan y sirben sobre todos sus bienes* (casa e propiedades en Ardariz) por 2.200 reais. Os veciños de Codeseda André Silva, Domingos Antón Silva e Xusta Picallo véndenlle 99 reais doutro *censo redimible al quitar* sobre a súa casa e terreo en Marcenlos por 3.300 reais. Baltasar Pazo e María Antía García, de San Fiz de Sales. Domingos Valadares e Micaela

¹⁵ A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa María de Paradela e San Martiño de Barbude. Unidade de instalación P002647.



Paradela. Igrexa parroquial. Inscrpción con data na lumieira.

Agrelo, de Santo Amedio de Moalde. Lourenzo Quintillán e Xoana Taboada, de Santa Mariña de Ribela. María Pérez, de San Fiz de Margaride. Xoán Antón Ameixeiras, de San Miguel de Arca. Domingos Brea, de Santa Cristina de Vinseiro... O número de pagadores é longo de máis para reproducilo, aínda que mercé a el sabemos das actividades alleas ao servizo pastoral do reitor, quen exercía o préstamo e entregaba as cantidades *en Pesos duros y moneda de Plata*. Os seus investimentos comprendían mesmo enxeños hidráulicos e tabernas: os veciños de Santo André de Souto Xosé Riba e María Picallo hipotecan ao recibo dos cartos a Veiga do Arnado (de 50 ferrados e coa súa presa de auga) con dúas rodas de batán nela e dúas casas. E Carlos Porto, de Vinseiro aínda que residente en Cádiz, pédülle 4.000 reais sobre dúas casas *que sirben de tabernas, sitas la una en donde llaman ó Ourosa, y otra en el lugar de Carráns*.

Debido a esta compleja xestión, a entidade contemplaba nas súas bases formar un libro con tres partes: unha co inventario dos papeis, censos e bens; a segunda correspondiente á explicar todos los *Pagadores de dichas Rentas, censos, y poseedores de sus vienes, y lo que por ellos pagan*; e a terceira comprehensiba á los recibos que han de

pagar cada año. E tamén contemplaba a previsión de futuros litixios: a oitava condición da obra pía

hes de que, como todos dichos Censos son de calidad redimible, y los dichos vienes que al otorgante cedió, el Francisco Codeso, puede subceder que tocante á estos, dentro de los veinte y nuebe años el Francisco Clemente, ó sus herederos, pongan, y se declare haber lugar a la Demanda graciosa de Recobración, que subcediente esto se ha de tener presente, como los dichos vienes tenían sobre si la suerte principal de censo de quatro mill Rs vellón cujos Réditos de ellos se pagaban al Convento de nuestra Señora de la Cerca, orden de N. P. San Agustín de la Ciudad de Santiago, que el otorgante redimió según Copia de escriptura [...] que declarándose haber lugar a dicha Demanda de Recobración, apronte además de la Cantidad principal, y los gastos de dicho Pleito [...] mill Reales.

Francisco Clemente, escribán da Súa Maxestade e veciño de Santo Amedio de Ribadulla, estivo preso no cárcere real da Coruña. Desde alí, en 1765, expresaba que

siendo como es la pretensión de dicho Cura un embrollo [...] benganza de la mala fe que me profesa, por el falso y calumnioso pleito que me movió [...] le obligó su malicia y ciega Pasión, a repetirme deudas que no le debía, pretendiendo cobrar dos veces.

O reitor afirmaba que non lle pagara e Francisco Clemente alegaba ter recibo asinado do sacerdote, malia este negar a súa autenticidade. O documento de pago foi declarado falso e procedeuse ao embargo dos bens en Paradela do escribán, sendo adquiridos en parte polo veciño Francisco Codeso: parte da casa, o pombeiro... por 3.500 reais que pedira prestados ao reitor Bermúdez, que rematou facéndose coas propiedades. Con argucias similares logrou tamén, por exemplo, facerse coa renda que pagaban (malia resistírense desde anos antes) os colonos do lugar da Devesa de San Miguel de Moreira no lugar do Pazo de Santa Mariña de Ribeira a Xoana Besteiro.

Aínda así, cómpre lembrar o pouco que loce o mal adquirido, xa que a casa, o pombeiro e as demais propiedades que foran de Francisco Clemente resultaron vendidas por Real Orde en 1802, co gallo das leis de alleamento de bens raíces de obras pías:

en principios del año de mil ochocientos y dos, se vendieron por S. M. Dn Carlos quarto los bienes raízes, y palomar de la obra pía [...], los que compraron

Joseph y Francisco Clemente [...] en seis mil seiscientos setenta y quatro reales, y medio¹⁶.

Hai que constatar que os reitores que sucederon no beneficio, nomeados padroeiros pola décima condición da escritura fundacional, involucráronse activamente no seu sostemento, pois continuaron adquirindo bens para manter a obra pía até 1811¹⁷. E mesmo en 1856, xa a piques de se extinguir, *por efecto de ciertas circunstancias en las que corría peligro la escuela de esta fundación, por no haber en ella Maestro titulado, y por otras miras que se tenían acerca de ella tube que regentarla yo mismo*, di o cura, licenciado Francisco García.

Polas contas e recibos conservados dos mestres e das rapazas dadas, podemos reconstruír a listaxe dos docentes que serviron a escola: Domingos Quinteiro até o seu pasamento en 1800; Xoán Antón Silva entre 1800 e 1806; o reitor Xosé Ventura Pardevila Fernández cobrou por dous meses de traballo no 1806; Xoán Antón Silva entre 1807 e 1812; Dionisio Codeso entre 1812 e 1815; André Ramos Brocos, de San Miguel de Sarandón, entre 1815 e 1822; Xoán Silva, de Paradela, entre 1822 e 1842; o presbítero de Santa Mariña de Ribeira Manuel Gómez, en 1842; Xoán Silva en 1843; Melitón Vila, de Paradela, entre 1843 e 1846; Xoán Silva no 1849; Bernardo Eio en 1852; o propio reitor Francisco García, circunstancialmente, en 1856; Xaquín Nodar de 1857 até 1859; Xosé López Canicova no 1859; e, de novo, Xaquín Nodar no período 1859-1860.

Nestas últimas datas presentouse un conflicto competencial derivado da presenza na zona doutra escola de primeiras letras, de titularidade municipal: no 1858 o concello pretendeu asumir en solitario o ensino no rural e pechar a fundación, tratando de intruso o mestre e poñendo en solfa a conveniencia da existencia de dúas escolas na parroquia. Encomiable hai que dicir que foi a defensa que fixo o párroco Francisco González García ante as autoridades civís:

sólo esta escuela puede llamarse con propiedad escuela de Paradela, porque fundada exclusivamente para esta parroquia y su anexa, llena perfectamente

¹⁶ A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa María de Paradela e San Martiño de Barbude. Unidade de instalación P002648.

¹⁷ Por exemplo o cura ecónomo en vacante don Francisco Montenegro adquiriu en decembro de 1788 48 reais de censo anual pola cantidade principal de 1600 reais aos veciños de San Martiño de Riobó Diego Barcala e María Carbón.

el objeto de su creación, viéndose concurrida de multitud de niños y niñas de ambas parroquias; lo que no sucede a la otra que fue acordada y establecida por el ayuntamiento de [18]56 agregando a estas parroquias las de Moreira y San telos; pues por la distancia y otras causas los padres no quisieron enviar a sus hijos a la nueva escuela [...] reducida a la más completa miseria de alumnos, con escándalos del pueblo que la ve subsistir sin objeto y sin necesidad.

Aínda que en 1860 deixou de funcionar a escola debido á mencionada incautación de bens polo Estado, en 1925 continuaban a recibirse na parroquia de Paradela oficios da Xunta Provincial de Beneficencia de Pontevedra e da alcaldía da Estrada tendentes a indagar sobre as rendas e propiedades que a ela estiveran afectas.

Conclusións

Cando falamos de montes de piedade nas parroquias rurais galegas, referímonos a establecementos de crédito frumentario: a institucións que puideron contribuír a solventar puntuais situacións de necesidade de cereais nun contexto agrario sometido ás vicisitudes climáticas e ás colleitas adversas, suplindo actuacións institucionais e inxustizas estructurais propias do sistema. Están, pois, lonxe da definición dos montes de piedade orixinais da Italia do século XV, instituídos para combateren a usura ofertando préstamos a xuros baixos.

Malia non ser abondosos nas parroquias galegas, son un exemplo peculiar das numerosas fundacións xurdidas no ámbito rural a partir da vontade de persoas máis ou menos acaudaladas que desexaban perpetuar a súa memoria non únicamente coa fundación de misas ou capellanías colativas, senón establecendo unha obra de piedade que beneficiase aos veciños.

Sen dúbida son un exemplo de solidariedade veciñal xurdida de iniciativas privadas, non exenta de problemáticas diversas: malia a aspiración de faceren delas algo perpetuo, os fundadores non podían ter a suficiente previsión como para adiviñar que estarían suxeitos á desidia na súa administración ou ás mudanzas na política que acompañaron á creación dos estados burgueses do século XIX.

No caso das escolas rurais (tamén coñecidas como *escolas de ferrado*), é máis abondosa a bibliografía que as aborda desde diferentes perspectivas; incluída a de xénero. A escola de Barbude e Paradela,

coa súa dotación de rapazas, é –en certa maneira– un exemplo inclusivo no que nenos e nenas podían ter acceso aos rudimentos básicos do ensino e á inserción social; mais nun contexto non exento de asimilación, homoxeneización e mesmo aculturación do que o Estado e a Igrexa foron (e son) moi conscientes, os nenos e nenas asimilaban un conxunto de condutas que lles permitían adaptarse á comunidade á que pertencían, mais sen primar o espírito crítico. No Antigo Réxime a alfabetización e a escolarización presentaban un carácter selectivo e discriminatorio, posicionando as mulleres nun segundo plano; unido, ademais, a unha feble e desigual rede de ensino, á incapacidade de moitos dos mestres, aos prexuízos do ensino feminino... e, máis que nada, á contribución das nenas no mundo laboral de forma prematura¹⁸. Así, a educación circunscribíase no mellor dos casos ás destrezas elementais da lectura, escritura e aritmética básicas conxugadas cas inseparables nocións relixiosas.

Contaba o ensino feminino en Galicia con precedentes dos que o paradigma podería ser o colexio de Nosa Señora dos Remedios ou comunmente coñecido como colexio de Orfas de Santiago, fundado no 1600 polo arcebispo Xoán de Sanclemente; exemplo doutros establecementos coma o de orfas de Betanzos de dona Úrsula Meléndez poucos anos despois. Mais teñamos presente que falamos dunha sociedade que considera a educación únicamente como un instrumento de inserción social: nas propias bases do colexio compostelán aséntase que a institución era para que nela se recollesen orfas pobres de boa vida e costumes para que alí lles ensinasen a doutrina cristiá e outros labores de casa *para que después de enseñadas pudiesen servir en casas honradas*.

Bibliografía e fontes documentais

- BARREIRO MALLÓN, Baudilio, REY CASTELAO, Ofelia. *Pobres, peregrinos y enfermos: la red asistencial gallega en el Antiguo Régimen*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1999.
- CASTRO, X. (2008). *Historia da infancia na Galicia contemporánea*. En Minius, 16.

¹⁸ Sisto Barcia, A. «La educación femenina en Galicia a finales del Antiguo Régimen». En *Innovación Educativa* nº 26, 2016. Esta autora cita tasas de escolarización do 16-17% no século XVIII para a provincia de Pontevedra (fronte ao 4-5% das de Lugo e Ourense).

- CORNIDE SAAVEDRA, José. *Informe sobre todos la pesca de sardina en las costas de Galicia [...]*. Madrid: D. Joachin Ibarra, 1774. <http://biblioteca.galiciiana.gal/es/consulta/registro.do?id=3098>.
- GONZÁLEZ LOPO, Domingo. «Un aspecto de la mentalidad religiosa gallega de los siglos XVII y XVIII: La fundación de Obras Pías». En *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González* (tomo I). Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade, 1987.
- GONZÁLEZ LOPO, Domingo. *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002.
- HOYO, J. del. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto Editores, 1971. (Edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome).
- IGLESIAS ORTEGA, Arturo. *La Catedral de Santiago de Compostela y sus capitulares: funcionamiento y sociología de un cabildo en el siglo XVI*. Coruña: Deputación da Coruña, 2012.
- MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelo. *Diccionario de la Administración Española: Compilación de la Novísima Legislación de España Peninsular y Ultramarina en todos los ramos de la Administración Pública*: Comprende la definición de todas las voces de la legislación administrativa; un extenso y razonado repertorio de las disposiciones del Derecho Civil; el texto de los Códigos, Leyes, Reales Decretos, Reglamentos e Instrucciones vigentes sobre cada materia hasta 1891; los puntos resueltos por la Jurisprudencia del Consejo de Estado, del Tribunal Supremo y del Contencioso-Administrativo; doctrinas, dictámenes, informes y otros datos sobre los más importantes ramos de la Administración, etc., etc., y un esmerado índice cronológico general de toda la obra. Madrid: Administración, 1892. (5ª ed.).
- MUÑOZ SERRULLA, María Teresa. «Montes de piedad eclesiásticos y particulares (s. XVIII-XIX): usos monetarios». En *Hispania Sacra LXI* (2009).
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. *La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y Sociedad*. En F. Rodríguez Iglesias (Ed.), 1991.
- SANDOVAL VEREA, Francisco. «Alfabetización, familia y patrimonio en la Galicia a fines del Antiguo Régimen». En *Obradoiro de Historia Moderna* nº 9 (2000).
- SIXTO BARCIA, Ana María. «Maestros y escuelas en la Galicia rural a finales del Antiguo Régimen. Un método, diferentes perspectivas». En Ofelia Rey Castelao y Fernando Suárez Golán (Eds.), *Los vestidos de Clío. Métodos y tendencias recientes de la historiografía modernista española (1973-2013)*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, 2015.
- SIXTO BARCIA, Ana María. «La educación femenina en Galicia a finales del Antiguo Régimen». En *Innovación Educativa* nº 26 (2016).
- SUÁREZ GOLÁN, Fernando. «Niveles de enseñanza y estudiantes en la Galicia central del Antiguo al nuevo Régimen». En *Obradoiro de Historia Moderna* nº 16 (2007).



A Estrada a mediados do século xx. Documentos cartográficos e planimetria

Javier García Gómez

terradefaro@hotmail.com

Resumo. Presentamos unha nova achega sobre a representación cartográfica do concello da Estrada a mediados do século xx, como complemento ó traballo previo de deslinde do xix, a través dos rexistros e manuscritos de novas actas, cadernos de campo, planos de poboación, planimetrias, altimetrías e o definitivo Mapa Topográfico Nacional, fontes documentais impresas conservadas no Instituto Xeográfico Nacional.

Abstract. We present here a new contribution on the cartographic representation of the Galician municipality of A Estrada in the mid-20th century in order to complete the demarcation work previously developed in the 19th century. We meet the study's goals thanks to the documentary printed sources preserved at the Spanish National Geographic Institute: records and manuscripts of new certificates, field books, town plans, planimetric and altimetric measurements and the final National Topographic Map.

Introducción

No ano 2022 achegamos á *Miscelánea* (volume xxv, pp. 147-185) unha introdución histórica e un pequeno estudo sobre o deslinde e amolloamento do termo municipal da Estrada, acometido na derradeira década do século XIX como complemento e trámite oficial trala creación do municipio constitucional. Aquel traballo, que considerabamos completo e detallado con normativa xurídica, documentación e planimetría específicos, remataba e quedaba circunscrito a dito século, tal e como reflectían as fontes documentais empregadas como obrigado recurso.

Coa finalidade, agora, de complementarmos a visión xeográfica a través da planimetría creada con posterioridade relativa ó territorio estradense, presentamos este novo artigo co detalle e representación das minutias cartográficas, deslindes e planos de poboación realizados na primeira metade do século XX. Estes expedientes que analizaremos, dispoñibles na actualidade para consulta no Instituto Xeográfico Nacional, constitúen os traballos previos á elaboración

das follas que componen o Mapa Topográfico Nacional e que se nos presentan, en definitiva, como ferramentas e documentos fundamentais para comprender a evolución da Estrada desde o século XIX ata a actualidade.

Desenrolo normativo

As representacións cartográficas que veremos, como documentos básicos na recollida de información xeográfica do país, en xeneral, e do territorio da Estrada, en particular, teñen a súa orixe nos proxectos xurdidos no século XVIII para a formación do Mapa de España, entre eles os achegados por Jorge Juan Santacilia ou Tomás López Vargas Machuca, con resultados diversos.

Sen entrarmos a valorar e analizar a numerosa normativa lexislativa en materia de planimetria nacional desenvolvida durante o século XIX e, circunscribindonos ó espazo que nos ocupa, comezaremos o noso estudo co Real Decreto de 12 de setembro de 1870 polo que se crea o Instituto Xeográfico, dependente da Dirección Xeral de Estadística do Ministerio de Fomento¹. O regulamento deste organismo articulouse con posterioridade mediante Decreto de 27 de setembro, detallando no seu capítulo primeiro, artigo 1, o obxecto dos traballos e operacións necesarias para acadar a publicación do mapa xeral do territorio, por medio de triangulacións xeodésicas, topográficas, nivelacións, planos topográficos, parcelarios e catastrais².

Baixo o reinado de Alfonso XII, apróbase un novo regulamento promulgado mediante Real Decreto de 27 de abril de 1877, organismo estatal agora denominado Instituto Xeográfico e Estadístico, e que incluía, para as tarefas antes citadas, a creación do Corpo de Xeodestas con facultativos militares e civís para a realización dos traballos xeodésicos³. Rematada a Guerra Civil, un Decreto da presidencia do goberno de 22 de xaneiro de 1944 aprobaba un novo regulamento da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Catastral

¹ Gaceta de Madrid nº 257, de 14 de setembro de 1870. *O ministro de Fomento, José Echegaray.*

² Gaceta de Madrid nº 271, de 28 de setembro de 1870. *O ministro de Fomento, José Echegaray. Aprobado pola S. A.*

³ Gaceta de Madrid nº 119, de 29 de abril de 1877. *O ministro de Fomento, C. Francisco Queipo de Llano. Aprobado pola S. M.*

que, nas disposicións fundamentais do seu título primeiro, presenta a definición, finalidade e organización do mesmo; e no Título V, relativo ó depósito e arquivo, garante a custodia e conservación que nos permite na actualidade acceder a esta documentación.

Artigo 1º. O Instituto Xeográfico e Catastral é o Organismo do Estado Español dedicado á investigación, estudo, aplicación, execución, conservación e publicación dos traballos relativos ás Ciencias Xeográficas no seu maior contido, comprendendo a Xeografía, Xeofísica, Astronomía, Metroloxía, Xeodesia, Topografía, Fotogrametría, Catastro, Parcelario e Cartografía⁴.

Artigo 144. Os documentos técnicos ingresados no arquivo, constituídos principalmente polos cadernos e datos de observacións, os cálculos correspondentes ás actas de deslinde e as follas debuxadas en limpo, agruparanse conforme á súa procedencia, constituíndo por separado o arquivo Topográfico, o arquivo Xeodésico e o arquivo Xeofísico.

No tocante ós documentos do catastro parcelario, conservaranse nas brigadas topográficas provinciais deste servizo, a fin de poder atender con maior facilidade as consultas e peticións do público e das xuntas periciais.

Ó amparo da normativa precedente, comezan na Estrada os traballos de diferentes equipos que darán como resultado a realización de 11 actas de deslinde e 14 cadernos de campo cos municipios limítrofes entre 1938 e 1942, seis planos de poboación entre 1940 e 1941, 18 mapas de planimetrías, altimetrías e conxuntas entre 1940 e 1946, e xa como resultado final, tres minutias ou *catastróns* do Mapa Topográfico Nacional (MTN50) que conteñen todo o territorio do termo municipal estradense.

Deslindes no século xx (1938-1942)

O pleno da corporación da Estrada de 17 de agosto de 1938, presidido polo alcalde D. Alfonso Constenla Otero, daba conta do inicio dos traballos de deslinde entre este concello e os limítrofes, por parte das brigadas topográficas do Instituto Xeográfico, Catastral e de Estadística. Acórdase neste acto, ademais, a creación dunha co-

⁴ BOE nº 27, de 27 de xaneiro de 1944. *Regulamento da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Catastral. Título Primeiro, Capítulo Primeiro, artigo 1º; e Título V, Capítulo XIX, artigo 144.*

Deslinde del Municipio.

Se da cuenta de que baixo la dirección de los Ingenieros jefes de Brigadas Fotográficas del Instituto Geográfico, Catastral y de Estadística se están realizando trabajos de deslinde y reconocimiento de mollones que afectan a este término Municipal y a los que con él limitan, habiendo interesado por la Alcaldía por tres oficios fechos de ayer el Sr. Ingeniero jefe de la 2a Brigada Fotográfica el nombramiento de una comisión constituida por el Sr. Alcalde, tres concejales, el secretario y un perito que asistan al rápido deslinde, con lo Ayuntamiento de Padrón, Vila de Puentecasares los días 22, 23, 24 del actual. La Comisión acuerda designar a tal objeto ademas del Sr. Alcalde, al teniente de Alcalde D. Aguilera, concejal D. Antonio Ferré, Secretario del Ayuntamiento D. Antonio Reira, que autoriza y convierte en su propio Sr. Aguilera, actuando entendido que no solo han de entender en los deslinde a que se refieren los tres oficios indicados entre este Ayuntamiento y el de Padrón y la Estrada y Padrón, Puentecasares y Vila Estrada, ai no en todos los demás que vengan, a no ser que se acuerde lo contrario.

Acta da sesión do pleno do concello da Estrada, 17-08-1938.

misión municipal composta polo propio alcalde, tres concelleiros, o secretario e un perito para asistir como parte interesada a estas labores de delimitación das liñas administrativas cos concellos límitrofes, cuxa parte dispositiva transcribimos⁵.

Sesión supletoria do 17 de agosto de 1938. Na Casa Consistorial da Estrada a dezaseste de agosto de mil novecentos trinta e oito. Terceiro Ano Triunfal. Reunidos no Salón de Sesións os Srs. D. Alfonso Constenla Otero, Alcalde-Presidente deste Concello e Tenentes de Alcalde Sr. Bernardino Sanmartín e D. Jaime Aguilar, xunto min o Secretario que autoriza, co obxecto de celebrar a Sesión Supletoria convocada para o día de hoxe dada a hora de dezaseste, o citado Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

Deslinde do concello. Dáse conta que baixo a dirección dos enxeñeiros xefes das brigadas topográficas do Instituto Xeográfico, Catastral e Estadístico estanse realizando traballos de deslinde e recoñecemento de mollóns que afecta a este termo municipal e ós que con él limitan, interesando da alcaldía por tres oficios


⁵ Arquivo Municipal da Estrada. Sign. 4.445/2. Libro de Actas da Comisión Municipal Permanente (1938-1939). Sesión supletoria do 17 de agosto de 1938, fol. 20r-20v. Tradución do autor.

data de onte o Sr. Enxeñeiro Xefe da 4^a Brigada Topográfica o nomeamento dunha comisión constituída polo Sr. Alcalde, tres Concelleiros, o Secretario e un Perito que asistan ó referido deslinde, cos concellos de Teo, Vedra, Padrón e Pontecesures os días 22, 23 e 24 do actual. E a Corporación acorda designar a tal propósito ademais do Sr. Alcalde, ó Tenente de Alcalde Sr. Aguilar, conceilleiro D. Antonio Ferro, Secretario do Concello D. Antonio Reino, que autoriza, e como Perito o propio Sr. Aguilar, entendéndose que non só entenderán nos deslindes a que se refiren os tres oficios indicados entre este Concello e o de Teo, Padrón e A Estrada, e Padrón, Pontecesures e A Estrada, senón en todos os demais que acontezan, a non ser que se acorde o contraio.

A gran superficie territorial do concello da Estrada, con 282 quilómetros cadrados repartidos en 51 parroquias, supuxo para as brigadas topográficas unha enorme carga de traballo e dificultade técnica á hora de realizar o deslinde cos 11 concellos cos que comparte lindeiros no século XX, Teo, Padrón, Forcarei, Pontecesures, Campo Lameiro, Valga, Boqueixón, Vedra, Ceredo, Silleda e Cuntis. Coa finalidade de dar cumprimento á normativa precedente para a formación do catastro parcelario, o 22 de agosto de 1938 comezaban os primeiros traballos topográficos e posterior levantamento de actas, da operación practicada para recoñecer a liña de termo e sinalar os mollóns comúns ós concellos da Estrada e Teo, baixo a dirección do enxeñeiro xefe da 4^a brigada topográfica da provincia de Pontevedra, M. Montalvo.


A comitiva presidida polo alcalde da Estrada D. Alfonso Constante Otero, acompañado polos concelleiros D. Jaime Aguilar e D. Antonio Ferro, máis o secretario municipal D. Antonio Reino, reuníronse no lugar denominado Vilarpiñeiro co equipo técnico da 4^a Brigada e o representante do concello de Teo, o alcalde D. Gabriel Varela Crego. A operación de deslinde transcribiuse na acta asinada por todos os membros das comisións designadas, rexistrada nesa data co número 1.123.

A partir desta primeira actuación, proseguiron entre os anos 1938 e 1942 os traballos cos demais concellos limítrofes e cujas conclusións, en xeral, son coincidentes co deslinde previo realizado na derradeira década do século XIX. A acta de deslinde co concello de Padrón, rexistrada co nº 1.040, foi asinada polos membros designados da comisión antes citada da Estrada, xunto coa do mu-



Circular do concello da Estrada coa designación dos membros da Comisión de Deslinde. 20-08-1938.

nicipio limítrofe presidida por D. Luis Arijón Gende, reunidos no lugar do Monte San Benito o 23 de agosto de 1938. O día 1 de setembro posterior acometeuse por parte da 8ª brigada topográfica, enxeñeiro e topógrafo, a tarefa de deslinde co concello de Forcarei desde o lugar denominado Monte das Baiucas ou Campo das Santás, cuxos resultados asinaron os mesmos representantes municipais, xunto cos do outro municipio presidido polo alcalde D. Prudencio



Esbozo do deslinde entre A Estrada e Campo Lameiro. 1938.

Gutiérrez Mansilla, na acta nº 2.224. A 4^a brigada foi a encargada do deslinde con Pontecesures, representado polo alcalde D. Rafael Abalo Seoane, comezado no lugar das Barreiras o día 29 de outubro, transcrita na acta nº 2.372 e asinado polos membros de ambas comisíons municipais e corpo técnico. O deslinde con Campo Lameiro, representado polo alcalde D. Serafín Castro Mesego, acometeuno a 2^a brigada o día 26 de novembro, comezando no punto denominado Pico de Aguillóns, transcrita na acta nº 2.169 e asinada por todos os asistentes.

A 4^a brigada foi a encargada no ano 1939 dos traballos de deslinde co concello de Valga, representado polo alcalde D. José Meniño Caramés, acometidos o día 18 de agosto desde o lugar de Fonte das Barreiriñas e recollidos na acta nº 2.221. Retómanse os traballos en

1942 baixo a dirección do equipo técnico da 3^a brigada, comezando polo concello de Boqueixón, sendo o novo alcalde da Estrada D. Miguel de la Calle Sáenz, cuxas comisións delegadas reuníronse no lugar do Castro o día 28 de xullo e asinaron a acta nº 2.226. O 29 de xullo comezan os labores de campo no lugar de Caldela co concello de Vedra, recollendo os acordos de deslinde na acta nº 2.223. O 26 de agosto é a data do deslinde con Ceredo, representado polo alcalde D. Lino Toimil Ferrer, no lugar denominado As Dúas Baiucas, transcrita e asinado na acta nº 2.192. O deslinde co concello de Silleda, representado polo alcalde D. Manuel García Cerviño, comezou no lugar de Pena da Lagoa o día 28 de agosto, transcribindo e asinando os acordos na acta nº 2.424. Haberá que esperar bastantes anos para acometer os traballos de deslinde entre o concello da Estrada, representado polo alcalde D. Jesús Durán Martínez, e o de Cuntis por D. Eusebio Guimarey Montero. Nesta ocasión o equipo técnico estaba baixo o mando do enxeñeiro xefe de deslindes e replanteos, que realizou esta detallada operación recollida na acta nº 2.220, asinada e datada o 26 de setembro de 1958⁶.

O traballo das brigadas topográficas. Os cadernos de campo da Estrada

As denominadas brigadas topográficas eran os equipos que realizaban o traballo de campo sobre o terreo nos diferentes concellos, agrupados por provincias, cuxa función principal era a recollida de datos, a realización de medicións, informes, esbozos, planos e mapas manuscritos, ferramentas imprescindibles para acadar o proxecto de formación do Mapa Topográfico Nacional. A súa composición esta-

⁶ IGN. Obra derivada de Acta de Deslinde nº 1123 de Teo (15082), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Acta de Deslinde nº 1040 de Padrón (15065), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Acta de Deslinde nº 2169 de Campo Lameiro (36007), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Acta de Deslinde nº 2192 de Ceredo-Cotobade (36902), A Estrada (36017). Firmas: 1942. Acta de Deslinde nº 2220 de Cuntis (36015), A Estrada (36017). Firmas: 1958. Acta de Deslinde nº 2221 de Valga (36056), A Estrada (36017). Firmas: 1939. Acta de Deslinde nº 2223 de Vedra (15089), A Estrada (36017). Firmas: 1942. Acta de Deslinde nº 2224 de Forcarei (36018), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Acta de Deslinde nº 2226 de Boqueixón (15012), A Estrada (36017). Firmas: 1942. Acta de Deslinde nº 2372 de Pontecesures (36044), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Acta de Deslinde nº 2424 de Silleda (36052), A Estrada (36017). Firmas: 1942. CC-BY scne.es.

ba formada por persoal de diferentes corpos, enxeñeiros xeógrafos, topógrafos, axudantes de xeografía e catastro, delineantes cartográficos e de catastro, ademais de outros oficios que puntualmente fosen requiridos. Ademáis da confección das actas que vimos con anterioridade, achegaban as minutias cartográficas, tanto planimétricas como altimétricas e conxuntas, realizadas en escala 1:25.000, e os cadernos de campo complementarios.


Estas planimetrías achégannos unha detallada e variada información sobre o territorio da Estrada na primeira metade do século XX, representando, entre outros elementos, as vías de comunicación, as construcións, a cuberta vexetal, a hidrografía, a toponimia e as liñas divisorias administrativas. As minutias altimétricas simbolizan o relevo do terreo mediante curvas de nivel e puntos de cota, características que unidas á planimetria, se representan nas denominadas conxuntas.

Os 14 cadernos de campo conservados da Estrada complementan e coinciden coas actas de deslinde de 1938-1942, achegando información sobre cada itinerario, as estacións numeradas, os puntos observados, as distancias en metros, os rumbos de orientación, as distancias horizontais, os ángulos de pendente ou cenitais, tanto de depresión como de elevación, os desniveis calculados, as altitudes e os esbozos e notas de cada un deles⁷.

Destacaremos neste apartado o Caderno de Campo específico do lugar de Eiriz, na parroquia de San Pedro de Parada, realizado polo equipo técnico da 8^a brigada da provincia de Pontevedra, asinado en outubro de 1940 polo topógrafo Manuel González Márquez⁸. En-

⁷ IGN. Obra derivada de Cuaderno de Campo nº 1039 de Padrón (15065), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Cuaderno de Campo nº 1122 de Teo (15082), A Estrada (36017). Firmas: 1940. Cuaderno de Campo nº 2168 de Campo Lameiro (36007), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Cuaderno de Campo nº 2191 de Ceredo-Cotobade (36902), A Estrada (36017). Firmas: 1943-2018. Cuaderno de Campo nº 2219 de A Estrada (36017), Curtis (36015). Firmas: 1941. Cuaderno de Campo nº 2222 de A Estrada (36017), Vedra (15089). Firmas: 1942. Cuaderno de Campo nº 2225 de A Estrada (36017), Boqueixón (15012). Firmas: 1942. Cuaderno de Campo nº 2227 de A Estrada (36017), Valga (36056). Firmas: 1939. Cuaderno de Campo nº 2228 de A Estrada (36017), Silleda (36052). Firmas: 1942. Cuaderno de Campo nº 2229 de A Estrada (36017), Teo (15082). Firmas: 1939. Cuaderno de Campo nº 2230 de A Estrada (36017), Silleda (36052). Firmas: 1940. Cuaderno de Campo nº 2233 de Forcarei (36018), A Estrada (36017). Firmas: 1938. Cuaderno de Campo nº 2271 de Pontecesures (36044), A Estrada (36017). Firmas: 1938. CC-BY scne.es

⁸ IGN. Obra derivada de Cuaderno de Campo nº 2231 de A Estrada (36017). Firmas: 1940. CC-BY scne.es.




Caderno de campo da Estrada e Forcarei. 1938.

tre a detallada información que achega, destacamos o trazado a man alzada das diferentes construcións existentes neste lugar, planos de poboación a escala 1:2.500, que determinarán a posterior impresión do Mapa Topográfico Nacional.

Planos de poboación

Na categoría denominada Planos de Poboación inclúense as seis follas realizadas sobre núcleos urbanos más representativos do municipio da Estrada, con características e escalas variadas, acometidos polas brigadas topográficas durante os anos 1940 e 1941. O correspondente á capital municipal está asinado polo topógrafo Francisco Berzosa o 15 de marzo de 1940, revisado e conforme polos enxeñeiros xefes de brigada e da provincia. Representa en escala 1:5.000 a poboación da Estrada en folla de cuadrícula, debuxado en color ver-




Esbozo da poboación de Eiriz. 1940.

mello e coas rúas más importantes, complementado cun subíndice de rueiro numerado á marxe⁹.

As cinco follas restantes corresponden a planimetrias realizadas a escala 1:2.500 e inclúen varios núcleos en cada unha delas. A denominada *zona 0* está datada e asinada polo topógrafo o 30 de marzo de 1940, incluíndo os lugares de Paramá, Ramiráns, Murgide, Subión, Souto de Barcala, Santa Marina de Barcala e Trasande; con detalle das vivendas, edificios singulares como tabernas, escolas, muíños, igrexas ou casino, dos camiños, rúas e vías principais, hidrografía, cotas e distancias, elementos construtivos auxiliares como pozos, lavadoiros, cruceiros, fontes, cabazos e pontes, ademais das terras de cultivo dos arredores.

⁹ IGN. Obra derivada de POBL360307-1940-ESTRADA-LA. CC-BY scne.es. Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral. Trabajos Topográficos. Provincia de Pontevedra. Término municipal de La Estrada. Plano de Población de La Estrada. Escala de 1:5.000.





Plano de poboación da Estrada. 1940.

A folla denominada *Planos de Población de Mesadoiro, Castrelo, Vila D'afonso, Freán, San Louzáns y Parada*, inclúe os citados lugares e está datada o 25 de xuño de 1941; a nomeada como *Carballeira, Vinseiro, Las Vilas, Iglesia (Vinceiro) y Entrecastrelo*, ten data de 20 de xuño de 1941; a de *Bede, Pereira y Fraiz*, ten data de 12 de xuño de 1941; e a denominada *zona 7^a* inclúe planimetría e altimetria da citada zona, ademais dos lugares de *Riva, San Pedro de Ancorados, Foxo Corbelle e Porto*, todas elas conforme, revisadas e rexistradas no Arquivo Topográfico do Instituto Xeográfico Nacional en Madrid¹⁰.



Planimetrias e altimetrias

O conxunto de planos con esta denominación, realizados a escala 1:25.000 como traballo previo ó definitivo Mapa Topográfico Nacional (Catastrón), está composto de 15 follas cartográficas específicas da Estrada, ás que engadiríamos as correspondentes ós concellos limítrofes que comparten liñas de deslinde intermunicipais. Todas



¹⁰ IGN. Obra derivada de POBL360308-1940-ESTRADA-LA, POBL360309-1941-ESTRADA-LA, POBL360310-1941-ESTRADA-LA, POBL360311-1941-ESTRADA-LA, POBL360503-1940-ESTRADA-LA. CC-BY scne.es.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.





Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de poboación (detalles). 1940-1941.



Planos de poboación (detalles). 1940-1941.




Planos de población (detalles). 1940-1941.



Planimetria da Zona N da Estrada (detalle).

elas foron realizadas polos equipos topográficos entre 1940 e 1946, subdividindo o termo municipal en varias zonas para un mellor detalle na representación.

As planimetrias, realizadas en tintas negra, vermella e verde, achegan información xeográfica relativa á superficie de cada unha delas, os límites municipais e interparroquiais, vías de comunicación de diversas categorías, distancias entre os distintos puntos, cuberta vexetal, tipos de cultivo e aproveitamento do solo, elementos xeográficos destacados, poboacións, aldeas, lugares e vivendas, todos eles coa súa correspondente toponimia e denominación. O detalle das altimetrias, en cores negra, vermella, marrón e azul, achega información sobre os límites municipais e parroquiais, vías de comunicación de primeira orde, hidrografía incluíndo ríos, regatos e arroios, puntos xeográficos de altitude e cota destacada, curvas de nivel cada 10 metros e unha gran cantidade de medicións de altitudes numéricas de alta precisión.



Altimetría da Zona 0 da Estrada (detalle).

A Estrada no Mapa Topográfico Nacional

Todos os traballos anteriores, actas, cadernos de campo, mapas e planos manuscritos, componen un conxunto de documentos preparatorios, necesarios e fundamentais, para a formación das follas do Mapa Topográfico Nacional a escala 1:50.000 (MTN50); ós que se engadirían os previamente realizados por outros organismos como Xunta de Estadística, o Depósito da Guerra ou a Rede Xeodésica de España a partir dos labores de diferentes corpos militares. Condicionado pola gran superficie xeográfica que ocupa o territorio estradense, arredor de 282 quilómetros cadrados, a súa representación cartográfica está repartida en tres follas do MTN50, as denominadas 0120 Padrón, 0121 A Estrada e 0153 Cerededo¹¹.


A folla nº 0121 titulada *La Estrada*, por ser a entidade de poboación de maior importancia representada na mesma, está datada en Madrid o 24 de outubro de 1946, coas sinaturas orixinais dos topógrafos Benedicto Maté e J. Serrano Álvarez, e o conforme do

¹¹ IGN. Obra derivada de Minutas MTN50 (catastrones) 1910-1970. 0120 Padrón, 1941. 0121 La Estrada, 1946. 0153 Cerededo, 1946. CC-BY scne.es.

enxeñeiro xefe da sección 3^a e o enxeñeiro xefe do 4º grupo como responsables da súa edición. Cubre unha superficie de 10 graos de latitude, entre o 42º 40' e o 42º 50' norte, por 20 graos de lonxitude, entre o 4º 30' e o 4º 50' oeste, representando a zona central e norte do termo municipal delimitado polo río Ulla, limitando cos concellos de Teo, Vedra, Boqueixón, Silleda, Forcarei e Cuntis. O documento orixinal vai impreso en papel de varias tintas, negro, azul, vermello, verde e sepia en varias gradacións, mediante un sistema de impresión fotomecánica de heliogravado en cobre e cun tamaño de 36,90 x 53,86 cm.

Realizada cunhas características semellantes, a folla nº 0120 denominada *Padrón*, comprende o territorio da Estrada situado ó oeste, facendo límite con Teo, Padrón, Pontecesures, Valga e Cuntis, abarcando o espazo territorial delimitado polas coordenadas 42º 40' e 42º 50' latitude norte, e entre os 4º 50' e os 5º 10' lonxitude oeste. Está datada en Madrid o 12 de agosto de 1941, e asinada polo topógrafo Daniel de la Puente, conforme polo inspector xeral xefe da sección 2^a Enrique Meseguer, e revisado polo enxeñeiro xefe da 2^a brigada especial, Anastasio G. Espinosa. A folla nº 0153 denominada *Cerdeño*, completa o territorio estradense pola parte sur oeste, detallando os límites municipais cos concellos de Forcarei, Cerdeño, Campo Lameiro e Cuntis, entre as coordenadas 42º 30' e 42º 40' norte, e entre os 4º 30' e 4º 50' lonxitude oeste. Está datada en Madrid o 1 de xullo de 1946, e asinada a orixinal polo equipo técnico formado polos topógrafos Jesús Cabrerizo e J. Serrano Álvarez, e conformado polos enxeñeiros xefes do 4º grupo e da sección 3^a.

O obxectivo principal dos mapas era representar os elementos cartográficos básicos, recollendo un extenso catálogo de parámetros como altimetría e curvas de nivel, puntos de acoutamento, vértices xeodésicos, hidrografía de carácter lineal, superficial e puntual como pozos ou estanques, vías de comunicación de toda tipoloxía, edificacións illadas ou agrupadas en poboacións e límites administrativos. Por mor da ausencia nesta época dun catastro detallado da riqueza territorial, este documento cumplía a función a xeito de soporte obrigado no que se cartografaban e deslindaban os límites municipais, incluíndo datos específicos sobre utilización do solo mediante




A Estrada, MTN nº 121. 24-10-1946 (detalle).


símbolos superficiais, distinguindo os principais tipos de cultivo e cuberta vexetal. Estamos, en definitiva, ante unha ferramenta fundamental para coñecer o estado xeral do territorio da Estrada a mediados do século XX, achegando datos e información precisa sobre a toponimia, tanto de asentamentos humanos como de paraxes e lugares illados, facilitando a localización de todo tipo de propiedades e a súa natureza. Acheamos o detalle de tres mapas da folla 121 da Estrada, nas que podemos observar a evolución da capital municipal representada en sucesivas edicións e a información que representa cada unha delas, desde a primeira de 1946 ás posteriores dos anos 1948 e 2007¹².

Circunscribíndonos á capital municipal, as imaxes que nosachea a planimetria anterior reflecten de xeito obxectivo a estrutura urbanística da vila, vertebrada en torno a unha praza principal da que parten dous eixos perpendiculares entre eles e que conforman as

¹² IGN. Obra derivada de MTN50 edición impresa 0121 La Estrada, 1948. MTN50 edición impresa 121 A Estrada, 2007. CC-BY scne.es.



A Estrada, MTN n° 121. 1ª edición 1948 (detalle).



A Estrada, MTN n° 121. 1ª edición 2007 (detalle).

dúas rúas principais do núcleo urbano. Ó tratarse dunha poboación de recente creación, lembremos que se converteu en capital do municipio en 1840, o seu crecemento realizouse de xeito relativamente ordenado. Desde este momento, ademais da súa privilexiada situación nun importante cruzamento de camiños comarcal, establecense diferentes institucións como o xulgado de 1^a Instancia, a escola de párvulos, a Escola de Artes e Oficios, a biblioteca ou o Hospital Municipal, que certificarán este crecemento urbano coa concesión do título de vila da man de Isabel II, acordado mediante Real Decreto de 6 de xullo de 1859.

Na primeira metade do século XX prodúcese un notable incremento da construcción e desenrollo urbanístico de promoción privada, facilitado en gran medida pola remesa de divisas dos retornados americanos, destacando a *Casa do Escobeiro* na praza principal, punto central da actividade administrativa municipal. Súmanse, ademais, outros factores de crecemento como centro de referencia comarcal, como o desenrollo económico, comercial e de asentamento residencial, coa construcción de numerosas vivendas nunha vila ben comunicada coas localidades da contorna.

Bibliografía

- CASTRO GONZÁLEZ, María Milagros (2010). «La Estrada, el urbanismo de una villa marcada por la emigración», en *xIV Encuentro de Latinoamericanistas Españoles: Congreso Internacional*, setembro de 2010. Santiago de Compostela, pp. 539-555.
- Gaceta de Madrid. Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado. <https://www.boe.es/buscar/gazeta.php>. [13-06-2024].
- GARCÍA GÓMEZ, Javier (2022). «O deslinde do termo municipal da Estrada no século XIX», en *A Estrada, Miscelánea histórica e cultural*, vol. 25. A estrada, Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela, pp. 147-185.
- Instituto Geográfico Nacional. Organismo Autónomo Centro Nacional de Información Geográfica. Documentación geográfica y cartográfica antiguas. <http://centrodescargas.cnig.es/CentroDescargas/index.jsP#>. [25-06-2024].
- MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel (2000). «Origen y evolución del municipio de A Estrada (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos», en *A Estrada, Miscelánea histórica e cultural*, vol. 3. A estrada, Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela, pp. 165-192.

PALADINI CUADRADO, Ángel (1991). «Notas para la historia del Mapa Topográfico Nacional de España», en *Militaria. Revista de Cultura Militar*, nº 3. Edit. Universidad Complutense de Madrid, pp. 83-100.



Os míticos tesouros do Pico Sacro

Henrique Neira Pereira

valdoulla@yahoo.es

Resumo. Son numerosas as referencias á historia e lendas do Pico Sacro na literatura oral e escrita producidas desde hai séculos. Hai alusións a tesouros, que serían desde ouro presente de maneira natural -explotado desde a antigüidade-, ata obxectos do mesmo metal e pedras preciosas producidos de forma máxica ou traballados pola man humana, pasando por riquezas acumuladas polos mouros, lendarios habitantes das profundidades do monte. Neste texto revisamos este compoñente da identidade mítica do cumio que preside a comarca natural da Ulla.

Abstract. There are many references to the history and legends about Pico Sacro in the oral and written literature produced for centuries. There are allusions to treasures, which range from natural gold (mined since old times) to golden objects and handmade or magically produced precious stones, and fortunes accumulated by the Moors, legendary inhabitants of the mountain. This article goes through the mythical identity of this summit located in the Ulla region.

Orixé do mosteiro

Non resulta fácil establecer dentro do marco xeográfico, civil e eclesiástico un inicio claro e definido sobre as orixes do mosteiro femenino baixo-medieval de San Xurxo de Codeseda. Igual que ocorre con outras institucións monásticas similares asentadas na comarca Tabeirós-Terra de Montes, non dispoñemos de documentación nin de datos exactos sobre a data e circunstancias en que foi fundada esta institución monástica.

Primeira referencia documental

A data máis antiga, que confirma e asegura documentalmente a existencia do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, remóntase ao mes de maio de 1125, cando o rei Afonso VII dona este mosteiro ao cabaleiro D. Munio Pérez Tacón.

Privilexio real do acoutamento territorial

Durante os derradeiros séculos da Baixa Idade Media os coutos xurisdicionais adquieren unha singularidade xurídica cuxo desenvolvemento terá unha importante repercusión na fixación dos dereitos señoriais e estruturas vasaláticas en circunscripcións cuxos propietarios, os mosteiros, pasan a ostentar a xurisdicción civil e criminal. Na nosa contorna os establecementos eclesiásticos de San Lourenzo de Carballeiro, Santa María de Acibeiro e San Pedro de Ancorados, xunto co único feminino das freiras beneditinas de Codeseda, convértense

nos principais receptores das concesións monárquicas dos coutos, afianzando o seu señorío, áínda que sen adquiriren o pleno traspaso de xurisdición.

Estes privilexios alcanzan plena natureza xurídica, eximindo os poboadores da xurisdición directa de meiriños, saíóns e tenentes, a prol dun maior control monárquico do territorio que se consolidará durante a época baixo-medieval. Esta nova fórmula de concesión señorial permite, por unha parte, beneficiar os mosteiros como garantes da monarquía sen transferirlles todos os poderes xurisdicionais e, por outra banda, frear e desarticular as forzas titulares dos *comitatus*, convertidos en rivais territoriais directos da Coroa. O señorío concedido os mosteiros converte os habitantes do coto xurisdiccional en vasalos do seu titular, neste caso da abadesa, quedando así suxeitos á terra para convertérense en medio vertebrador do mundo rural, fomentando a explotación racional das propiedades agrícolas e a optimización das súas rendas.

A vida monástica medieval

Como sucede na maioría dos mosteiros de fundación familiar, caracterizados pola súa independencia e singularidade, o mosteiro femino beneditino de Codeseda xorde como resultado do tradicional cenobio visigótico, destacando como premisa organizativa o pacto entre a abadesa e a comunidade campesiña. A influencia das correntes carolinxias provoca a progresiva implantación da regra beneditina, que pasa a ocupar un lugar predominante na organización de todos os aspectos da vida cotiá da comunidade monástica. Tal e como establece a norma, as actividades espirituais serán o eixo fundamental do cenobio mediante a celebración de oficios litúrxicos regrados ao longo da xornada, como laudes, prima, terza, sexta, nona, vésperas e completas, oracións determinadas que manteñen ocupadas as monxes nos principios básicos da vida monástica desde o amencer ata o solpor.

O equilibrio da vida monacal baseado no *ora et labora*, asumido na regra beneditina, suporá a regulación de diferentes aspectos como a liturxia, a lectura, o traballo manual ou *opus manuum*, o

comportamento das relación da abadesa coas monxas e vasalos, e ata a propia vestimenta.

Os labores cotiáns das monxas compleméntase co labor produtivo no desempeño de algúñ tipo de actividade manual, requisito satisfeito xeralmente co traballo na horta. Ocúpanse, ademais, da xestión e explotación das propiedades do mosteiro, tanto das de orixe fundacional como as recibidas de doazóns, principalmente as entregadas polos membros do estamento privilexiado local.

O couto do mosteiro de Codeseda

O couto delimitaba o espazo acoutado e a súa inmunidade. Estaba perimetrado por marcos de pedra altos a unha distancia que un home puidese ver o seguinte, e todo o que se atopaba dentro deses marcos pertencían ao couto do señorío de Codeseda. Estaba formado pola propia freguesía do mosteiro, a de San Xoán de Liripio e o lugar de Cabanelas de Sabucedo, e comprendía desde os montes que limitaban coa Terra de Montes ata ao río Umia, e desde alí ao marco que chaman o couto de Parada, partindo pola metade do monte Arnado, e de aí ao dito couto de Parada lugar de Trabadela, e deste lugar ata Pumares na freguesía de San Xoán de Liripio.

O couto foi sempre exento de pertegueiro e de xustiza, coa autoridade única da abadesa do mosteiro, que era a posuidora do poder xurisdiccional dentro dos seus límites.

Os dereitos percibidos pola abadesa do mosteiro feminino de Codeseda eran os procedentes de rendas e dereituras, mediante a percepción dos décimos de todos os lugares dentro da propia xurisdicción. E os habitantes que tiveran posesión de terras herdadas, que estivesen exentos desa carga, pagarían o *décimo de Deus*, tendo que entregar á abadesa un carneiro e unha galiña de foro. A herdade de Dónegas, ademais, debía pagar catro soldos de pan branco o día de San Xurxo. O lugar de Sabucedo estaba na obriga de pagar por razón de xantar e de pedido. Os moradores do dito couto que non vivisen no mesmo, debían pagar un carneiro e unha galiña, e os que residisen debían pagar cada un, ademais, catro soldos o día de San Xurxo.



Marco de delimitación do mosteiro de Codeseda.
Foto de Álex Negreira/Jorge Fernández.

O foro como documento contractual

Mediante o establecemento de mecanismos contractuais en forma de foros créase unha directa vinculación da forza do traballo dos campesiños co poder señorial do territorio monástico, a través de cuxa subscrición pretende conseguir un incremento da produción de cereais e viñedos, ademais da cavadura e posta en cultivo de novas terras. Mediante este proceso de expansión do modelo de producción feudal, os campesiños incorpóranse ás estruturas señoriais de producción, dotadas agora de fórmulas contractuais e novos contidos xurídicos, cedendo a súa forza de traballo e recoñecendo expresamente a súa dependencia de dito poder monástico, redactado no contrato do foro, dentro do termo do seu couto xurisdiccional.

A problemática da encomenda

No contexto histórico e político en torno ao cambio dinástico producido na monarquía castelá do século XIV durante a guerra sucesoria entre Pedro I e Henrique II, documentamos unha consecuencia para

Galiza do intento da fidalguía, favorecida trala vitoria do segundo, de medrar e sumar poder a costa das extensas posesións dos señoríos monásticos. Os continuos abusos e usurpaciós dos bens, rendas e dereitos por parte dos cabaleiros e escudeiros que se acubillaban na torre da Barreira, provocan a resistencia e reclamación da abadesa do mosteiro de Codeseda ante os prelados da igrexa de Santiago. Amparados baixo o pretexto da encomenda, práctica arrraigada desde o século XII e documentada en todos os mosteiros da zona, os cabaleiros e nobres imponen a súa vontade sobre os establecementos monásticos ocupando aldeas, terras e vasalos, apropiándose arbitrariamente do diñeiro, colleitas e obrigas de servidume no seu propio beneficio, cuxo crecemento económico se realiza a expensas destas institucións eclesiásticas.

A natureza xurídica da encomenda, como pretexto e xustificación para a intervención nobiliaria nos señoríos eclesiásticos que vimos documentado nos mosteiros da zona, baseábase nunha relación de dependencia entre persoas libres, expresada mediante unha promesa de protección e tutela por parte do encomendeiro a favor do encomendado, a institución monástica aos seus vasalos, bens e intereses, recibindo a entidade en compensación unha oferta de fidelidade e determinados servizos. As cláusulas abusivas dos contratos da encomenda, nalgúns casos incluso a favor das abadesas ou abades encomendarios, afectan directamente aos bens mobles, dereitos e seguridade do mosteiro, debilitándoo a favor do nobre protector que recibe pagos en moeda, especie e determinados servizos.

Foron numerosos os factores de intromisión do estamento nobiliario que repercuten directamente na estrutura da vida monástica, desde os primeiros xestos de favor en forma de doazóns testamentarias, ata os compromisos de amizade, defensa e tutela da encomenda e o padroado, ao que habería que engadir os privilexios de carácter funerario.

A Gonzalo Pérez de Sub Castro, escudeiro e casteleiro do castelo da Barreira, foille entregada a encomenda do mosteiro de Codeseda pola súa irmá a abadesa Teresa Ares, sendo o derradeiro encomendado do mosteiro de Codeseda.

As vías de comunicación

Outro factor determinante no desenrollo da comunidade monástica de Codeseda serán as vías de comunicación terrestres, como norma xeral malas ou inexistentes nesta época, aínda que de grande importancia para a comercialización dos excedentes agrarios do mosteiro. A saída comercial dos escasos excedentes produtivos producíase cara á cidade de Santiago. Elisa Ferreira Priegue na súa obra sobre os camiños medievais, ao falar de Codeseda, di:

Al Oeste «camiño breeiro» eran tierras del monasterio de Codeseda, una parroquia concedida por Alfonso VI a uno de sus caballeros, y pronto convertida en monasterio femenino. Su coto era grande y comprendía las feligresías de Liripio y Sabucedo. Entre otras. En sus cercanías estaba el castillo de «Touro». Codeseda tenía que estar seguramente comunicada con Taboerós, a cuya «terra» pertenecía y con Sabucedo y el camino a Orense por Lérez.

Teremos en conta que o mosteiro de Codeseda tiña posesións no Ribeiro, obrigando aos aforados das súas terras de Ourense a traeren os froitos ao mosteiro, en forma de viño e outras especies. Polo tanto tiña que haber un camiño natural de comunicación para achegar as súas cargas e mercadorías ata Codeseda.

Os alimentos

No couto de Codeseda abundaban o xabaril e o corzo, o coello, a lebre e a perdiz, xunto a pomba e a rula. O río Umia tiña gran cantidade de troitas e salmóns, así como de anguías. Os numerosos regueiros, que desembocan no río Umia, tiñan troitas e anguías, podendo beneficiarse destes manxares as freiras do convento.

Do mesmo xeito os labregos contaban con animais para o autoconsumo, venda ou troco, como carneiros, ovellas, cabras, porcos, vacas, galinhas, pombas e outros animais domésticos, xunto con panais para obtención de mel e outros produtos derivados da cera. Producían cereais como o centeo, millo miúdo e, en menor medida, o trigo. As castañas e as nozes eran abundantes na zona polos moitos soutos que existían na xurisdición. En canto ao viño, chegaba do Ribeiro e do Salnés, onde o mosteiro tiña propiedades.

Privilexios, doazóns, bulas e concesións reais

O día 25 de maio de 1124 o rei de Galiza Afonso Raimúndez, cando contaba 19 anos, foi armado cabaleiro polo arcebispo Xelmírez, que bendiciu as armas perante o altar de Santiago na catedral de Compostela. O monarca Afonso VII arma cabaleiros varios nobres, entre eles a Munio Pérez Tacón, a quen seis días despois fai doazón do mosteiro de San Xurxo de Augas Santas de Codeseda.

O 31 de maio de 1162 mediante privilexio do emperador Afonso VII concédese doazón ás monxas do mosteiro de Codeseda dos foros e a nona parte anual dos xantares e a séptima da herdade na vila de Felgaria.

En Santiago de Compostela en abril de 1170 o rei de León Fernando II e a súa esposa Urraca fan doazón ao mosteiro de San Xurxo, á abadesa dona Maior Ibáñez e ás monxas o reguengo de Gistridi e o de Sanín en terras da Lanzada, xunto con outras en terras do Orzellón (Carballiño).

En Santiago o 19 de febreiro de 1232 Fernando III o Santo, rei de Castela e León, e a súa esposa Beatriz confirman ás monxas de Codeseda a doazón, foros, parte dos xantares e a vila de Felgaria, como xa fixera o rei Afonso VII.

Dona Urraca Fernández, filla de Fernando Pérez de Traba, casada co alférez real do rei Fernando II, outorga testamento o día 30 de xullo de 1199 e no devandito documento testamentario deixa numerosos bens a varios mosteiros, entre eles manda ao mosteiro de Codeseda trinta soldos.

No tocante ás bulas, mediante confirmación do papa Anastasio IV, ao enumerar as posesións da igrexa de Santiago o 8 de abril de 1154, atopábase entre outros o mosteiro de Codeseda, nomeado como *Coteseta*.

O 28 de xullo de 1174 o papa Alejandro III recibe baixo a súa protección a igrexa de Santiago con todas as súas posesións e inmuidades.

O 20 de marzo de 1178 o mosteiro de Codeseda seguía pertencendo á igrexa de Santiago, tal e como confirma o papa Alejandro III.

O 25 de xuño de 1185 o papa Alexandre III confirma os privilexios e posesión á sé compostelá.

O 14 de xullo de 1199 o papa Inocencio III confirma todas as posesións e prerrogativas á igrexa de Santiago.

O 26 de marzo de 1225 o papa Honorio III confirma todas as posesións e prerrogativas da igrexa de Santiago.

O 23 de abril de 1410 o arcebispo de Santiago de Compostela don Lope de Mendoza incorpora o mosteiro de san Xurxo de Codeseda ao cabido compostelán, sendo aprobado a anexión pola bula do Papa Benedito XIII, expedida o 24 de marzo de 1411.

Confírmase a anexión do mosteiro feminino de San Xurxo de Codeseda, diocese de Compostela, de xeito que os bens son administrados polo deán e capítulo con dereito de gozo por asistencia matinal a coro, baixo condición de designar un capelán para celebrar o culto na igrexa do mosteiro.

A incorporación fíxose necesaria, pois tan só permanecían no mosteiro a freira Inés Rodríguez e Teresa Aras como abadesa, as cales por incuria e neglixencia dilapidaron os bens monásticos.

A partir desta data o cabido da catedral de Santiago forma unha tenza coas parroquias de Codeseda, Liripio e Sabucedo.

O 14 de xaneiro de 1419 comeza un inventario dos bens, dereitos e rendas do mosteiro de San Xurxo de Codeseda, realizado polo cabido de Santiago.

Nesta data, cando se fai o inventario, non sabemos se vivía a monxa Inés Rodríguez, pero si temos seguro que vivía a abadesa, pois nun documento do mosteiro de San Xoán da Cova do 2 de xullo 1426 transcríbese que o prior e cóengos do mosteiro de San Xoán da Cova subscriben un foro de forma vitalicia a Teresa Ares, abadesa de San Xurxo de Codeseda¹.

Nas *Memorias del Arzobispado de Santiago* do ano 1607, dinos o cardeal Jerónimo del Hoyo ao falar de Codeseda

....consta haber sido esta iglesia monasterio de monjas por unas letras que están escritas en dos piedras, junto a la puerta colateral de la Epístola, que dicen así:

1 Ares Legaspi, A. (2019) Varios documentos medievais referentes a San Breixo de Lamas e Codeseda no tombo do mosteiro de San Xoán da Cova, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, pág. 285-294.

ABBADESSA MA RIANA. FER: NOTA. BO CABAR. MUNIO.
EST. QUE. LAPIS. ISTE. MICH. INREQUIERE. DEUM. COLIE DAT
FERNAM. ERA M.CC.II.ZQD: VII : kls:IVNII:

Abadesas e freiras

Non atopamos ningunha relación de abadesas ou mesmo de freiras, tan só aparecen citadas no inventario de posesión que mandou facer no ano 1419 o cabido de Santiago, onde se confirma que varias propiedades foron doadas ao mosteiro de freiras beneditinas de Codeseda por abadesas e monxas, sendo a primeira abadesa María Fernández no ano 1164, Urraca Muñiz en 1170, Sancha Pérez no século XIV, Maior Pérez nos anos 1315 e 1317 (cando houbo a *gran fame*), María Alonso en 1377 e como derradeira abadesa Teresa Ares, de 1403 a 1426. En canto a freiras, tan só se cita a Teresa Rodríguez, Elvira Rodríguez e a Inés Rodríguez.

O mosteiro

No ano 1755 o cóengo Rafael Unquela fai unha descripción dos edificios que se atopaban en pé e que formaron parte do antigo mosteiro. Tiña unha muralla que chegaba ata a fachada do templo, feita de lousa e barro de quince cuartas de alto, onde había unha porta para entrar aos edificios. No adro atopábanse as cortes dos cabalos e un curral. Arrimado á muralla atopábbase o pío de cantería, que recollía a auga que viña da fonte chamada Sagrada. Dinos que subiu por unhas escaleiras de cantería e chegou a un corredor co chan lousado e o teito sostido por seis pilastras de cantería. Ao final do corredor unha porta chegaba ata a adega, situada no piso baixo, e a unha corte para o gando. Preto estaba a cociña que tiña no fronte dúas despensas, unha de cantería. Outra porta do corredor daba paso a un gran comedor iluminado por levante por unha fiestra. A cheminea está feita tamén de cantería.

Ábsida


A ábsida é o único elemento arquitectónico que se conserva do cenobio de monxas. A igrexa consta dunha nave reedificada no ano 1900, sendo unha das poucas igrexas de ábsida pentagonal con cin-



Exterior, ábsida.

co fiestras románicas. Desde o exterior está dividida en cinco tramos por catro semi-columnas de capiteis vexetais, arrimadas ás arestas dos ángulos e unidos a dous muros rectos, que completan o corpo do presbiterio por dous contrafortes. O fuste compõe de dezaseis semitambores. Nos cinco tramos da ábsida hai cinco fiestras, unha en cada tramo, con arquivolta tórica semicircular de fino axadrezado, chambrana de cinco filas de tacos e unha seteira central. Os capiteis vexetais están inspirados nos da catedral de Santiago. Coroan a parte alta da ábsida máis de vinte canzorros.





Interior da absida.

No interior do templo a cabeceira está unida á nave por arco triunfal de medio punto, lixeiramente peraltado. A cuberta, no tramo recto da capela maior, está formada por unha bóveda de canón. O tramo pentagonal cóbrese con bóveda de forno, nervada, apoiada en seis columniñas sitas nos ángulos. As columnas son de fuste monolítico e os capiteis presentan motivos vexetais. Nos tramos rectos ábrense dúas portas con linteis, unha para a sacristía e a outra para a casa reitoral.

Relevos

As antigas pedras do mosteiro foron reutilizadas para a construcción da nova igrexa, polo que atopamos tres relevos, dous baldaquinos e un tímpano con signos que fan referencia ao antigo cenobio.

No campanario, mirando cara ao exterior, observamos un relevo con dous fragmentos doutros tantos baldaquinos tardogóticos. O primeiro representa a Epifanía, tallada nunha pedra cunha altura de 70 centímetros e unha lonxitude de 144 centímetros. Segundo a María Novoa Fernández no seu artigo, trátase dunha




Baldaquino. Foto de Aléx Negreira/Jorge Fernández.

representación de los tres Reyes Magos a caballo y las figuras de la Virgen con el Niño y San José. Lo excepcional de este ejemplo es que se trata del único baldaquino gallego que conocemos que recoge la escena de los Magos a caballo².

O outro baldaquino ten unha altura de 70 cm. por unha lonxitud de de 150 cm. A iconografía deste baldaquino fai referencia á *Presentación no Templo*, e seguindo de novo a María Novoa Fernández:

En el extremo derecho se dispone frontalmente la figura del Niño de pie sobre el altar, desnudo, nimbado y con unas extremidades superiores desproporcionadamente largas. En un plano posterior a él hay una figura de la que apenas puede intuirse la silueta y que sostiene entre sus manos un libro abierto. Continuando hacia el lado derecho, la siguiente es una figura femenina sagrada que parece mostrarnos la palma de la mano. En el quinto personaje podemos intuir una figura femenina y del último solo se conserva parte de un brazo, el bastón y algunos pliegues de la vestimenta. Además de los daños que se aprecian en este personaje, el corte de la parte superior de la pieza ha provocado la pérdida de la parte alta de las cabezas y lo que resta de ellas muestra signos de haber sido repicadas³.


Ambos baldaquinos sufrieron roturas para adaptalos ás medidas do campanario, onde foron encaixadas estas pezas. Separando os dous baldaquinos érguese un tímpano cun *Agnus Dei* xunto cunha cruz patada dentro dun círculo, posiblemente do século XII.



Pedra con cruz. Debuxo de Javier García Gómez.

² Novoa Fernández, *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, 22, 2019: páx. 74.

³ Novoa Fernández, *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, 23, 2020: páx. 207.



Lintel. Debuxo de Javier García Gómez.



Cruceiro.

No paramento externo das escaleiras da casa reitoral está gravado un epígrafe sobre nunha pedra rectangular de 1,32 x 0,40 m. do século XVII:


SIENDO REINANTE NUESTRO SEÑOR JESUCRISTO SANTA MARIA
Y SAN JOSE EL LICENCIADO JUAN RODRÍGUEZ DE APONTE AN-
DRADE CANONIGO DE LA IGLESIA Y CATEDRAL DEL SEÑOR SAN-
TIAGO Y (RECTOR DE) CODESE[DA]

O cóengo Juan Rodríguez de Aponte, finado en Santiago en 1630, era quen levaba a tenza de Codeseda e quen mandou arranxar

Na parte interior do campanario áchase unha pedra con cruz da consagración do mosteiro.

Na parte sur do valado do adro da igrexa unha pedra fai de lintel sobre unha porta tapiada. Ten gravada en relevo unha cruz dentro dun círculo e aos costados dúas vieiras. Posiblemente se trate da lápida medieval dun peregrino.

No adro obsérvase un cruceiro que ten no fuste unha imaxe de San Juan Bautista, que posiblemente formaba parte do mosteiro.



Inscrição.

en 1619 a igrexa de Codeseda⁴. Dito cóengo, fillo de Nuño de Ponte e Andrade e de María Rodriguez da Rigueira, tivo en Santiago un fillo e dúas fillas, unha delas chamada Isabel casou en 1623 con Jacinto Campelo de Castro, da casa de Araúxo na Ponte (Ribeira)⁵.

Recomendación

Sería conveniente retirar estas pedras da intemperie, onde a choiva, o vento, liques, etc, corroen a pedra, e poder facer unha sala onde poderen estar expostos estes elementos que con toda probabilidade formaron parte do conxunto monástico. Material hai abondo para estudar e con todos os relevos, inscricóns e gráficos converter parte da casa reitoral nun centro de interpretación, patrocinando visitas á igrexa que se atopa rodeada dunha paisaxe idílica e bucólica, cunha preciosa carballeira e prados, e mesmo un pequeno regueiro que delimita as propiedades eclesiásticas. Ademais disto, por Codeseda transcorre a ruta de peregrinos coñecida como *Caminho da Geira e dos Arrieiros*, que cruza a localidade moi preto da igrexa.

Bibliografía

- ÁLVAREZ LIMESES, Gerardo (1980). *Geografía de Galicia. Provincia de Pontevedra*. A Coruña, Ediciones Gallegas S.A.
- BANGO TORVISO, Isidro Gonzalo (1979) *Arquitectura Románica en Pontevedra*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

⁴ Fernández Castro, 2015.

⁵ Bértolo-Ferro, 2020: 202.

- ANDRADE CERNADAS, José Miguel (1997). *El Monacaco benedictino y la sociedad en la Galicia medieval (Siglos x al xii)*. Sada, Seminario de Estudios Galegos. Edicións do Castro.
- ARES LEGASPI, Adrián (2019). «Varios Documentos medievais referentes a San Breixo de Lamas e Codeseda no tombo do mosteiro de San Xoán da Cova», en *A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural* núm. 22. Museo do Pobo Estradense.
- Arquivos de Galicia (1987). *Los Reyes y Santiago, exposición de documentos reales de la catedral de Santiago de Compostela*. Xunta de Galicia.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, JM.- FERRO PEGO, L.M. (2020) *Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada, a Coruña*.
- CAÑADA, Silverio (1976). *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela.
- CASTILLO del, Ángel (1987). *Inventario Monumental y Artístico de Galicia*. A Coruña. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés (2015). «Inscripción pétrea en la parroquia de Codeseda», en *Faro de Vigo. Tabeirós Montes*, 8 de agosto de 2015.
- FERREIRA PRIEGUE, Elisa (1988). «Los Caminos Medievales de Galicia», en *Boletín Auriense*, anexo 9. Ourense, Museo arqueológico Provincial.
- GARCÍA GÓMEZ, Javier (2023). *El Monasterio de San Cibrao de Bibres*. A Coruña, Asociación de Estudios Históricos de Galicia.
- GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (2004). *Tumbo B de la catedral de Santiago*. A Coruña, Edicións do Castro.
- HOYO, del Jerónimo (s/d). *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela, Porto y Cía Editores.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1901). *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela, Seminario Conciliar Central.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (2006). *D. Alfonso VII, rei de Galiza e o seu aio o conde de Traba*. Editorial Toxosoutos.
- LÓPEZ SANGIL, José Luís (2005). «Historia del Monacato Gallego», en *Nalgures*, Tomo II. A Coruña, Asociación Cultural Estudios Históricos de Galicia (pp. 9-47).
- LÓPEZ TEIXEIRA, Xosé Antonio (2013). *Rex et Reginā, Urraca, Alfonso Raimundez e a monarquía Galega*. Editorial Toxosoutos.
- LÓPEZ MORÁN, Enriqueta (2004). «El monacato femenino Gallego en la alta edad media (A Coruña y Pontevedra) San Xurxo de Codeseda», en *Nalgures*, Tomo I. A Coruña, Asociación Cultural Estudios Históricos de Galicia.
- LUNA SANMARTÍN, Xosé (1999). *A Estrada Románica*. A Estrada, Edicións Fouce.
- MOURE PENA, Teresa Claudina (2015). *Los monasterios benedictinos femeninos en Galicia en la baja edad medio: Arquitectura y escultura monumental*. Tese Doutoral.
- NOVOA FERNÁNDEZ, María (2019). «Los Reyes Magos en Codeseda: una representación excepcional de la Epifanía en la iglesia de San Xurxo», en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, núm. 22. Museo do Pobo Estradense.

- NOVOA FERNÁNDEZ, María (2020). «Una Presentación en el Templo en lo alto de la iglesia de San Xurxo de Codeseda», en *A Estrada, Histórica e Cultural*, núm. 23. Museo do Pobo Estradense.
- OVIDIO CUELLA, Esteban (2009). *Bulario de Benedicto XIII*. Zaragoza.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (1991). *San Jorge de Codeseda: Un monasterio femenino bajomedieval*, en *Studia Monastica*, vol. 33.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (2019). *Los Monasterios del Reino de Galicia entre 1075 y 1540: de la reforma Gregoriana a la Observante*, volumen II. Santiago de Compsotela, Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Xunta de Galicia. Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- SÁ BRAVO, Hipólito (1972). *El monacato de Galicia*. A Coruña, Editorial Librigal.
- SÁ BRAVO, Hipólito (1975). *En la Ruta del Románico. San Jorge de Codeseda*. Faro de Vigo (2 de outubro 1975)
- SÁ BRAVO, Hipólito (1978). *Rutas del románico en la provincia de Pontevedra*. Vigo.
- VARELA CASTRO, Pedro (1923). *La Estrada*. Santiago.



Illuminando sombras coa luz do seu martirio. En memoria dos estradenses mortos en marzo de 1809

Juan Andrés Fernández Castro*
juanandresfc@yahoo.es

Resumo. Ofrécese nesta breve monografía o reconto das vítimas da cruel represalia do exército invasor francés –incluíndo vellos, enfermos, rapaces e mulleres– ao tempo de penetrar na xurisdición de Tabeirós en marzo de 1809. Así mesmo se achegan circunstancias que poden contribuir á mellor comprensión daqueles feitos, que se observaron noutros lugares de Galicia, especialmente onde a resistencia ou a negativa a satisfacer as abusivas esixencias do inimigo se fixeron más patentes.

Abstract. A brief monograph about the victims of the cruel retaliation of the French army when invaded Tabeirós in March 1809, which reveals the circumstances that can contribute to a better understanding of the facts taken place in other places in Galicia, where the resistance to satisfy the outrageous demands of the enemy became more evident..

Las partidas que siguen son las de las personas que degolló y mató el exército de S.M. el Emperador de los franceses.

ALONSO GONZÁLEZ TOURIÑÁN, párroco de Curantes

Murieron de resultas de la irrupción que los franceses hicieron en esta Jurisdicción de Tabeirós, donde talaron, quemaron y mataron cuanto se les presentó.

PEDRO CRISÓLOGO PALENCIA, párroco de Cereixo,

Advertencia y caso horrendo para perpetua memoria de los que suceden en esta parroquia de Santa Eulalia [de Matalobos] de lo que ha sucedido y muertes que han hecho los facinerosos lobos carníceros franceses en el día quatro de marzo de mil ochocientos y nueve.

FRANCISCO IGNACIO TALLÓ, párroco de Matalobos

Rara será la familia de Galicia que entre sus miembros no cuente, en aquel tiempo, a algún héroe o mártir.

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

O dramático episodio que referimos sucedeu en marzo de 1809. Pasaron más de douscentos anos e daqueles inocentes apenas queda

* O autor agradece a Damián Porto Rico, as súas achegas arquivísticas; a José Ramón Pérez Salgado o seu valioso apoio bibliográfico e documental e aos sacerdotes José Antonio Ortigueira Barros e Ramón Campos Suárez a consulta dos seus respectivos arquivos parroquiais.

memoria, emporiso perviven os seus nomes nos libros de defuntos parroquiais de onde os rescatamos, un a un, para coñecemento das presentes e vindeiras xeracións. É un deber de xustiza e de respecto, un merecido desagravio aos devanceiros mortos con honor no campo de batalla e a aqueles que, a carón das súas casas, foron degolados por aforrar pólvora e munición; aquí van os apelidos, os nomes familiares, as aldeas onde viviron e finaron a mans de extranxeiros: son os nosos mortos, aqueles que fecundaron co seu sangue a terra que pisamos.

O exército francés, comandado por dous dos xenerais con máis *glamour* de Napoleón, Soult e Ney, entra en Galicia nos primeiros días de 1809 cun dobre propósito: perseguir a forza expedicionaria británica ao mando de John Moore, que se batía en retirada, e tomar posesión dos portos do noroeste galego, especialmente A Coruña, con vistas a futuras operacións contra Portugal e Gran Bretaña. Nas proximidades daquela cidade, Moore forma unha liña de contención ao tempo que prepara a retirada por mar. Entran en contacto os dous exércitos en Elviña e trábase a batalla o 16 de xaneiro de 1809. O resultado é incerto pero, aínda que falece Moore, os británicos logran salvar gran parte das forzas, que regresan ao seu país, quedando a cidade da Coruña –e toda Galicia– baixo o control dos franceses. Soult decide daquela dirixirse a Portugal encomendando o control e represión de Galicia a Ney, duque de Elchingen.

É daquela cando xorden, de modo espontáneo, movementos de resistencia ao inimigo francés, de forma que, cando en marzo de 1809 chegan a Galicia emisarios da Xunta Central de Sevilla a efectos de provocar a revolta popular e organizar a resistencia, encóntranse coa sorpresa de que os galegos xa se constituíran en partidas ou alarmas de base territorial ben definida –de Trasdeza, Montes, Taboirós, entre outras moitas–. Salvando o caso de Elviña, non se rexistraron en Galicia batallas ao estilo clásico, nas que eran consumados mestres, case invencibles, os exércitos franceses. As partidas ou alarmas de guerrilleiros galegos, moi bos coñecedores do terreo e dos camiños e das vías de escape, someteron o inimigo a un acoso permanente, sobre todo cando se encontraba en tránsito ou acam-

pado, circunstancias nas que era máis vulnerable; a calquera hora do día ou da noite tendíanlle emboscadas, desmantelaban pontes e cavaban foxos nos camiños para impedir ou retrasar o tránsito de carromatos e pezas artilleiras. Guerra de cotío e en todas partes era o seu lema, e a sorpresa a súa táctica más eficaz. Así responderon os nosos paisanos, habitualmente pacíficos, ás insopportables aldraxes do invasor como a requisa de víveres –viño das adegas, carne do baño, gando e gran–, roubos e rapinas mesmo nos templos parroquiais, violacións e actitudes despóticas. Neste período, primeiros meses do 1809, os franceses, vénzose tan seriamente castigados, aplicaron durísimas represalias contra a poboación indefensa. A súa resposta ás incursións da guerrilla era despiadada: húsares e dragóns entrabán nas aldeas, capturaban a quen encontrasen, sen reparar en sexo nin idade, e alí mesmo acababan coa súa vida; despois saqueaban, prendían lume ás casas, talaban as viñas e arrasaban as colleitas.

Nesta convuxitura de acción-represión cómpre ubicar as matanzas de marzo de 1809 no territorio da antiga xurisdición de Tabeirós que hoxe vén coincidir, *grosso modo*, co concello da Estrada.

Os feitos ocorrían da maneira que segue.

Un destacamento francés procedente da comarca de Deza ou Trasdeza sofre o repentino ataque dunha ou varias partidas guerrileiras nas proximidades do monte San Sebastián. Como represalia o inimigo baixa á zona poboada, asasina a numerosas persoas de varias parroquias e ocasiona cuantiosos destrozos en bens e colleitas. Outra unidade militar, acaso a mesma, carecemos de evidencias, perpetra unha grandísima matanza na parroquia de Matalobos.

Somos conscientes de que o emprego dos arquivos parroquiais como fonte única pode mediatizar, polarizánda, a análise histórica e a reconstrucción dos feitos. Cómpre por iso aclarar que este traballo pretende únicamente recuperar o catálogo das vítimas sen desbotar, se for o caso, toda aquela outra información suplementaria que poida colaborar á mellor comprensión dos feitos.

As fontes –libros de defuntos dos arquivos parroquiais das 51 parroquias que conforman o concello estradense, 44 deles depositados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, en diante AHDS, e os sete restantes conservados nas correspondentes

parroquias¹— depárannos información e ás veces interesantes sorpresas. Tal sucede cando o párroco inclúe, habitualmente no limiar da relación das persoas falecidas, certas descripcións, relatos, comentarios e opinións de índole persoal. Todo este acervo informativo, convenientemente incrementado con achegas doutras zonas ata conseguir un agregado numérico suficiente, permitiría reconstruír o perfil humano e socioeconómico das vítimas, tarefa que nos propoñemos acometer decontado. Os falecementos adoitan plasmarse nunha única acta, precedidos dun introito da índole, *Las partidas que siguen son las de las personas...*

Non se prodigou a historiografía galega no tratamento deste tema, existindo, emporiso, algúns estudos de mérito entre os que cómpre salientar, moi especialmente, os titulados *El Águila vencida: los franceses en Galicia (1809). Reflexiones críticas acerca de un capítulo de la Guerra de Independencia Española*, pp. 63-89, de Domingo Luis González Lopo, capítulo 3 da monografía O «saque de Évora» no contexto da Guerra Peninsular. Martins, Fernando e Vaz, Francisco, directores. Évora, 2019. E, da autoría de Juan López Bedoya e José Ramón Pérez Salgado, *A primavera de Trasdeza. Entre marzo e maio de 1809. Factores físicos e cronoloxía dos feitos asociados á batalla de Ponte Ledesma*, en *Anuario Descubrindo*, vol. 15, pp. 191-220, Lalín 2022.

Regresemos ás fontes. No corpo da acta adoita consignarse:

- A parroquia e lugar onde foron enterrados os defuntos ou, no seu caso, celebradas as correspondentes honras (funeral). En ocasións consígnase, ademais, o lugar onde apareceu ou resultou morta a persoa, así, Francisco Rodríguez, veciño de San Pedro de Ancorados: *muerto y enterrado en Pardemarín por haberse hallado allí al tránsito de la tropa francesa*.
- Nome cun apelido e estado: solteiro; casado, viúvo/a, nome do cónxuxe. Ocasionalmente consígnanse nomes de falecidos de fóra da parroquia e descoñecidos: *Un cadáver incógnito que se halló muerto en el campo o sitio donde estaba peleando con los franceses...; [...] muerto y enterrado en Pardemarín por ha-*

1 Figueroa, Matalobos, Toedo e Ouzande; Sta. Cristina de Vea, Cora e Santeles.

berse hallado allí al tránsito de la tropa francesa...; [...] vecina de Meavía...; un mozo de edad 24 años más o menos...

A localización dun soldado entre os mortos confirma a colaboración –quizás a título persoal, á marxe da cadea de mando– do exército coa partida de paisanos que sorprendeou ao enemigo: *Manuel Todrá Jule, de Igualada, Principado de Cataluña, soldado del Regimiento de Línea de Navarra.* Esta unidade militar operou en Galicia ao tempo da ocupación francesa.

- A data do enterramento, da que se deduce a da acción guerrilleira que provocou a represión francesa.
- Outros pormenores como ter recibido ou non os sacramentos, circunstancia case sempre negativa habida conta das condicións dos óbitos. Emporiso, e moi sinaladamente en Matalobos, encontramos abondos casos de supervivencia, unhas horas, uns días, de feridos sacramentados e ainda os houbo que ditaron testamento verbal e dispuxeron as súas propias honras funerarias. Outras circunstancias persoais dos falecidos: *viejo y enfermo; dejan una niña y un niño huérfanos...*

No limiar dos rexistros podemos encontrar:

- As circunstancias da morte: [...] fueron afusilados y degollados; [...] estos son los que fueron degollados; Los cinco que siguen son los que fueron muertos violentamente ...; [...] murió de muerte violenta...; [...] muerte que inhumanamente le dieron...; Las trece partidas que siguen son las de las personas que degolló y mató...; [...] desgraciadamente muerto...; [...] murió de balazos y contusiones...; [...] degollado y a balazos...; [...] murió de dos balazos...; [...] [...] personas que han sido muertas...; [...] arcabuceada...; [...] lo mataron...; [...] muerte desgraciada...; [...] atroz y cruelmente muerto.
- Quen foron os executores: *El exército francés; fuerzas del tirano; el intruso Josef Bonaparte; los franceses; los soldados franceses; el exército de S.M. el Emperador de los franceses; el tirano francés. Los facinerosos lobos carníceros franceses*
- O motivo da represión francesa: [...] haberse levantado el reino de Galicia y defendido valerosamente contra las fuerzas del tirano, no queriendo admitir por Rey ni prestar obediencia al

intruso Josef Bonaparte...; resistirse a una gravosa contribución y reconocimiento.

- Outros desaforos dos invasores: [...] *irrupción que los franceses hicieron en esta Jurisdicción de Taboiro donde talaron, quemaron y mataron cuanto se les presentó...; [...] talando barbaramente, quemando y matando...; [...] sacrificando al furor cuanto encontraban.*
- Referencias toponímicas que contribúen a localizar o lugar do choque e as aldeas vítimas da represión; así mesmo se pode efectuar unha cautelosa aproximación á dirección e sentido do desprazamento francés.
- Casos de torturas e maltratos. Encontramos indicios de ensañamento do inimigo cos paisanos: [...] *atroz y cruelmente muerto; [...] muerte que inhumanamente le dieron los soldados franceses; Juan Barcala faleceu a causa de, [...] balazos y contusiones; Domingo Bascoas [...] degollado y a balazos. Clavado por los franceses.*
- Asasinato de mulleres, indicativo do extremo de残酷za acadaos polo invasor. Encontrarían a morte nas aldeas, a carón das súas casas, nas incursións de represalia. Non hai evidencia da súa participación na guerrilla.

Queda por esclarecer se as relacións de falecidos que os curas inscribiron nos correspondentes libros fan referencia aos caídos en combate, a aqueles que morreron nos actos de represalia ou a ambos os dous. Neste punto a fonte apenas aporta luz, emporiso existe marxe para sinalar que da vinganza francesa non se libraron as mulleres (20,53% dos falecidos), vellos, enfermos nin meniños.

No tocante ao movemento das tropas francesas todo fai pensar nun destacamento procedente da comarca de Deza e Trasdeza en avance cara ao oeste coa fin de ocupar os vizosos vales do Liñares Vea e Ulla; o lugar aproximado achéganolo o párroco de Curantes: [...] *penetró por la altura del San Sebastián, en esta jurisdicción a fin de subyugarla...* Entre os seus obxectivos estaría tamén o control das estratégicas pontes que, salvando o obstáculo natural do río Ulla, aseguraban o tránsito coa cidade compostelana: Ponte Ulla, Sarandón (substituído por un paso de barca) e Ponteveda. Así pois, a oro-

grafía, a rede viaria e as pontes condicionarían non só a circulación polo territorio do exército invasor senón tamén o lugar elixido pola guerrilla para tender a emboscada e consumar o ataque que, á vista das terribles represalias, debeu de ser contundente. A fonte, sen chegar a concretar o lugar do encontro, aporta algúns elementos orientativos; así, o cura de Rubín manifesta que as represalias do francés foron resultado [...] *del ataque que hubo en el monte llamado de la Rocha, inmediato de esta parroquia...*, e o de Souto anota que a Miguel Caramés matárono os franceses [...] *en la parroquia de Santa Cristina de Vinseiro en la retirada del ataque de la Rocha...* Outro encontro coa alarma de Taboirós ou Vea polo control da ponte de Vea, seguramente, debeu ter lugar na parroquia de Couso en febreiro de 1809 pois así se deduce da partida de defunción dun [...] *cadáver incógnito que se halló muerto en el campo o sitio donde estaba peleando con los franceses...*

A durísima represión de Santa Baia de Matalobos, como xa se dixo, podería atribuírse á mesma columna francesa ou a outra que, procedente de Cuntis, sufrixe unha emboscada nas fragosas encostas do Castro Loureiro.

Cabe pensar que, progresivamente, os franceses foron ocupando, con maior ou menor resistencia, todo o territorio que media entre o cordal da Rocha e o río Ulla , de todo o cal encontramos abondosos testemuños nos arquivos parroquiais. Consumaron tamén o control viario e das estratégicas pontes tendidas sobre aquel río ou o que delas quedaba: Sarandón inutilizado había ben anos e suprido por un paso de barcas, do mesmo xeito que Ponte Vea, [...] *habiéndose arruinado el arco mayor del puente [...] a fin de interceptar el tránsito a los franceses...*² Pola súa banda o cura de Santa Cristina de Vea, o día 18 de xuño de 1809, informa de que fora imposible a asistencia dun cumprido número de sacerdotes ao funeral de Lucas Casal [...] *por no poderen asistir los Sacerdotes a causa de estaren dichas tropas en el Puente Bea*, e engade que no foi unxido debidamente [...] *por no haber en esta iglesia el santo óleo ni en las inmediatas a causa de haveren las tropas francesas saqueado la iglesia e incluso las crismeras...*³

2 Obras de reparación de puentes, 1799-1812. AM N.º 915, Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS).

3 Arquivo Parroquial de Santa Cristina de Vea, Libro de Defuntos.

Relación das persoas falecidas na xurisdición de Taboado no mes de marzo de 1809 a mans dos franceses invasores, con mención da data do óbito, lugar, parentescos e outras circunstancias

Parroquia de San Pedro de Ancorados⁴

Los ocho muertos que siguen son los que fueron afusilados y degollados por el exército francés por haberse levantado el Reino de Galicia y defendido valerosamente contra las fuerzas del tirano no queriendo admitir por rey ni prestar obediencia al intruso Josef Bonaparte.

1. Gañete, Bernardo, 20.3.1809, A Pena.
2. Marque, Caetano, 20.3.1809, Ventosela.
3. Pérez, Basilio, 20.3.1809, *marido de Ignacia Pena*.
4. Porto, Juan, 20.3.1809, *viejo y enfermo fue degollado y muerto, marido de Manuela Pazos*.
5. Rodríguez, Francisco, 20.3.1809, Ventosela, *muerto y enterrado en Pardemarín por haberse hallado allí al tránsito de la tropa francesa pidiendo limosna*.
6. Sanlouzáns, Manuel, 20.3.1809.
7. Vila, María, 20.3.1809, Pousadela, *viuda septuagenaria*.
8. Villar, Jacobo, 20.3.1809.

Estos son los que fueron degollados, vecinos de esta feligresía, además de otros cinco vecinos de Santo Tomé que igualmente lo fueron

Parroquia de Santo Tomé de Ancorados⁵

9. Baloira, Jacobo, 20.3.1809, Castro, *marido de Caetana Pereiro, atroz y cruelmente muerto*.
10. Orosa, Juan Antonio, 20.3.1809, Santomé, *marido de María Benita Bascuas, degollado*.
11. Souto, Andrés, 20.3.1809, *degollado*.
12. Mesía, Feliz, 20.3.1809, Tutén.
13. Brey, Manuel, 20.3.1809, *cruelmente muerto, célibe, hijo de Andrés y Antonia Martínez*.

Parroquia de Callobre⁶

14. Vázquez, Francisco, 20.3.1809, Outeiro, *marido de Jacinta de Torres, fue muerto por los franceses*.
15. Ponte, María Antonia, 20.3.1809, Outeiro, *mujer de Blas Trigo, muerta por los franceses*.
16. Pazos, Ignacia, 20.3.1809, Outeiro, *fue muerta por los franceses*.

⁴ Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS) P000618.

⁵ AHDS, P000623.

⁶ AHDS, P005561.

Parroquia de Cereixo⁷

17. Prado, Jacinto, 21.3.1809, Señorán, marido de María Porto, murió de muerte violenta de resultas de la irrupción que los franceses hicieron en esta jurisdicción de Taboirós donde talaron, quemaron y mataron cuanto se les presentó, y una de las muertes violentas que hicieron fue en la persona del referido Jacinto, que en esta desgracia tuvo ocho compañeros en esta referida parroquia de Zereijo.
18. Louzao, Juan, Viso, 21.3.1809, marido de Dominga Nodar.
19. Trigo, Luis, 21.3.1809, Viso, marido de Dominga Matalobos.
20. Constenla, Mateo, 21.3.1809, Viso, viudo de María Piso.
21. Ribeira, Ángela, 21.3.1809, Vilapouca, viuda de Domingo Antonio Mesego, por muerte que inhumanamente le dieron los soldados franceses.
22. Ribadulla, Rosa, 21.3.1809, Vilapouca, soltera, hija de José y Rosario, de muerte que le dieron los franceses [...] talando barbaramente, saqueando, quemando y matando.
23. Louzao, Ricardo, 21.3.1809, Viso, viudo de María de Castro.
24. Ribeira, Manuela, 21.3.1809, Señorán, mujer de Domingo Antonio Carámés, [...] murieron todos sin socorro alguno temporal ni espiritual.
25. Trigo, Jacinto, 21.3.1809, Viso, viudo de Ángela da Ponte. Murió por la tropa francesa sacrificando al furor cuanto encontraba.

Parroquia de Curantes⁸

Las partidas que siguen son las de las personas que degolló y mató el exército de S.M. el Emperador de los franceses cuando penetró por la altura de San Sebastián en esta Jurisdicción a fin de subyugarla por resistirse a una gravosa contribución y reconocimiento...

26. Louzao, Andrés, 20.3.1808, Curantes Novo, viudo de Rosa Fraíz; testó ante José Antonio Nogueira, de Rubín en 8.10.1791.
27. Xiadáns, Andrés, 20.3.1809, Barreira, viudo de Manuela de la Iglesia, testó ante Bonifacio Paseiro en 1.7. 1806. Murió de balazos.
28. Barcala, Juan, 20.3.1809, Curantes Vello, marido de Josefa Paseiro, asesinado por los franceses de balazos y contusiones.
29. Verde, Gregorio, 20.3.1809, Senteiro, marido de Gregoria Porto.
30. Bouzón, Domingo, 20.3.1809, Pousada, marido de Josefa Louzao.
31. Bascoas, Domingo, 20.3.1809, Curantes Vello, marido de Josefa Campos, degollado y a balazos.
32. Louzao, María Rosa, 20.3.1809, Porto, viuda de Domingo Antonio Brey, de dos balazos.
33. Porto, Domingo Antonio, 20.3.1809, Porto, marido de Josefa Xiadáns, de un balazo.
34. Xiadáns, Josefa, 20.3.1809, Porto, mujer del anterior, recibió, a pesar de las heridas, el sacramento de la Penitencia; dejan una niña, Dominga y un niño, Pedro.

⁷ AHDS, P007479.

⁸ AHDS, P010277.

35. Gómez, Juan, 20.3.1809, Barreira, criado de Andrés Xiadáns, solo Penitencia por no dar lugar a más la gravedad de sus heridas.
36. Saco, Rosa, 20.3.1809, hija de Josefa, pobre.
37. Cumbraos, María, 20.3.1809, Curantes Viejo, criada de Juan Bede.
38. Iglesia, Domingo Antonio, 20.3.1809, Nogueira, marido de María Antonia Porto, recibió sacramentos.
39. Umia, Pascual, 20.3.1809, natural de Meavía.
40. Troitiño, Rosa, 20.3.1809, vecina de Meavía (Umia, Valadares), viuda de Gonzalo Vidal.
41. Troitiño, Rufina, 20.3.1809, vecina de Meavía,(Valadares), viuda de Domingo Vidal.

Parroquia de Rubín⁹

Las 24 partidas siguientes contienen los cadáveres de las personas que han sido muertas por los franceses cuando, de resultas del ataque que hubo en el monte llamado de la Rocha, inmediato de esta parroquia, entraron en ella a degüello.

42. Baloira, Andrés, 20.3.1809, Pena de Arriba, marido de Andrea Frey.
43. Fragoso, Juan, 20.3.1809, Bemposta, marido de María de Vila.
44. Sánchez, Lorenzo, 20.3.1809, Bemposta, marido de Isabel Picáns.
45. Lorenzo, Josefa, 20.3.1809, Pena de Arriba, esposa de Juan Rey.
46. Brey, Juan, 20.3.1809, Pena de Abaxo, viudo de María Louzao.
47. Brey, Domingo Antonio, 20.3.1809, Vede, marido de Pascua Bascuas.
48. Paseiro, Rosa, 20.3.1809, Pena de Arriba, mujer de Andrés Rozados.
49. Barro, María Juana, 20.3.1809, Braña, soltera.
50. Martínez, Juan, 20.3.1809, Os Vilas, viudo de Josefa López.
51. Barro, Domingo Antonio, 20.3.1809, Birbiqueira, viudo de Francisca Rodríguez.
52. Barro, Juan, 20.3.1809, Birbiqueira, marido de Feliciana Fragoso.
53. Mato, Bartolomé, 20.3.1809, Birbiqueira, marido de Rosa Vázquez.
54. Pereiras, Francisco, 20.3.1809, Birbiqueira, marido de María de la Iglesia.
55. Nogueira, Andrés, 20.3.1809, Vede, marido de Manuela Fragoso.
56. Nercellas, Ignacio, 20.3.1809, Bemposta, marido de María Sánchez.
57. Villaverde, José, 20.3.1809, Birbiqueira, soltero, de José e Isabel Barro.
58. Maceira, Andrés, 20.3.1809, Balseiros, marido de Teresa Prieto.
59. Villaverde, Domingo Antonio, Braña, marido de Francisca Novoa.
60. Porto, Juan, 20.3.1809, Balseiros, marido de Manuela Paseiro.
61. Carbón, Francisco, 20.3.1809, Os Balseiros, viudo de Margarita Castrelo.
62. Paseiro, Juana, 20.3.1809, Os Balseiros, soltera, hija de Ignacio e Isabel Montoiro.
63. Nogueira, Andrés, 20.3.1809, Vede, viudo de Teodora Alexandra Frende.
64. Rozados, Andrés, 20.3.1809, Pena de Arriba, viudo de Rosa Paseiro.
65. 20.3.1809. Un mozo de edad 24 años más o menos, de poca barba, cuerpo alto, pelo largo atado con una correa, sayo de leiras encabezado, chaleco de Alcoy muy usado, calzones de somonte a medio usar, botines de los mismo viejos y zapatos que llaman virados. Se ignora quien es...

9 AHDS, P018945.

Parroquia de Tabeirós¹⁰

- 66. Toldrá, Manuel, 20.3.1809, *de Pablo y Josefa Jule, de Igualada, principado de Cataluña, soldado del Regimiento de Infantería de Línea de Navarra.*
- 67. Pena, Manuela, 20.3.1809, Sar, *mujer de Francisco Ponte, arcabuceada por los franceses en la incursión que hicieron aquel día en esta desgraciada parroquia.*
- 68. Coto, Agustín, 20.3.1809, Gereliz, *marido de Francisca Tato, arcabuceado por los franceses.*
- 69. Marzoa, Domingo Antonio, 20.3.1809, Sandán, *viudo de María da Ponte.*
- 70. Ponte, Pascual, 20.3.1809, Sandán, *marido de Manuela Caramés.*
- 71. Coto, Jacinto, 20.3.1809, Quintas, *soltero.*
- 72. Taboada, Jacinta, 20.3.1809, Sandán, *viuda de Lucas Coto.*
- 73. Silva, Domingo Antonio, 20.3.1809, Outeiriño, *marido de Jacinta Durán.*
- 74. Borrageiros, Ignacia, 20.3.1809, Cepetelo, *soltera, de Domingo e Isabel Rodríguez.*
- 75. Loureiro, Juan, 20.3.1809, Tosar, *marido de Bárbara da Vila.*
- 76. Borrageiros, Roque, 20.3.1809, Sandán, *viudo de Benita Freán.*
- 77. Porto, Jacinto, 20.3.1809, Gereliz, *viudo de María Rodríguez.*
- 78. Durán, Juan, 20.3.1809, Tosar, *soltero, de José y Josefina Vicente.*

Parroquia de Souto¹¹

- 79. Caramés, Miguel, 20.3.1809, Montillón de Abajo, *marido de Benita Fernández, lo mataron los franceses en la parroquia de Santa Cristina de Vinseiro en la retirada del ataque de La Rocha.*

Parroquia de Guimarei¹²

- 80. Docampo Rodríguez, Jorge, 20.3.1809, *muerto en el campo de un balazo tirado por la tropa francesa cuando ocupaba esta feligresía y otras del contorno.*
- 81. Touceda, José, 20.3.1809.

Parroquia de Ouzande¹³

- 82. Ponte, Antonio, 20.3.1809, *esposo de María Riba, muerto por un balazo de los franceses que vinieron a esta jurisdicción.*

Parroquia de Couso¹⁴

- 83. Balado, Francisco, 12.2.1809, Couso, *marido de Antonia Estévez, desgraciadamente muerto por los franceses.*

¹⁰ AHDS P021495.

¹¹ AHDS, P001097.

¹² AHDS, P011740.

¹³ Arquivo Parroquial, Libro de Defuntos.

¹⁴ AHDS, P010018.

84. Outeiro, Pedro, 12.2.1809, Barco, *marido de María Pazos, desgraciadamente muerto por los franceses.*
85. 13.2.1809, *un cadáver incógnito que se halló muerto en el campo o sitio donde estaba peleando con los franceses; su tenor: mediana estatura, flaco, calvo y dentamia.*

Parroquia de Orazo¹⁵

86. Liste, Domingo, 1.5.1809.
87. Orosa, Francisco, 1.5.1809.
88. Colmeiro, Simón, 1.5.1809.

Parroquia de Matalobos¹⁶

89. Rosende, Andrés, 4.3.1809, *esposo de María Matalobos, lo mataron la tropa francesa a balazos.*
90. Hijo de Gregorio Sueiro, 4.3.1809, Río de Sapos, solteiro de 17 ou 18 anos, *muerto a balazos de los franceses.*
91. Carbia, Bonifacio, 4.3.1809, A Brea, *marido de Jacoba, fue muerto a tiro de balazo por los franceses.*
92. Jacoba, 4.3.1809, *mujer del referido Bonifacio, que también fue muerta por los franceses.*
93. Balado, Juan, 4.3.1809, *muerto con su mujer a tiro de fusil por los depravados franceses.*
94. Muller de Juan Balado, 4.3.1809.
95. Diéguez, Domingo Antonio, 4.3.1809, *yerno de los de arriba [Juan Balado e esposa] y marido de Jacoba Balado, también a tiro de los repetidos franceses.*
96. Chedas, Alonso, 4.3.1809, Gendos, *quedó muerto al golpe por los franceses.*
97. Ponte, Jacobo, 4.3.1809, Matalobos, *marido de Francisca Sueiro.*
98. Un fillo do anterior, 4.3.1809, de 14 anos, *ambos muertos como los más de arriba.*
99. Ponte, Jacobo [el menor], 4.3.1809, Matalobos, *marido de Andrea Montoiro.*
100. Un meniño [*poco más de un año de edad que tenía en sus brazos*], 4.3.1809, *muertos por los monstruos franceses.*
101. Neira, Francisco, 4.3.1809, Matalobos, *viudo, también muerto por los franceses.*
102. Carbia, Domingo, 4.3.1809, Matalobos, *viudo, también por la tropa francesa.*
103. Valente, 4.3.1809, Matalobos, *Yerno de Domingo de Carbia, marido de Josefina de Carbia, también clavado por los franceses; se confesó y recibió los Santos Sacramentos; no dispuso por estar agonizando y no haber testigos, que todos se escaparon del lugar y era de noche, con el miedo de los feroces perros.*

¹⁵ AHDS, P013063.

¹⁶ Arquivo Parroquial, Libro de Defuntos.


104. Chedas, Jacobo, 4.3.1809, Matalobos, *Marido de Feliciana de Matalobos, también a tiro de fusil de los franceses.*
105. Souto, Francisco, 4.3.1809, Matalobos, *hijo de Vicente, marido de Benita Calvelo, muerto como los más de arriba y al momento.*
106. Souto, Leandro, 4.3.1809, *marido de Josefa Calvelo, fue muerto, como los demás vecinos, a tiro de fusil por los crueles franceses.*
107. Un criado de Francisco Souto, 4.3.1809, *expósito y muchacho que había pocos meses le servía y que era de Taboirós.*
108. Outro que era de Montes ou Taboirós, 4.3.1809, *venía escapándose de los franceses y lo mataron dentro de los términos de esta parroquia al golpe, como hicieron con otros. Os mortos numerados 107 e 108 foron enterrados [...] en el atrio de la iglesia hacia el vendaval de Matalobos por no al pronto poder ser dentro de la iglesia por estar muy llena de cuerpos.*
109. Graña, Diego, 4.3.1809, Montoiro, enterrado en Baloira, *muerto de balazos de los depravados franceses y cayó en el crucero da Santa Baya muerto al golpe.*
110. Collazo, María, ferida o 4.3.1808, falece o 11.3.1809, *viuda de José Montoiro.*
111. Chedas, Sinforosa, ferida o 4.3.1809, sobrevive deica o 11.3.1809, solteira, *filla de Jacobo, fue también herida de balazos pero no quedó muerta al pronto.*
112. Souto, Francisco, ferido o 4.3.1809 falece o 14.3.1809, Matalobos, *marido de María de Castro, herido de balazos.*



Muiñeiro de brétemas

Noel Feáns
noel@feans.com


Noel Feáns (Santiago de Compostela, 1977) leva máis de dúas décadas compaxinando a súa profesión no mundo do Dereito coa paixón pola creación nos campos da música, a edición, a divulgación cultural e a fotografía. Un veleno, o das imaxes, que lle inoculou, sendo cativo, a querenza de seu pai polo cine clásico e a omnipresenza da cámara da súa nai. Dúas sementes que xermolaron cos anos e deviron na necesidade de ver e atrapar a versión máis delicada do mundo a través dunha lente. Unha ollada que nas dúas últimas décadas ten virado decote cara á maxia dos amenceres da ribeira do río Ulla, sedución que de seguro xermolou nos veráns pasados na casa familiar de Vilancosta en Berres na súa adolescencia. Néboa, brétema, calixe, fuscalle, boraxeira... auga en suspensión. Un dos selos visuais máis característicos dos abreantes das paisaxes galegas que na Ulla acada dimensíons taumatúrxicas tornándose así nunha das liñas temáticas máis explotadas polo fotógrafo compostelán.



Val do Ulla.




Castrovite, Orazo, A Estrada.




Coto de Castro, Castro, A Estrada.



Gundián, entre Vedra e A Estrada.



Val do Ulla.



Gundián, ponte nova do ferrocarril.



Castrovite, Orazo, A Estrada.



Torre de Guimarei, Guimarei, A Estrada.




Estación do ferrocarril, Venda.



Coto de Castro. Castro, A Estrada.



Ponteveda, sobre o río Ulla.




Castro e o val do Ulla.



Ponte do Xirimbao sobre o Ulla.




Ponteveda sobre o Ulla.



Casa e torre de Guimarei, Guimarei, A Estrada.



Val do Ulla.



Val do Ulla.



O Ullo entre a brétema.



Vai do Ulla.



Os petróglifos da Costa dos Cabalos e a Pedra dos Cabalos, revisión e novas estacións rupestres

Colectivo A Rula

colectivoarula@gmail.com

Resumo. Realizamos a revisión e estudo dos xacementos rupestres da Costa dos Cabalos e da Pedra dos Cabalos localizados na parroquia de San Xurxo de Vea, no concello pontevedrés da Estrada. Asemade, achegamos datos de dous novos xacementos rupestres próximos ós xa catalogados, que denominamos Costa dos Cabalos 2 e Pedra dos Cabalos 2.

Abstract. Study and revision of the rock sites of Costa dos Cabalos and Pedra dos Cabalos, located in the parish of San Xurxo de Vea, in the municipality of A Estrada (Pontevedra).

Data about two new rock sites, located nearby, are also provided.

Introdución

As novas sobre o primeiro achado da primeira estación de arte rupestre no Concello da Estrada datan do ano 1938, cando un veciño das Quintas, Jesús Romar Castro, localizou na croa do Castro das Quintas (ou de Codeseda) un pequeno gravado exento, hoxe depositado no Museo Arqueolóxico de Pontevedra. Deste achado deron conta ilustres persoeiros da nosa cultura coma Federico Maciñeira e posteriormente Fermín Bouza Brey, nun artigo publicado no *Boletín da Real Academia Gallega* (1942).

Tiveron que pasar cincuenta anos máis ata a descuberta de novos petróglifos estradenses, concretamente na parroquia de San Xurxo de Vea. En abril de 1988 o investigador e escritor, Juan Andrés Fernández Castro, na compaña do seu fillo, localizaban os gravados da Costa dos Cabalos que publicarían vinte anos despois nun interesante artigo na revista *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* (núm. 11, 2008), intitulado: «Gravados rupestres na Estrada: da Idade do Bronce aos nosos días». Neste mesmo traballo, o autor resume as estacións rupestres coñecidas ata ese momento no termo



Petróglifo do Castro das Quintas (Codeseda) no Museo de Pontevedra e calco de Bouza Brey. Colectivo A Rula.

municipal da Estrada. Entre as estacións referidas cita tamén a denominada Quenlla dos Castiñeiros ou Quenlla dos Carballos, unha estación de gran interese da que publicamos, en colaboración con Juan Manuel Abascal Palazón, un estudo detallado no ano 2021, «A estación da Quenlla dos Carballos na Estrada. Un santuario rupestre cunha dedicatoria a Diana na ribeira do Ulla», publicado na revista *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 24 (2021).

Desde ese ano 2008, a reducida lista de estacións rupestres coñecidas no concello da Estrada foi aumentado de xeito substancial, principalmente grazas ao intenso labor investigador de Jorge Fernández Guerra, membro da Asociación Cultural Codeseda Viva.

No ano 2018 tivemos a sorte de colaborar con Jorge no estudo do fermoso petróglifo de Chan de Lamas, que destaca pola representación dunha gran cerva, un panel de temática naturalista que enriqueceu notablemente o corpus dos petróglifos estradenses. O estudo foi recollido nunha publicación do noso blog «Chan de Lamas. O primeiro gran cervo da Estrada» e no libro *Na espiral dos círculos concéntricos: un vínculo social do patrimonio rupestre* (Colectivo A Rula, 2019)

Nese mesmo ano, Jorge publica tamén na revista *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 21 (2018) o artigo «Novos petróglifos do grupo galaico da arte rupestre no concello da Estrada», no que tamén tivemos a honra de colaborar. Nel presenta 40 novos petróglifos localizados no sur do concello (Chan de Lamas entre eles) e outros 19 máis situados nos límites cos concellos de Cuntis, Campo Lameiro, Forcarei e Ceredo-Cotobade. Feito que supuxo unha considerable ampliación do catálogo rupestre precedente.

Non queremos esquecernos do labor desenvolvido polo imprescindible Colectivo Capitán Gosende que ten na Terra de Montes o escenario das súas pesquisas. Nestes anos foron moitas as súas descubertas. No concello da Estrada salientan os petróglifos do Outeiro da Pena I, II e III e a Ventá do Areal na parroquia de Sabucedo e, a Bighoia na parroquia de Codeseda.


E ata aquí a síntese xeral sobre os petróglifos coñecidos no concello da Estrada. Con esta nova publicación queremos completar algo máis este catálogo de petróglifos estradenses afondando no estudo das xa coñecidas estacións da Costa dos Cabalos e da Pedra dos Cabalos, situadas preto do santuario da Quenlla dos Carballos, e dar a coñecer dous novos xacementos rupestres próximos ós citados que nomearemos Costa dos Cabalos 2 e Pedra dos Cabalos 2.

As novas tecnoloxías aplicadas ó estudo da arte rupestre permítennos arrestora lograr unha maior precisión no rexistro destes paneis e recoller pormenores e figuras que polo desgaste e erosión destes deseños milenarios non figuraban nas antigas fichas de catalogación.

Situación xeral

As estacións rupestres da Pedra / Costa dos Cabalos localízanse nun pequeno cordal pouco elevado con cumios que circundan os 400 m.s.n.m. no linde natural de catro parroquias estradenses, San Xurxo de Vea ó NE, San Miguel de Barcala ó NO, Frades ó sur e Santa Mariña de Barcala ó oeste.

Este cordal forma parte das pequenas elevacións que pechan polo leste a Depresión Meridiana e van dar paso cara ó leste ás terras más chans do concello da Estrada. Nela abrollan numerosos regos que

PETRÓGLIFOS DA COSTA DOS CABALOS

Situación das catro estacións rupestres da área arqueolóxica da Costa dos Cabalos / Pedra dos Cabalos sobre planimetría do IGN. Colectivo A Rula.

discorren en tódalas direccións (Rego da Lagoa, Rego das Mulleres, Rego do Pumariño,...).

Tal como recolle o inventario patrimonial da Estrada e o actual Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia os petróglifos figurán na mesma área arqueolóxica, na parroquia de San Xurxo de Vea. Debido á proximidade das dúas estacións novas ós xacementos xa coñecidos, estes inclúense na mesma área de protección xa establecida, só ampliarían uns metros a área actual.

Os xacementos arqueolóxicos máis próximos a área arqueolóxica da Pedra ou Costa dos Cabalos serían o citado petróglifo da Quenlla dos Carballos a 1,5 km ó norte e a Pedra Santeira a 1,65 ó NE. O río Ulla discorre a menos de 2 km en dirección norte. Tamén cómpre salientar a proximidade a outros bens culturais como a igrexa románica de Santa María de Frades a 900 m ó sur deste emprazamento e do igrexario de San Xurxo de Vea á 650 m ó NE.



Descuberta da Costa dos Cabalos en abril de 1988. Arquivo Juan Andrés Fernández Castro.

O petróglifo da Costa dos Cabalos (GA36017211)

(Coordenadas Maps: 42.7260279749 -8.5683089867)

Trátase dun afloramento granítico de gran grosor moi irregular lixeiramente orientado ó oeste, seguindo a pendente natural do terreo que descende paseniño en dirección ó linde coa parroquia de Santa Mariña da Barcala. Son superficies apenas destacadas sobre o terreo, agás no seu extremo nordés onde acada unha altura de case un metro. Cabe destacar a escaseza doutros afloramentos pétreos na contorna inmediata do petróglifo polo que este salienta na paisaxe ó situarse na zona máis elevada e antes do declive do terreo, máis pronunciado cara ó sur, especialmente se ollamos a laxe dende esta parte sur do xacemento.

As superficies situadas más a rentes do chan do afloramento son as más regulares e nas que atopamos os diferentes paneis gravados. En liñas xerais, son superficies horizontais lixeiramente convexas con suaves pendentes, superficies moi erosionadas e con procesos activos de meteorización, probablemente a consecuencia dos nu-



Situación dos tres paneis. Arquivo Juan Andrés Fernández Castro.

merosos incendios sufridos nas últimas décadas. Tamén destaca a numerosa presenza de cuarzo e feldespatos brancos que lle confiren á superficie unha tonalidade esbrancuxada que, en boa medida, dificulta a observación dos gravados. Tamén ollamos fenómenos de termoclastia que afectaron gravemente a algúns dos motivos.

Descripción

O nivel de desgaste dos motivos gravados é desigual, pero en xeral é alto, o que xunto ós tons claros da pedra dificulta a súa visualización, incluso en boas condicións de luz natural.

Para o seu estudio e descripción dividimos a estación en tres paneis con superficies definidas e delimitadas por elementos naturais (diáclases) e, que denominamos, seguindo a división proposta no seu momento por Juan Andrés: superior, central e inferior.

Nos tres paneis consérvanse só motivos xeométricos, basicamente combinacións de círculos concéntricos algunas delas unidas entre si por sucos lineais ou curvos, conformando pequenas aliñacións de ata tres círculos concéntricos.




A redescuberta da Costa dos Cabalos no verán de 2008. Arquivo Juan Andrés Fernández Castro.


Observamos un total de 16 combinacións circulares, a figura máis emblemática do denominado Grupo Galaico da Arte Rupestre e da Arte Atlántica Europea.

Panel superior


No bordo superior da laxe, na parte máis occidental do afloramento, atopamos un panel de 302 x 210 cm cun claro alombamento na parte central onde se localizan os gravados. Represéntase unha combinación circular, duns 40 cm de diámetro (1), formada por catro aneis da que parte dende o bordo do primeiro deles, o central, un suco de saída que descende cara a parte inferior da laxe, ó sur, duns 25 cm de longo. A ambos os lados deste radio de saída e acaroados a parte inferior da primeira combinación figuran os restos dunha segunda combinación (2) con dobre anel que non chegan a pechar e coviña central sobre o propio radio que une ambos motivos. Ó seu carón figuran restos de liñas curvas que semellan abrazar a composición, moi erosionados. A pesar do gran desgaste que presenta é un motivo cun deseño moi interesante que lembra outras composicións que poderían representar unha figura ou deidade feminina.



Modelo fotogramétrico do panel superior con indicación dos gravados. Colectivo A Rula.



Motivo principal do panel superior do petróglifo con indicación dos gravados. Colectivo A Rula.




Modelo fotogramétrico do panel central e inferior con indicación dos gravados.
Colectivo A Rula.

Paneis central e inferior


Dous paneis, na zona central, ó norte do afloramento, o panel central de 300 x 345 cm de tamaño e no extremo oriental do afloramento, o panel inferior de 280 x 170 cm. Entre ambos paneis figuran ata 13 combinacóns de círculos concéntricos de diferentes tamaños, que posúen de catro a un só anel, a maioría deles con coviña central. As dimensións oscilan entre os 35 e 12 cm de diámetro. O estado de conservación dos diferentes motivos é moi desigual o que explica que moitas das figuras non aparezan rexistradas nas fichas e sexan moi difíciles de ver coa luz natural.

No panel central destacan tres combinacóns unidas (6, 7 e 8) por un suco no bordo superior da laxe que son as que se conservan en mellor estado. A maior conta con catro aneis, a central tres e a situada ó leste só un. Na parte central á esquerda figura unha combinación (9) moi erosionada da que parte un suco curvo que a une con outra combinación tamén moi degradada (10). Completan o panel tres combinacóns más illadas (11, 12 e 13) situadas no centro e parte inferior do panel. Acarroada ó círculo exterior da nº 11 con-

Os petróglifos da Costa dos Cabalos e a Pedra dos Cabalos, revisión e novas estacións rupestres



Fotografía dos motivos rexistrados no panel central e inferior nas fichas do petróglifo da Costa dos Cabalos. Arquivo Juan Andrés Fernández.



Fotografía actual dos petróglifos da Costa dos Cabalos coa sinalización dos paneis central e inferior. Colectivo A Rula.

sérvase un pequeno motivo formado por círculo e coviña central. Unha das combinacións (13) só conserva o anel exterior debido os «descunchados» da pátina superior da laxe, afectada polos lumes que periodicamente afectaron esta área.



Pormenor do panel central do petróglifo da Costa dos Cabalos. 3 combinacións circulares enlazadas (6, 7, 8) por un radio de unión no bordo superior do panel.
Colectivo A Rula.



Pormenor do panel central do petróglifo da Costa dos Cabalos, dúas combinacións circulares illadas (11 e 12) e danos de «descunchados» polos efectos dos lumes forestais. Colectivo A Rula.

No panel inferior localízanse outras cinco combinacións seguindo unha mesma alinación e situadas na zona central e inferior do panel. A superior é a mellor conservada (5) e a de maior tamaño con tres aneis, ten acaroados ó anel externo na parte inferior outra combinación de pequeno tamaño (4). A seguir, dúas combinacións más de dobre anel e pequeno tamaño na mesma liña (1 e 3). Completa o



Pormenor do panel inferior do petróglifo da Costa dos Cabalos, catro combinacións circulares en liña (1,3, 4 e 5).

panel, á dereita e na parte inferior, unha última combinación máis grande, tamén de dobre anel, pero moi degradada e case imperceptible a simple vista (2).

Pedra dos Cabalos (GA36017090)

(Coordenadas Maps: 42.72511, -8.57129)

Sitúase a tan só 267 metros ó suroeste do conxunto da Costa dos Cabalos. Conserva gravados en dous paneis ben diferenciados. Un primeiro panel nunha superficie vertical e un segundo panel nunha superficie horizontal.

Panel vertical


Nunha parede vertical de superficie irregular con máis de dous metros de altura consérvanse un amplio repertorio de motivos históricos entre os que destacan os cruciformes de diferentes tamaños e formas (latinos e gregos). Algunhas cruces representanse inscritas en cadrados e outros con dobre trazo tanto nos brazos coma nos



Zócolo de pedras ó carón da grande lousa vertical do petróglifo da Pedra dos Cabalos 2.

cabos. Tamén figuran posibles alfabetiformes moi erosionados. Son motivos tallados con sucos de certa profundidade e de arestas vivas que evidencian a súa elaboración con ferramentas metálicas.


Destaca a presenza dunha fileira de pedras chantadas ou colocadas á beira da laxe que semellan reforzar a grande pedra vertical.



Petróglifo da Pedra dos Cabalos, panel horizontal e vertical.

Panel horizontal

A metro e medio ó sur do panel vertical, localízase unha laxe de forma cadrada de 152 x 210 cm de diámetro que apenas sobresae do chan. Case a práctica totalidade da súa superficie figura gravada con coviñas e cazoletas, máis de medio cento de diferentes tamaños e formas (circulares, alongadas, ovoides), e profundidades (2 a 14



Modelo fotogramétrico do panel vertical da Pedra dos Cabalos.

cm). No bordo superior ó norte, ollamos tres coviñas con separación case equidistante e na mesma alíñacion, motivos que tampouco aparecen rexistrados nas fichas de catalogación antigas.

Chama a atención o contraste entre estas tres coviñas illadas coa agrupación e profusión dos motivos distribuídos pola parte central do panel. O conxunto resultante produce no espectador unha sensación de *horror vacui*.

Pese a aparente distribución caótica, moitas das coviñas están aliñadas ou agrupadas con outras e algunas delas están unidas por sucos curvos.

Fixar unha cronoloxía a este tipo de paneis, asignalos a un grupo cultural ou coñecer a súa significación e o papel que xogaban dentro



Zona de fractura. Pormenor do petróglifo da Costa dos Cabalos 2.

das comunidades que os crearon e utilizaron, son cuestiós abertas ó debate dende hai moito tempo entre os investigadores neste campo. En xeral, asignáselles unha cronoloxía prehistórica cando comparan paneis con combinacións de círculos concéntricos mentres que somos más cautos cando aparecen en paneis, como neste caso, no que só atopamos este tipo de gravados.

Investigadores, como F. J. Costas Goberna, sinala nun dos seus traballo sobre a catalogación dos petróglifos do sur da ría de Vigo (1984), que estes paneis illados con coviñas en laxes prominentes e destacadas na paisaxe e que se divisan dende certa distancia, como é o caso da Pedra dos Cabalos (panel vertical), poderían ser fitos de delimitación de territorios e, por tanto, de época histórica. Podería ser este ó caso, se temos en conta a proximidade ó panel vertical e a estación 2 da Pedra dos Cabalos con gravados que podemos interpretar como marcas de termo. Deixamos aberta a súa interpretación, só temos claro que este tipo de manifestacións artísticas poden ter varias significacións en función do lugar e contexto onde se localizan.

Cómpre sinalar que este panel sufriu danos importantes a finais do ano 2016, posiblemente polo paso de maquinaria pesada, que




Gravados históricos no panel vertical da Pedra dos Cabalos.

danaron gravemente o lateral oriental da estación o que provocou a perda irreversible dos gravados nese ángulo, segundo recolle un informe redactado polos técnicos Mario César Vila & Marta Martínez Parada dentro dos traballos de catalogación do proxecto de Compostela Rupestre.



Pedra dos Cabalos. Panel horizontal.



As novas estacións

Estas estacións foron localizadas polo Colectivo A Rula a escasa distancia das estacións rupestres xa coñecidas e catalogadas.

Petróglifo da Costa dos Cabalos 2


Coordenadas Maps: 42.72511, -8.57129

Localízase a nove metros ó NE da estación núm. 1. É un bolo granítico de formas redondeadas que destaca sobre o terreo da súa contorna inmediata.

Ten na zona superior unha superficie que tende á horizontalidade pero é moi irregular, cun tamaño de 280 x 160 x 175 cm. Ocupando un lugar central hai unha pía natural irregular de 16 x 21 cm comu-



Coviñas e pías naturais. Pormenor do petróglifo da Costa dos Cabalos 2.



Modelo fotogramétrico do petróglifo da Costa dos Cabalos 2.



Panel central do petróglifo da Costa dos Cabalos 2 (coviñas e pías).


nicada a través dunha pequena canle cunha segunda pía de menores dimensións (pías endorreicas).

Nas zonas más regulares da rocha localízanse un total de sete coviñas. Unha delas (5) conserva ó seu redor parte dun círculo. Outras atópanse ó redor da grande pía natural (3,4,) no centro do panel. A laxe presenta numerosas pías naturais de menor tamaño sobre todo ó carón das coviñas do bordo inferior (1 e 2) que semellan integrarse no propio panel para conxugar os elementos antrópicos cos naturais.

Pedra dos Cabalos 2

Coordenadas Maps: 42.72521, -8.57143

Localízase no extremo noroeste dunha rocha que mantén a mesma liña do afloramento rochoso da Pedra dos Cabalos 1, situada a 15 m ó NO desta segunda estación. Trátase tamén dunha laxe vertical de fisionomía e composición semellante á da estación 1 pero de dimensións más reducidas e menor altura (ca. 170 cm) aínda que foi seccionada, posiblemente polos canteiros, pola parte superior aínda que non danaron a cruz.



Modelo fotogramétrico do petróglifo da Pedra dos Cabalos 2.

Posúe como único motivo gravado unha cruz na parte central de boa factura e dimensíons, uns 50 cm de diámetro, e inscrita nunha forma oval algo irregular. Trátase dunha cruz grega potenzada coa particularidade de que os brazos prológanse máis alá dos remates horizontais e verticais da potenza. Ten sucos profundos e con arestas vivas que evidencian a súa elaboración cun útil metálico e a súa pátina revela unha clara adscrición histórica.

É evidente que a cruz sitúase nunha situación propicia e ten un tamaño suficiente para poder divisarse a certa distancia. Pola posición e tipoloxía do gravado pensamos que se trata dunha cruz de termo realizada en época histórica para marcar o linde parroquial. Na actualidade está na parroquia de San Xurxo de Vea pero a só

Os petróglifos da Costa dos Cabalos e a Pedra dos Cabalos, revisión e novas estacións rupestres

PETRÓGLIFOS DA COSTA DOS CABALOS



Situación da área arqueolóxica da Costa dos Cabalos /Pedra dos Cabalos coa sinalización da área de protección do PBA (Plan Básico de Galicia) e dos lindes parroquiaís.



Pedra dos Cabalos 2.




Cruz de termo na Pedra dos Cabalos 2.

128 m do linde coa parroquia de San Miguel de Barcala ó norte e a 107 m do linde coa parroquia de Santa María de Frades ó sur. Tampouco queda lonxe a fronteira parroquial de Santa Mariña de Barcala, a só 338 m ó oeste.

Consideramos que tanto a Pedra dos Cabalos 1 como esta segunda estación situadas na mesma dirección seguindo o mesmo afloramento, e visibles dende certa distancia pola súa altura, puideron empregarse noutros tempos como fitos lindeiros parroquiais situados ó carón dun antigo camiño, recollido nos planos topográficos antigos do IGE (ca. 1940) e que atravesaba a parte máis elevada do cordal, sendo substituído polas actuais pistas.

A cruz de termo da Pedra dos Cabalos lémbraños outras cruces de tipoloxía semellante, como é o caso da cruz grega tamén potenzada no chamado Marco do Vento no Monte do Seixo, antigo linde dos concellos de Ceredo (N), A Lama (S), Forcarei (L) e Cotobade (O), por citar outro exemplo na mesma comarca.



Fotogrametría da cruz de termo no Marco do Vento. Monte do Seixo.

Conclusións

Agardarmos que este pequeno estudio poida contribuír á valorización desta interesante área arqueolóxica. A localización de novos motivos nos petróglifos xa coñecidos previamente e a descuberta de dúas novas estacións poñen de manifesto o grande interese desta zona de tránsito natural, deste cordal montañoso na estrema de catro parroquias estradenses.

O estudo revela a importancia que ten o feito de revisar periodicamente os xacementos rupestres para actualizar as fichas descriptivas e referir o seu estado de conservación. Alén das novas estacións referidas, grazas a fotogrametría e as visitas realizadas a distintas horas do día e da noite, uidemos documentar ata 16 combinacións de círculos concéntricos no petróglifo da Costa dos Cabalos 1 cando na ficha actual do inventario patrimonial do PXOM só constan seis. Estamos a falar dunha grande estación de arte rupestre, posiblemente da Idade do Bronce ou finais do Neolítico, que cómpre destacar polo seu gran valor patrimonial.



A vila da Estrada dende a Costa dos Cabalos (San Xurxo da Vea). Colectivo A Rula.

Por outra banda, lamentamos o feito de que estas laxes non contén con ningún tipo de franxa de protección ó seu redor, polo que periodicamente víronse afectadas polos lumes forestais e en perigo pola actividade antrópica desenvolvida na súa redonda, como lamentablemente mostran os danos no panel horizontal da Pedra dos Cabalos.

Esperamos que esta publicación contribúa a concienciar ás entidades públicas responsables da conservación do noso patrimonio a establecer as medidas oportunas para garantir a súa protección no futuro e abran a posibilidade de deseñar roteiros interpretativos que poñan en valor esta zona que salienta polo seu valor patrimonial e paisaxístico. Sería sinxelo o deseño dunha ruta que partise do igrexario de San Xurxo de Vea ou da igrexa de Santa María de Frades e dar a coñecer estes bens arqueolóxicos con outros interesantes elementos do patrimonio etnográfico e relixioso desta zona.

Rematamos agradecendo a Juan Andrés Fernández a cesión dos documentos gráficos do seu arquivo particular, que resultaron de grande interese, xa que foron unha boa referencia para analizar a evolución destes gravados nos últimos trinta anos.

Bibliografía

Blog Megaliticia:

<https://megaliticia.blogspot.com/2017/07/petroglifos-da-costa-dos-cabalos.html>

Colectivo A Rula, «Chan de Lamas. O primeiro gran cervo da Estrada», En: *Na Espiral dos Círculos Concéntricos: O Colectivo A Rula un vínculo social co patrimonio rupestre*. Editorial Espacio Cultura, 2019, páxs. 235-249

Colectivo A Rula. 2021. Blog: *A estación da Quenlla dos Carballos na Estrada. Un santuario rupestre cunha dedicatoria a Diana na ribeira do Ulla*.

FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés. «Gravados rupestres na Estrada: da Idade do Bronce aos nosos días», en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*. xi. 2008, páxs. 209-230.

FERNÁNDEZ GUERRA, Jorge. «Novos petróglifos do grupo galaico da arte rupestre no concello da Estrada», en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* XXI. 2018, páxs. 181-218.



A literatura gastronómica de Álvaro Cunqueiro: a propósito do *príncipe prateado*

Armando Requeixo

armando.requeixo.cuba@usc.gal

Resumo. Este artigo estuda a literatura gastronómica de Álvaro Cunqueiro centrando a atención nun dos elementos más recorrentes desta escrita: a figura do salmón.

Nos diferentes apartados dos que consta este traballo defínese o concepto «literatura gastronómica» aplicado á obra do mindoniense; infórmase sobre a relación de Cunqueiro coa Estrada; dáse noticia do seu papel como pregoeiro da IV Festa do Salmón en maio de 1977; lévase a cabo unha relación exhaustiva dos textos de Cunqueiro que tratan monograficamente sobre o salmón e refírense tamén outros textos nos que este peixe é amentado máis circunstancialmente.

Abstract. This article focuses on the gastronomic literature of Álvaro Cunqueiro, paying special attention to the figure of the salmon, one of most recurring elements in his writing.

In the different sections of this paper, the concept of 'gastronomic literature' applied to the work of the writer from Mondoñedo is defined. The article also describes the relationship between Cunqueiro and the municipality of A Estrada and his role in the inauguration of the 4th Salmon Festival in May 1977. It also offers a comprehensive list of Cunqueiro's monographic texts about the topic of the salmon and other texts that deal more circumstantially with this subject.

A admirable polifacecia de Álvaro Cunqueiro ten levado a que, en moitas ocasións, fose presentado como «escritor e gastrónomo», entendendo que ambas as dúas realidades eran nel entes disociados dos que se ocupaba por igual. Deste xeito, xerouse unha visión segundo a cal o mindoniense foi poeta, narrador, dramaturgo e ensaísta e logo, como se dun continente autorial distinto se tratase, tamén «xornalista» e «gastrónomo».

Pois ben, as páxinas que seguen queren ser unha mostra do que noutros lugares xa sostiven: que Cunqueiro nunca deixou de facer literatura, por máis que escribise nos xornais ou revistas, que locutase textos radiofónicos ou, como aquí tentarei demostrar, abordase nos seus textos contidos e temáticas que entran de cheo na esfera da gastronomía. Dito noutras palabras: Cunqueiro exerceu a «literatura gastronómica»; ou sexa, a escrita literaria sobre tema gastronómico,

verbo de asuntos que teñen que ver co ámbito da arte culinaria e da súa cultura, si, mais codificando a escrita como un relato, unha creatura arquitecturizada seguindo unha retórica xenuinamente literaria.

De por parte, neste artigo centrarei a atención nun subcontinente da extensa, fera e sempre abraiente literatura gastronómica de Cunqueiro: a escrita salmónida, dando noticia e comentando todos aqueles textos do de Mondoñedo nos que o que el chamou o «príncipe prateado» ten presenza protagónica ou, no seu defecto, é amentado de xeito substantivo.

Tamén si, dedicarei un capítulo a aqueles artigos nos que A Estrada, como epicentro salmónido por excelencia, foi o obxecto primordial da atención cunqueiriana, pois non en van o mindoniense tivo no seu día a fortuna de ser o pregoeiro da afamada Festa do Salmón, como logo igualmente detallarei.

Entremos, pois, en materia cunhas precisións iniciais sobre a literatura gastronómica de Cunqueiro.

A literatura gastronómica

Sería non só prolixo senón que sobordaría nidicamente os naturais límites deste breve ensaio pretender mapear agora o vasto e poliédrico labor que ao longo de case medio século desenvolveu Cunqueiro no eido da literatura gastronómica. Por iso mesmo, conformareime con anotar apenas unhas cantas cuestións hermenéuticas que han contribuír a mellor entender a importancia desta escrita e, indo máis ao concreto, o porqué da querenza polo salmón, en xeral, e polos coutos de pesca e as hospitalarias terras da Estrada, en particular.

O primeiro que cómpre lembrar é que toda a escrita gastronómica de Cunqueiro está tradeada de intertextualidades. Cando este aborda a *sui generis* receita dun prato, cando evoca as bondades dun alimento, dunha carne ou dun peixe, dunha deliciosa sobremesa ou dun incomparable caldo, faino salferindo todo o texto de alusións a lecturas eruditas verbo da cuestión, acudindo ao saber da tradición oral e, sobre todo, vaporizando a prosa dunha pulsión imaxinativa que torsiona e (re)crea a realidade ata facela outra, ben arredada do

asunto *tout court* que, aparentemente, pretendía presentarse: poño por caso, a elaboración dunha comida calquera.

E isto sucede así porque a Cunqueiro non lle interesou nunca a pretensión instrutiva do texto gastronómico. As técnicas de preparación, os tempos de elaboración, a orde de ingredientes e as cantidades destes son realidades que, sistematicamente, Cunqueiro furtá. Velaí a razón de por que nos seus libros sobre o tema é abondo difícil orientarse á hora de cociñar un prato, pois o mindoniense prefire decte os excursos ilustrativos, a mención a próceres do pasado que tiveron algunha relación co cociñado, a invocación como autoridade de célebres mestres dos fogóns, a relación de historias, sucedidos ou mitoloxías arredor dese alimento ou, en fin, calquera outra cuestión que se escape da simple e funcional receita.

Se un repasa a bibliografía «maior» da literatura gastronómica do autor (refírome, fundamentalmente, ao *Teatro venatorio y coquinarío gallego*, escrito en colaboración con Xosé María Castroviejo en 1958, catro anos despois revisitado en *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia*, amais de *La cocina cristiana de Occidente* de 1969 e *A cociña galega* de 1973), e tamén a amplísima nómina de artigos dedicados ao tema, poderá comprobar ata que punto se produce en todos eles esta deconstrucción interna das normas do xénero, que proxectan heterodoxamente a literatura gastronómica de Cunqueiro cara a algo que non é, xaora, un receitario ao uso, senón un relato, un texto dacabalo entre o alusivo e o imaxinativo.

Como tece, xa que logo, este seu relato gastronómico Cunqueiro? Pois creando unha arañeira textual da que participan, en proporcións cambiantes, poeticidade, humor, bibliofilia e fabulación, adobiados con profusión de notas sobre as comidas e os recursos que se condimentan con saberes literarios, históricos, mitolóxicos, vivenciais, modas, crenzas, documentacións, recomendacións e ánda descripcións. E nisto coincido co que xa outros colegas teñen sinalado, entre eles Roberto Pascual («Sobre los sentidos en la cocina (para)literaria de Álvaro Cunqueiro», *Revista de Filología Románica. Anexo V*, 2007, 268-279) ou César Prieto Álvarez («Álvaro Cunqueiro: también entre pucheros anda la imaginación», *Cuadernos de Aleph*, 14, 2022, 31-51).

En resumo: cando Cunqueiro escribe sobre a arte culinaria e a súa cultura faino coa consciencia plena de que a narración dos feitos reais, memorados, transfigurados e incluso transreais ten de constituir non só unha experiencia para o padal, senón, antes nada, un alimento para ese animal que soña e le ao que chamamos ser humano.

Cunqueiro beira do Ulla

O autor do *Merlín e familia* deixou dito que Galicia era o país dos dez mil ríos. E se ben é verdade que o salmón, ese príncipe prateado, remonta por igual o Miño, Lérez, Umia, Tambre, Mandeo, Sor, Landro, Masma e Eo, non é menos certo que de todos eles é o Ulla aquel ao que o mindoniense remite como matria galega por excelencia do *salmo solar*.

Consecuentemente, é á Estrada a quen lle cabe a honra de ostentar o título de capitalidade salmónida e así o reflectiu Cunqueiro en diferentes textos. O primeiro deles, titulado «Por el Ulla a Tierra de Montes», deuno a coñecer no *Faro de Vigo* o 24 de xuño de 1954. Un artigo, por certo, que aínda redactou dende Mondoñedo, anos antes de marchar vivir a Vigo e dirixir despois o xornal da cidade olívica.

Naquel primeiro artigo Cunqueiro describía así A Estrada:

Subiendo a A Estrada, toda la mañana es de oro, en la tierra tojo, xesteiras , y en el aire, y a medio camino viendo unas torcaces salir volando, con ese vuelo tan hermoso que tienen, me pasmo que no sean también doradas, como pájaro de retablo barroco, y que la villa, A Estrada, tampoco lo sea (...) Por donde subimos a A Estrada alta y fría , subía el romano a curarse el reumatismo a Cuntis, y bajaba el peregrino a Compostela. Esos enormes reumas de los romanos recordad las páginas de Gregorovius: aquel Severinus con sus dos literas, una con bañera de agua caliente y barro de Aquisgrán, y los porteadores ensayados por música en un pase dulce, como mecedora antillana , debían reclamar una vía ancha y descansada, calzada de piedra noble en el monte oscuro y hostil. ¿No queda en A Estrada siquiera un palmo de esta vía salutífera? (...) Y no me sorprendió que A Estrada no tuviese río, que ya tenía, ella misma lo era, camino, que tanto vale. Por la Guía de don Ramón Otero Pedrayo pensábamos ver desde la alta A Estrada las torres lejanas de Compostela. Tanto gusto llevábamos puesto en ello que parece que las vimos, aun a través de una neblina rosa y oro que subía del valle ullano.

Desta primeira visita estradense, como se ve, fican varios elementos en destaque: a fermosura da paisaxe que marabillou ao min-doniense; a súa invitación a traballar na recuperación da vila como espazo de tránsito dun camiño salutífero; e a súa natural e privilexiada veciñanza compostelá. Porén, nesta bela evocación áinda non figuraba o salmón.

Cando a fins dos anos sesenta a leonesa Editorial Everest lle propuxo a Cunqueiro a confección dunha guía sobre Pontevedra. *Rías Bajas* este non deixou pasar a ocasión de inserir nela un capítulo dedicado «A Cuntis y al Pazo de Oca». Velaquí como presentaba en 1969 á Estrada:

Y por el valle del Vea vamos a A Estrada, una villa rica y pujante, con importante industria y grandes ferias y mercados, nacida, como su nombre dice, en el camino, o en un cruce de ellos, de la vía romana que pasaba al Ulla en Pontevedra e iba a Cuntis con los latinos, y el de las peregrinaciones y arriera, que dice Otero, que cruzaba la Terra de Montes camino de Compostela. En los días claros, desde A Estrada, que es un espléndido mirador sobre el Ullán, se ven las torres de Santiago, y en la noche, luces. A Estrada es compostelana. Cerca, en Taboires, está lo que queda de la torre de A Barreira, que fue de los arzobispos, y conoció días militares.

Oca es famoso y enorme (...) Tiene la gracia del xviii. Patio de arcos, grandes salones, torres y un jardín de mirto, rosas y laberinto, y un hermoso castañar. Es un Versalles barroco y campesino (...) Entre todos los pazos del Ulla, el de Oca es el más grandioso, pero siempre habrá quien prefiera Liñares, entre robledas, o Santa Cruz de Ribadulla, con sus prados, sus olivos y eucaliptos, y los magnolios que admiró Jovellanos, quien en una mula de tranquilo andar llega a Oca a leer a aquellos hidalgos el *Memorial* en defensa de la Junta Central, en los días de la guerra de la Independencia. La grandeza de Oca y su silencio ponen melancólica el alma del viajero.

Novamente un retrato laudatorio que gaba á Estrada pola capacidade de progreso, pola nobreza da nacenza como antiga vía e polo estreito vincullo compostelán, ao que se engade agora a loa do espectacular Pazo de Oca e outros pazos da contorna. Mais, outra volta, o salmón segue sen aparecer.

O último dos artigos cunqueirianos dedicados monograficamente á Estrada que fun quen de atopar integrouse na serie «El envés» do *Faro de Vigo* e publicouse o 19 de maio de 1977. E aquí, por fin, o príncipe prateado reclamou o seu lugar para converterse no dono e

señor das súas verbas, pois este texto nacera dun feito senlleiro que convén referir máis polo miúdo.

Historia dun pregón

Alá polo ano 1974 un grupo de estradenses entusiastas e xenerosos decidiron instituír unha celebración que puxese en valor as excelencias do salmón do Ulla. A proposta vehiculouse a través do Centro de Iniciativas e Turismo da Estrada (CIT), asociación que nacera en setembro do ano anterior.

Con tal motivo, o dous de xuño daquel ano tivo lugar a primeira Festa do Salmón da Estrada, na que lle coubo a honra de ser pregoeiro a Xosé Filgueira Valverde.

Ao ano seguinte, a celebración ficou establecida xa definitivamente para o terceiro domingo do mes de maio, que naquela ocasión veu como David Pérez Puga, por entón procurador en Cortes, gababa as excelencias do salmón. A este deulle o relevo en 1976 o economista, escritor e tamén político Carlos Mella, estradense do Foxo.

Pois ben, na cuarta convocatoria da Festa do Salmón foi conviado a pronunciar o pregón Álvaro Cunqueiro. Non era a primeira vez que este afrontaba tal reto. Parece que uns anos antes fora designado para un cometido semellante a propósito dunha reunión na que ía exaltarse o salmón do Eo, pois nunha nota breve inserida no «Índice olívico» do xornal compostelán *La Noche* do 7 de xaneiro de 1967 informábase de que: «Probablemente, el pregón de la ‘exaltación del salmón’, fiesta que va a celebrar la Mancomunidad del Eo, será pronunciado por el ilustre escritor y periodista residente en Vigo don Álvaro Cunqueiro, que hablará del salmón y, claro está, de su aspecto culinario».

Confeso que non fun quen de atopar confirmación de que tal xornada finalmente se levase a cabo. Mais do que si hai constancia é de que ese mesmo ano en Lugo se celebrou unha Tempada Gastronómica que abriu como pregoeiro Álvaro Cunqueiro. De feito, polo xornal *El Progreso*, no artigo de redacción «Álvaro Cunqueiro pronunciará el pregón de la I Temporada Gastronómica», sábese que

o de Mondoñedo falou no Círculo das Artes o sábado 9 de decembro de 1967 e, á vista de que entre as xornadas que inauguraba había unha prevista para o mes de marzo do seguinte ano que ía dedicarse como «Semana de la trucha y el salmón», é de supoñer que na súa alocución xa se ocupase do intrépido remontador de ríos.

Canto ao pregón estradense de Cunqueiro, tamén hai noticia varia del na prensa da época. Así, *El Pueblo Gallego* do domingo 15 de maio de 1977 (no artigo de axencia «IV Fiesta del Salmón en La Estrada») informaba de que ese día: «A las doce horas tendrá lugar el pregón de la fiesta, en el paseo central de los jardines de la Alameda, a cargo del escritor Álvaro Cunqueiro Mora».

O martes día 17, de novo *El Pueblo Gallego* (no artigo tamén de axencia «IV Edición de la Fiesta del Salmón en La Estrada») concretaba: «La jornada principal de la fiesta fue ayer domingo [a nova da Axencia CIFRA estaba asinada do luns día 16], con pregón a cargo del escritor Álvaro Cunqueiro y banquete oficial en el que participaron más de ciento cincuenta personas. En este acto participó la masa coral estradense, que ofreció un breve recital polifónico». Da súa parte, no *Faro de Vigo* do 19 de maio o correspondente Leis Camba asinaba a nova «Ramiro Neira y Jesús Carbia, triunfadores en el II Concurso Internacional de Pesca del Salmón», onde apuntaba: «El pregón pronunciado por el ilustre escritor Álvaro Cunqueiro, en el Teatro Principal, fue seguido con interés por el auditorio que abarrotaba la sala, premiándole al final con fuertes aplausos».

Tamén si, tiven o privilexio de recadar a opinión dunha testemuña excepcional daquel evento: a súa raña das festas, María Coutinho Villanueva, cuxa intelixencia, profesionalidade e memoria igualan á beleza que xa entón se lle recoñecía e quen me trasladou o entusiasmo hipnótico que espertou no auditorio a *lectio magistralis* coa que Cunqueiro agasallou a todas as persoas presentes no Teatro Principal e que logo continuou cunha amena e erudita conversa no xantar celebrado na Sala Gradín. Por desfortuna, o feito de que o mindoniense estivese bendicido co don divino da palabra, e de que fose quen de bordar en ourivería dourada pezas oratorias sen precisar guión nin papel, prívanos hoxe de ter por escrito o pregón.

Mais non todo foron perdidas e, por máis que non se conserve texto ningún da súa intervención, endebén Cunqueiro si que escribiu a crónica da IV Festa do Salmón para o *Faro de Vigo*, onde apareceu publicada o 17 de maio daquel 1977.

Malia a súa extensión, e na crenza de que ha de ser de interese polo tema que se está a tratar, non me resisto a reproducir case integralmente este «Vixiando á Estrada»:

El era pola festa que acolá lle fan ao salmón dos coutos do Ulla, famosos. A mañá era fresca, e choivañaba de cando en vez, e logo viña unha raxeira de sol e a paisaxe parecía, verde que te quero verde, como acabada de pintar (...)

Con choiva chegamos á Estrada, que se dispúña a celebrar a cuarta festa do salmón. Houbo todo o salmón que se quixo, como se fora verdade todo o que se ten fantaseado da riqueza salmonera de antano, e áfnda seguirá a abundanza. Xa saben que se contaba que houbo un tempo, quizabes o de María Castaña –xa teño falado desto nestas mesmas páxinas–, no que xentes que traballaban perto dos ríos nosos que remonta o salmón pedían a quen os empregaban que non lles desen salmón máis que dúas ou tres veces á semana, que xa estaban cansos da carne do príncipe dos ríos. Xa saben que non foi verdade, e que é unha fábula, mentira que corre en Galicia, en Santander e Asturias, en Francia, en Inglaterra... Ningún pudo nunca dar unha proba da cousa, nin apareceu papel de antigüidade no que tal se pudiera ler. Aquí non tivemos a «horda prateada», coma no Canadá occidental, e Le Danois sostén que o número de salmóns nos ríos europeos mantense constante deixa os nosos días, no que aparecen os ríos emporcallados que todos coñecemos.

Había, houbo, salmón para todos, e servido con arranxo a tres receitas diferentes. A primeira, simplemente cocido, e a salsa maionesa era de calidade, fina, suave. Logo, déronnos salmón á Pompidou. Non sei de onde lles chegaría aos cocíñeiro da Estrada a receita. Decidimos que é un error de concepción. Naquela salsa roxina na que acompañan o toro de salmón uns camaróns que resésgan, todo o sabor do peixe pérdese, e ademais a carne endurece. A cociná consiste, esencialmente, en conservar o sabor natural das cousas que van a ela. O salmón á Pompidou era un salmón disfrazado, podía ser calquer outro peixe. A terceira receita, «á americana», podía ter sido substituída por un salmón grillé. E por moi xeneroso de salmón que señan os da Estrada, e sono, con dous pratos de salmón abondaba. En todo caso, e pois estamos no país das empanadas, o ciclo do salmón na mesa podía pecharse cuns grandes pastelóns de salmón —ou cuns pasteloniños de salmón, case que individuais, ou individuais de todo (...)

Digo isto porque entre todos debemos axuda a que a festa do salmón na Estrada seña cada ano mellor. E é por iso polo que tamén teño que decir algo dos viños. O salmón pide un tipo Sauternes, é decir, un viño levemente doce. Podemos chegar ao punto, e xa rozando a heterodoxia, de aceptar un albariño, por exemplo, pois estamos perto das terras nas que medran as viñas, indo ribeiras do Umia abaxo. En Galicia a xente, polo que escoito, non está polos viños

suavemente adozados, cando son os pedidos pra certos mariscos e pra certos peixes. Moitos galegos coidan que son viños pra señoritas. Días pasados, en *Le Monde*, o gastrónomo Le Reyniere quebraba unha lanza en favor destes viños de que falo –e entre os que están un dos millores do mundo, Chateau Yquem–. O que eu pido aos da Estrada é, que nos xantares vindeiros, non bebamos viños de Valladolid.

Alargueime moito nisto, é que quería falar da sorpresa de todos os visitantes da Estrada o domingo pasado. Nunhas salas do pazo municipal, había unha exposición. Unha exposición non corrente. Alguén, con moita sensibilidade, fotografara todos os cruceiros da comarca da Estrada, e tiñamos alí noventa e nove, algúm románico, outros barrocos, patéticos Cristos, pietates dolorosas, Nais con Fillos no regazo, Mariás vestidas como señoras damas do XVIII que saíran dun salón do veciño pazo de Oca... Noventa e nove variacións sobre o mesmo tema, noventa e nove diferencias. Non se podería, dalgún xeito, manter a exposición permanente na Estrada, e traguella tamén ás cidades e vilas? Non se podería arrincar de aí un inventario dos cruceiros de Galicia? Gracias a quen traballou pra que esa amosa de cruceiros fose posible: supoño que as mans do médico Reimóndez, autor da tan lograda *Guía de La Estrada*, non serían alleas a ela.

Seguía chovendo sobre a gracia verde da terra. Axiña o serán, caíndo suave, iba poustar sobre os campos, as carballeiras, os piñeirais, as ribeiras do Ulla felices.

A escrita do príncipe prateado

A literatura gastronómica de Cunqueiro, máis alá de puntuais insercions aquí ou acolá en textos doutro xorne e temática, nace por volta da década dos corenta, afiánzase nos cincuenta e sesenta e consolídase nos setenta ata os derradeiros días do autor.

No estudo introdutorio á súa antoloxía da articulística cunqueiriана *Al pasar de los años* (Madrid, Biblioteca Castro, 2020), Miguel González Somovilla documenta estes inicios en setembro de 1940, cando Cunqueiro publicou na revista *Vértice* o enolóxico «Introducción a una genealogía de los vinos de España». Logo, disfrazado baixo un título novelesco, o mindoniense incorporou un feixe de escritos sobre esta materia redactados ao longo dos anos corenta e primeiros cincuenta ao libro *El caballero, la muerte y el diablo* (1956). É este corpo de textos o que logo nucleou *La cocina cristiana de Occidente* (1969), o seu primeiro volume ideado arredor do universo gastronómico.

En consonancia co anterior, a súa escrita salmónida principiou tamén por este tempo, pois o 9 de maio de 1954 publicou en *La Voz*

de Galicia a colaboración titulada «El país del salmón y los cerezos», que integrou na serie «Retratos imaginarios».

O príncipe prateado do que fala Cunqueiro nesta altura non é o *salmo salar* ullán que logo aparecerá noutros escritos posteriores, senón o peixe que remonta o Masma dende o estuario da Espiñeira, en Foz, ata o Cadramón, na Serra do Xistral, pasando polo val de Mondoñedo. Por alí é por onde «la plateada tribu de los salmones remonta el dulce Masma» e onde, co crepúsculo, «en el último lance picó un salmón», «príncipe de las hordas de plata (...), noble señor del submarino bosque (...) de las estirpes salmónidas», que xace morto «tan grave y noble la forma, y limpia, como la de Amadís».

O seguinte da ducia de textos que componen esta crestomatía salmónida de Cunqueiro é «Teoría del salmón y otras noticias», que acolleu a revista mensual *Vida Gallega* no número 670 de xuño de 1955. Na primeira parte desta colaboración (a segunda ocúpase dos cordeiros, dos rodaballo e das troitas) vólvese a alcumar ao «plateado príncipe» e refírense diferentes preparacións para o mesmo, para rematar cunha tan bizantina coma deliciosa discusión que ten como protagonistas ao propio Cunqueiro e un seu colega dos tempos madrileños, o xornalista Pedro Mourlane Michelena:

Con D. Pedro Mourlane Michelena discutía un día, va para diez años, si el salmón era celta o gótico. Por las navegaciones bien podía ser de la estirpe breogánica, pero si celta fuese, ¿cómo no recabar para él cierta palidez y aun una carne más débil y una arquitectura menos solemne? De gótico tiene la armadura y el color, el color que yo llamo *don Favila*, en memoria de este rey asturiano: los reyes perezosos de Asturias Favila, Aurelio, Mauregato, Silo eran de color salmón, y la barba de oro. Entre un celta y un gótico existe siempre la diferencia esencial que hay entre una bola de niebla fantasmal y un escudo de hierro labrado.

Co título «Cuando el salmón regresa» existe unha tríade de textos cunqueirianos. O primeiro apareceu en *La Voz de Galicia* o 20 de marzo de 1957, integrouse na serie «Estos tiempos» e tiña como ilustración a fotografía de dous homes a carón dunha mesa encol da cal descansaba un magnífico exemplar de *salmo salar*. O segundo recolleuse nunha plana de *La Noche* do 17 de abril de 1962, incorporado á serie «Los días» e cunha instantánea que tiña como pé «Un salmón saltando una de las presas del Ulla». Este último artigo

foi logo recollido por Cunqueiro, con mínimas variacións, no libro *La cocina cristiana de Occidente* (1969, pp. 165-168). Pola contra, entre o texto de *La Voz de Galicia* de 1957 e o relato converxente de *La Noche* e *La cocina cristiana de Occidente* obsérvanse maiores diferenzas, pois dos cinco parágrafos dos que consta o texto o último deles é claramente diverxente e os catro primeiros, áinda contando esencialmente o mesmo, foron reescritos dunha a outra versión.

De xeito resumido, a tríade coincide en relatar como, segundo unha antiga saga nórdica, o rei dos salmóns era un monarca real, unha sorte de híbrido humano-salmónido (o que na tradición galega chamamos «home mariño») dun reino mergullado no Mar do Norte. Este namorou unha princesa e tiveron un fillo, tamén da mesma condición híbrida, que igualmente reinou. Logo, o artigo avanza consideracións sobre a xeografía hídrica na que habita o salmón dende recuados tempos xeolóxicos ata hoxe e como, dalgunha maneira, na memoria das xeracións de salmóns fica a historia dos tempos e dos espazos que habitaron estes peixes que, segundo recorda Cunqueiro, seica dicía Cambasius que son monógamos e Laurence Welle dábaos como os máis fermosos sucadores dos ríos.

Moi outro, pola intención e tamén pola arquitectura, é o texto «Peixes de río», que conforma o décimo terceiro dos capítulos do volume *A cociña galega* (1973, Vigo, Galaxia, pp. 89-98). Neste caso, sen desatender o enfoque histórico e cultural contextual, Cunqueiro opta por densificar funcionalmente a escrita e, como é de agardar nun libro que tenta introducirnos nos vizosos eidos da nosa gastronomía, a súa redacción vólvese máis descriptiva nas posibilidades culinarias do salmón.

Como *A cociña galega* é libro ben coñecido que se conta en moitos fogares galegos, aforrarei dar detalles do que nel achega sobre o salmón e apenas se sublinharei que nas súas páxinas afirma que «O salmón dos nosos ríos é un dos grandes salmóns de Europa», pois, aclara, «xa restan en Europa ben poucos ríos polos que suba o salmón».

Incorporado a unha entrega maior baixo o título xeral «Los pájaros» e cun outro bloque dedicado tamén a «Santa Lidia» atópase o texto «El salmón», publicado na colaboración de Cunqueiro para o

número da revista *Destino* correspondente ao 31 de marzo de 1973. Alí, amais de reiterar varias cuestiós xa tratadas en traballos anteriores como a impresión que lle causara ver na verde herba o primeiro salmón cobrado ou dirimir a polémica sobre a antiga abundancia ou escaseza nas cortes europeas deste peixe, remata cun apuntamento no que entrelaza erudición literaria e salmónida que me presta aquí reproducir:

En Galicia se comían todos los [salmones] del Eo, del Ulla, del Miño, del Tambre, del Mandeo, del Masma, excepto unos pocos que, con gran trabajo y riesgo, en el siglo XVIII, iban desde O Ferrol a la corte de Madrid. A veces, como sabemos por una cantiga del *Cancionero de la Vaticana*, un salmón llegaba a Carrión de los Condes y se le antojaba a la mujer de un infanzón, el cual se arruinaba por complacerla. El salmón siempre fue muy caro. La última nota que tengo de su rareza y precio está tomada de un entremés de Quiñones de Benavente:

Que se engría el salmón de ver pagados
por cada libra sua mil ducados.

Y por escaso, claro. Todo lo que se le ocurre a Alfonso X, que era de buen apetito, durante una de sus estancias gallegas que coincidía con Pascua Florida, era «comer de bon salmón», beber del «bon viño d'Ourense» –léase del Ribeiro– y que fuera breve el sermón del mestre Johán.

Tamén en *Destino*, mais na entrega do 11 de marzo de 1975, apareceu a colaboración «Salmón para políticos». Nela, dun xeito rotundo, Cunqueiro laméntase do sacrilegio que supuña a migración forzada deste peixe, que provocaba que os mellores salmóns do Ulla acabasen moitas veces nas mesas políticas de Madrid. Alí eran recibidos por comensais que non sabían apreciarlos por estar enzoufados nas súas disputas e que os comían con desleixo, cando podían ter ficado na terra nosa, onde os ulláns si serían quen de honralos nunha boa mesa.

Como o artigo é breve, e de natureza ben outra ás restantes colaboracións cunqueirianas, permítome reproducilo aquí por enteiro:

El primer salmón de uno de los más bellos ríos gallegos, dos horas después de pescado, salió desde Santiago en avión a Madrid, con destino a una de esas cenas que se llaman políticas. Yo estaba de paso en la ribera del Ulla y fui a verlo, y me quejé de que fuera a ser consumido en tal cena, porque los comensales estarán mucho más atentos a la polémica política, a sus argumentos y distingos, que al aroma y al sabor de la delicada carne del salmón salar. Sospecho que hasta hablarán con la boca llena, mezclando con el trozo de salmón que tienen en la boca un escolio a un artículo del estatuto jurídico de las asociaciones. Para

llegar a esto, mejor sería que comieran carne en la lata de la CAT. No, no lo van a saborear. Las cenas políticas y los almuerzos de trabajo debían ser utilizados para ensayar la alimentación con píldoras: no masticando, les quedaba más tiempo para hablar...

Para comer un salmón, hay que reunirse por amistad y no por política, en sesión sosegada, sin prisa, y con espíritu de *beatus* del dichoso aquél, y atentos a la grave suavidad de la rosada carne, la boca siempre limpia por el honesto vino y la conversación, como decimos en Galicia, de *vagar*.

No semanario barcelonés *Jano*, revista de Medicina e Humanidades nacida en outubro de 1971, colaboraron ao longo de varios lustros un número importante de sinaturas de primeiro nivel que prestixiaron as súas páxinas achegando o mundo da saúde ao da literatura. Aos Miguel Delibes, Camilo José Cela, Francisco Umbral, Julián Marías, Xoán Rof Carballo ou Néstor Luján sumouse tamén Cunqueiro, quen principiou as súas colaboracións en xullo de 1972 e que achegou vinte entregas que rematou, xustamente, coa titulada «Ese príncipe plateado...» do 23 de maio de 1975, peza que, con pequenas variantes, xa adiantara no mesmo medio baixo o título «De doña Lamprea y don Salmón» o 13 de abril de 1973.

Neste artigo, Cunqueiro doíase como xa o fixera na colaboración de *Destino* de marzo de 1975 da desfeita que implicaba estragar un manjar salmónido ofrecéndoo a bocas políticas que non sabían estimalo. Evitarei reiterar as aceiradas palabras que neste sentido deitaba Cunqueiro, pois prefiro extractar agora unhas liñas do comezo que amosan o encontro gozoso co príncipe prateado:

El río Ulla, no más abrirse la veda, dio su primer salmón: siete kilos. Yo iba hacia Villagarcía, en compañía de una gentil dama a la que habían concedido un importante premio en la Fiesta de la Camelia (...) Y deteníéndonos en una bodega, nos dieron la noticia del salmón y dónde podíamos verlo. Y allá fuimos. Estaba en una mesa de piedra, bajo la parra desnuda de hojas.

– Ese príncipe plateado del que tú hablas –dijo mi amiga.

– ¡El más hermoso de los peces! –comenté yo.

O penúltimo dos artigos sobre o salmón recupera o epíteto definitorio deste sublime peixe: «Príncipes plateados», colaboración escrita para o semanario *Sábado Gráfico* do 24 de marzo de 1979. Neste texto, no que volve incidir sobre temas xa tratados en anteriores artigos, achega tamén unha lembranza feliz da degustación

do salmón en Quimper, durante unha viaxe que Cunqueiro fixera á Bretaña en maio de 1964 da que xa me teño ocupado noutro lugar (vid. «As Bretañas de Cunqueiro», VV. AA., *Galicia-Bretaña. Olladas comparadas*, Santiago, CCG, 2020, pp. 267-282). Así describe aquela xeira poñéndoa en relación cos milagres de San Corentín:

San Corentín de Quimper (...) bautizó a toda una familia de salmones en el río Odet, que pasa claro casi al pie de su catedral, en Quimper. A un lado del río está la catedral y al otro un restaurante, la Tour d'Auvergne, que recuerda a aquel soldado que tuvo la más hermosa pantorrilla de Francia. Pues yo he comido en éste un salmón del Odet, y tratamos en la cena de si era lícito o no el comerlo, en la sospecha de que fuese un católico, descendiente de los bautizados por San Corentín (...) Quizá por esta mezcla de teología y cocina, fue el más sabroso salmón que he comido en mi vida.

O derradeiro dos textos que aquí traio é, en verdade, un relato epistolar baixo fórmula pseudobíblica. Trátase da «Epístola de Santiago Apóstol a los salmones del Ulla», que, aínda escrita moitos anos antes, recollo da referencial colectánea cunqueiriana *Fábulas y leyendas de la mar* (Barcelona, Tusquets, 1982, pp. 279-282) de Néstor Luján, grande amigo do mindoniense. Este mesmo texto, como digo de carácter narrativo, tamén foi incluído despois na antoloxía *Cuento español de posguerra* (Madrid, Cátedra, 1986, pp. 117-120), da que se responsabilizou como editor literario o escritor e estudosos Medardo Fraile.

En síntese, este breve relato non é senón unha alocución nada menos que de Santiago o Zebedeo aos salmones do Ulla cominándolos a que vivan felices e que acepten con resignación a súa fin nas cociñas galegas, pois o seu sacrificio é aceptado con admiración e case veneración polos comensais de noso, que saben da súa exquisitez e singularidade e, xa que logo, a súa morte é a expiación dos seus pecados e, polo mesmo, o xeito de conseguiren a graza de chegar á presenza de Deus.

Remato este apartado, pois, co introito á epístola salmónida:

Y aconteció que, subiendo la Barca Apostólica, por las claras aguas del río Ulla, y siendo por el tiempo alegre de abril, se juntaron a babor y a estribor y a popa multitud de salmones, todos los que estaban remontando el río, como suelen, para el desove; y, como es verdad, según dijo el hagiógrafo griego, que «los huesos de los santos, de los mártires y de las vírgenes están vivos en sus venerados sepulcros, como si no los hubiese tocado el ala de la muerte corporal»,

y conservan milagrosamente el oído y la voz, aconteció que Jacobo muerto escuchaba los salmones que unos a otros se preguntaban por aquella barca de luz que subía con ellos, y mucho más plateada, y que daba un perfume que se posaba en las aguas y llegaba a ellos, dulce y misteriosa canela. Se dijo Jacobo que no podía perder aquella ocasión para predicar la Buena Nueva a aquella población fluvial, hizo que de sus huesos brotase su imagen, tal como en vivo fue, y puesta esta figura suya de pie en el banco de la barca, apoyándose en el palo, y haciendo uso del don de lenguas, [habló].

Outros remontes

Alén da ducia de textos presentados no capítulo anterior que se nun clean arredor da figura do salmón, Cunqueiro tamén aludiou noutras ocasións ao príncipe prateado, se ben máis circunstancialmente ou de xeito menos monográfico.

Estas sucintas remisións confirman o interese do de Mondoñedo polo rei dos ríos e como as historias, as vivencias ou as lendas sobre este formaron parte do seu imaxinario literario.

Son, pois, outros remontes da literatura salmónida de Cunqueiro que procede listar agora, sequera brevemente.

Así acontece co comezo da colaboración do 27 de febreiro de 1957 da serie «Cada día tiene su historia» de RNE na Coruña, para a que Cunqueiro escribiu:

El próximo domingo día tres de marzo se levanta, en los ríos gallegos, la veda de los salmónidos. A estas horas no hay pescador que no esté preparando la caña, las liñas, los anzuelos y los varios cebos, y que no sueñe con felices picadas en las riberas alegres.

Con data do 16 de abril de 1964 apareceu no *Faro de Vigo* un pé de foto de inequívoca factura cunqueiriana onde, ao carón dunha espléndida instantánea na que o doutor Doubilet da Universidade de Nova York lanzaba a sedela dende as beiras do Eo, se dicía o seguinte:

En las limpias aguas del Eo lanza esperando que pique el poderoso y bellísimo salmón, un príncipe plateado. Pesca en el Eo, en Galicia, aunque las agencias digan que pescar en el Eo es pescar en Asturias.

Documéntanse tamén varios outros artigos onde Cunqueiro dá conta da curiosa teoría de que os salmóns non só oen, senón que

son capaces de falar en latín. Estes textos son os titulados «Si los peces oyen» (*El descanso del camellero*, Barcelona, Táber, 1970, pp. 371-372), «Si las truchas oyen» (*Destino*, 9-12-1972, p. 16), a intervención para a serie «Andar y ver por Galicia» de RNE na Coruña do 22 de febreiro de 1980 e mais «De que los peces oyen» (*Fábulas y leyendas de la mar*, Barcelona, Tusquets, 1982, pp. 275-277).

Como en todos os casos a historia reproducida é a mesma con pequenas variacións, reproduzo como exemplo a aparecida no amentado «Si las truchas oyen»:

Termino contando que un salmón habló una vez en el Rhin. Respondía el salmón a un juez episcopal de Tréveris, que interrogaba desde la orilla si alguien, árbol o pez, había visto asesinar a una mujer. Asomando la cabeza fuera de las ondas (...) el salmón gritó:

– Claudio rubeus fuit!

Y como efectivamente había por allí uno que era cojo y rubio, fue colgado. Y si el salmón hablaba latín, a alguien se lo habría oído.

Fóra dos anteriores, hai ainda outros dous escritos onde se refire o salmón. Un deles, titulado «En el país de los diez mil ríos» e publicado na serie «Laberinto y Cía» da súa colaboración coa revista *Destino* do 25 de marzo de 1976, reitera a queixa de que os salmones se desperdicien na boca dos políticos foráneos que xa criticara un ano antes no mesmo medio (vid. supra). O outro, unha intervención da serie «Andar y ver por Galicia» da súa colaboración con RNE na Coruña do 28 de agosto de 1980, volve poñer o foco na preferencia de Alfonso X polo salmón que xa relatara nun artigo para *Destino* de sete anos antes (cfr. supra art. «Los pájaros»).

O retorno do salmón

Procede rematar este ensaio tal como o salmón retorna tras o oportuno desove: convencido de que fixen por deitar no leito do río a semiente para que a lectora ou lector curioso profunde nesta literatura gastronómica de Álvaro Cunqueiro dedicada ao príncipe prateado.

E quero dar cabo ao escrito cunha confesión que trae consigo un fondo agradecemento. A confesión explícarse na nacenza deste artigo. Porque se non fose pola benemérita insistencia do director deste anuario *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, o benquerido

amigo Juan Andrés Fernández Castro que me inquiriu polos textos sobre o salmón e A Estrada de Cunqueiro e a necesidade da súa recuperación, probablemente non lle tería posto eu o ramo a estas páxinas, polas que agardou cunha paciencia bíblica, digna do propio Xob.

Vaián, pois, para el, as miñas más expresivas grazas como min-doestrandense que, máis unha vez, quere honrar a estirpe salmónida dos que, seguindo o exemplo do mestre Cunqueiro, sucan as augas do Masma e do Ulla.



Cincuenta anos da Festa do Salmón na Estrada

Chus Fernández Bascuas
chusbascuas@gmail.com

Katina Sanmartín Carbón
katinasanma@yahoo.es

Resumo. Ofrécese neste artigo a crónica sucinta da Festa do Salmón, celebración gastronómica e cultural que acada neste 2024 o medio século de existencia. A modo de fonte usáronse, principalmente, os libros de actas do Centro de Iniciativas e Turismo, entidad organizadora do evento deica o presente ano

Abstract. A concise article about the Salmon Fest, a gastronomic and cultural festival which celebrates its 50th anniversary in 2024. Sources used were mainly the minute books from the Tourism Centre, responsible for the event since the current year, when A Estrada City Council takes on its organization.

1ª Festa do Salmón. 1974

O día 29 de xaneiro de 1974, na sala de xuntas do concello da Estrada ten lugar a constitución do Centro de Iniciativas e Turismo de Estrada (CIT), formando parte da súa directiva as seguintes persoas:

Presidente: Luis Martínez Gil.

Vicepresidente: Manuel Reimóndez Portela.

Secretario: Manuel Docampo Pego.

Vicesecretario: Benigno Pío Sánchez López.

Tesoureiro: Evaristo Mato Hortas.

Contador: Manuel Quiroga Rajó.

Vogais: Ramiro Abelleira Rey.

Manuel Barros Sobrino.

Severino Castedo García.

Enrique Cerviño Roig.

Alejandro Durán Martínez.

Ángel Fernández-Novoa Rodríguez.



Fernando Fernández Pazo.

Jesús Leis Camba.

Alejandro Puente Rico.

Alfonso Varela Vázquez

O día 23 de febreiro reúnense de novo no concello, asistindo tamén o alcalde José Fernández-Novoa Rodríguez e, entre outras iniciativas, acordan nomear unha comisión que se encargará de levar a cabo a organización da «I Festa do Salmón» fixándose como data de celebración o 5 de maio. A comisión estaba integrada por Manuel Touceda Rodríguez, como concelleiro presidente da comisión de deportes e festexos do concello, xunto con Ramiro Abelleira Rey, Enrique Cerviño Roig, Alejandro Durán Martínez, Ángel Fernández-Novoa Rodríguez e Alfonso Varela Vázquez como representantes do CIT.

Tamén acordan celebrar un concurso entre os alumnos do instituto e dos centros de Educación Xeral Básica para deseñar o mural animador da festa. Resultaron gañadores Carlos Docampo Freire e Francisco Javier Suárez Dono.

Os trámites para poñer en marcha esta primeira festa foron avanzando. O 19 de abril, nunha reunión da directiva, dáse conta das xestións feitas coa hostelería local e tamén se establece como data da súa celebración o día 2 de xuño. Tamén se acorda avalar entre todos unha letra de 300.000 pesetas para a compra de salmón.

A persoas galardoadas na primeira edición foron:

- Alfonso Paredes Pardo, asesor provincial de teleclubes polo seu interese e eficaz colaboración durante a programación de desenvolvemento do «Ciclo Cultural». Recibiu un obsequio de prata.

Así mesmo outorgárónse seis insignias do «Salmón de Ouro» a:

- Fernando Pedrosa Roldán, gobernador civil e xefe provincial do Movimiento de Pontevedra.
- Ángel Suances de Viñas, xeneral gobernador militar da provincia de Pontevedra.
- Manuel Arroyo Quiñones, gobernador civil da Provincia e director xeral de Formación Profesional e de Extensión Educativa.
- José Luis Peláez Casalderrey, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Antonio Puig Gaite, *consejero nacional* do Movimiento.
- José Fernández-Novoa, alcalde do Excmo. Concello da Estrada.

O pregón correu a cargo de José Fernando Filgueira Valverde (*). O texto foi publicado, a iniciativa do CIT e co patrocinio do Excmo. Concello da Estrada, no libro *Pregóns da Festa do Salmón* (A Estrada, 2010). Todos os pregóns incorporados a ese volume serán neste traballo convenientemente sinalados cun asterisco.

Despois dunha votación na discoteca Nicols é elixida raíña da festa Concepción de la Calle Blanco e damas de honor M^a del Carmen Goldar Durán e M^a del Carmen Troitiño Sánchez.

2^a Festa do Salmón. 1975

Na reunión da directiva do 30 de xaneiro de 1975 acordouse celebrar a II Festa do Salmón o 25 de maio, nomeando presidente en-



cargado da comisión ao vogal Ángel Fernández-Novoa Rodríguez; a data resultou controvertida porque a vila de Pontecaldelas proxectaba celebrar na mesma data a Festa da Troita.

Manuel Reimóndez Portela propone elaborar unha guía que recolla os valores turísticos más relevantes do concello. O delegado de Información e Turismo propón á Xunta Directiva a convocatoria dun concurso de pesca de salmón no río Ulla.


Ratíficase o aval colectivo dunha letra de 300.000 pesetas para a compra de salmón e decídese celebrar na discoteca Nicols a elección da raíña e damas de honor. Tamén se inicia este ano a exposición filatélica, que contará cun cuño especial autorizado pola Dirección Xeral de Correos.

Foi elixida raíña da festa Marina Durán García e damas de honor Amalia Puente Magariños e Rosina López Neira. Iníciase a exposición filatélica, que contará cun cuño especial.

O pregoeiro foi David Pérez Puga, procurador en Cortes.

O Salmón de Ouro recaeua nesta edición, ademais do pregoeiro, en:

- Jaime García García, delegado provincial de Educación e Ciencia.



- Miguel Delmás Pérez de Salcedo, delegado provincial de Agricultura.
- Manuel Crespo Alfaya, delegado provincial de Información e Turismo.
- Manuel Baena Farriols, xefe Provincial do Iryda.
- Luis Martínez Gil, presidente de Centro de Iniciativas e Turismo «Fillos e Amigos da Comarca da Estrada».

3ª Festa do Salmón. 1976

Este ano 1976 a Festa do Salmón celebrouse o día 16 de maio. Convocouse, para os días 14 e 15 de maio, nos coutos salmoneiros do concello (Sinde, Couso e Ximonde), o «I Concurso Internacional de Pesca», no que colaboraron a Federación Provincial de Caza e Pesca e a Sociedade de Caza e Pesca Río Ulla.

O 26 de xaneiro de 1976, conforme o establecido nos estatutos da entidade, procédese á renovación da Xunta Directiva que queda formada polas seguintes persoas:

Presidente: Manuel Reimóndez Portela.

Vicepresidente: José Fernández-Novoa Rodríguez.



Secretario: Manuel Docampo Pego.

Vicesecretario: Benigno Pío Sánchez López.

Tesoureiro: Evaristo Mato Hortas.

Vicesoureira: Manuel Quiroga Rajó.

Vogais: Ramiro Abelleira Rey.

Manuel Barros Sobrino.

Severino Castedo García.

Enrique Cerviño Roig, presidente da asociación Recreo Cultural.

Alejandro Durán Martínez, presidente da Escudería Estradense.

Ángel Fernández-Novoa Rodríguez, presidente da Sociedade de Caza e Pesca.

Manuel Andújar Andión, presidente do Deportivo Estradense.

Manuel Touceda Rodríguez, presidente da Comisión de Deportes e Festas do concello da Estrada.

Fernando Fernández Pazo.

Jesús Leis Camba.

Manuel Bermúdez Naveira.

Acórdase nomear socio de honra a Luis Martínez Gil.

A exposición filatélica celebrouse entre os días 14 e 16 de maio.

A raíña das festa será Carmen Silvares Gómez e as damas de honra Margarita Castro Canabal e Mariluz Mato Iglesias.

O pregoeiro elixido foi Carlos Mella Villar, subdirector xeral de Entidades Financeiras (*).

O Salmón de Ouro recaeu nesta edición, ademais do pregoeiro, en:

- Alfonso Armada Comyn, marqués de Sta. Cruz.
- Ramón López Arca, delegado provincial de Obras Públicas.
- Fernando Carús More, delegado provincial de Industria.
- Manuel Reimóndez Portela, presidente do CIT.
- Jesús Durán Martínez, alcalde da Estrada.

O vicepresidente do CIT, José Fernández-Novoa, expresa o seu desacordo pola maneira de conceder o *Salmón de Ouro*, moción que apoian Manuel Barros e Ramiro Abelleira.

4ª Festa do Salmón. 1977

Este ano trabállase intensamente coa hostalaría para fortalecer a festa; créase un premio literario e sácase a concurso, entre os alumnos de bacharelato, formación profesional e EXB do concello da Estrada, o cartel anunciador, que deberá cumplir con seguintes requisitos:

Medidas: 80x60 cm.

Tres tintas.

Inscripción: IV Fiesta del Salmón. 15 de mayo. La Estrada 1977.


II Concurso Internacional de Pesca del Salmón.

Admisión dos traballos, antes do 26 de marzo.

Premios: Un primeiro premio de 3.000 pesetas que gañou José Antonio Cerviño e dous accesits de 1.000 pesetas que gañaron José Muras Chamosa e Manuel Gallego Silva.

Tamén se realizou un concurso de redacción patrocinado pola Caixa Rural Provincial; as bases foron distribuídas entre os colexios de EXB nacionais e privados dos concellos que limitan co río Ulla.

O pregoeiro foi Álvaro Cunqueiro Mora Figueroa, ao que se lle impuxo o Salmón de Ouro xunto ao vogal do CIT Olimpio Arca Caldas.



Na reunión do día tres de maio dáse conta de que a súa Maxestade a raíña de España aceptou a presidencia de honra da IV Festa do Salmón, indícase literalmente:

Noticia que causa gran satisfacción, por lo que reunidos, solicitan se haga constar en acta su más profundo agradecimiento a su Majestad la Reina por la deferencia mostrada hacia el Centro de Iniciativas y Turismo al aceptar su ofrecimiento y el honor que representa para toda la comarca de La Estrada el figurar como presidenta de honor de la Fiesta del Salmón.


A raíña das festa será María Coutinho Villanueva e as damas de honra Belén González Carbón e María del Carmen Campos Puente.

5ª Festa do Salmón. 1978

O 3 de febreiro de 1978, conforme o establecido nos estatutos da entidade, procédese á renovación da Xunta Directiva que queda formada polas seguintes persoas:

Presidente: Manuel Reimóndez Portela.

Vicepresidente: Olimpio Arca Caldas.



Secretario: Manuel Docampo Pego.

Vicesecretario: Benigno Pío Sánchez López.

Tesoureiro: Evaristo Mato Hortas.

Contador: Manuel Puente

Vogais: Ramiro Abelleira Rey.

Manuel Barros Sobrino.

Jesús Leis Camba.

Manuel Bermúdez Naveira.

Fernando Fernández Pazo.

Enrique Otero.

Presidente da asociación Recreo Cultural.

Presidente da Escudería Estradense.

Presidente da Sociedade de Caza e Pesca.

Presidente do Deportivo Estradense.

Presidente da Comisión de Deportes e Festas do concello da Estrada.

Prevese a celebración da v Festa o día 21 de maio de 1978.



Para esta edición establecécese o «I Premio de Periodismo e Radio-difusión» cun importe de 25.000 pesetas, patrocinado polo Excmo. Concello da Estrada para o mello artigo periodístico ou emisión de radio, en galego ou castelán, que ha de referirse á Estrada e a súa comarca nos seus aspectos turísticos, socio-culturais, ou gastronómicos. A entrega farase dentro dos actos da v Festa do Salmón.

O xurado concedéulle este premio a Isaac Otero polo artigo publicado en *El Pueblo Gallego* o día 27 de abril de 1978 titulado «O vello e o río»

A Excma. Deputación de Pontevedra obsequiou a cada participante cun *artístico obxecto de prata*.

Tamén se convoca o «II concurso de redacción».

O pregoeiro foi José María Castroviejo que recibirá o salmón de Ouro, xunto coa Masa Coral Estradense:

por su meritoira labor, al dar a conocer el nombre de La Estrada, en las brillantes actuaciones que viene realizando dentro del contexto de la nación.

A raíña das festas foi Pily Ferro Gorís e as damas de honra María Lucía Requeijo Sánchez e Milagros López Penelas.

6ª Festa do Salmón. 1979

Pregoeiro: Rafael Landín Carrasco.

Homenaxeados co salmón de Ouro: Alfonso Paredes Pardo e Luis Martínez Gil.



7ª Festa do Salmón. 1980

Pregoeiro: José María Álvarez Blázquez.

Homenaxeados co salmón de Ouro: José Luis Rodríguez e Jesús Leis Camba.



8ª Festa do Salmón. 1981

Pregoeiro: José Lois Estevez (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: Manuel Bermúdez Naveira e Faro de Vigo.





9ª Festa do Salmón. 1982

Pregoeiro: Isidoro Millán González Pardo (*).

Homenaxeado co salmón de Ouro: Benigno Pío Sánchez García.





10ª Festa do Salmón. 1983

Pregoeiro: Agustín Sixto Seco (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: Gerardo Fernández Albor, presidente da Xunta de Galicia e a José Luis Barreiro Rivas, vicepresidente da Xunta de Galicia.

11ª Festa do Salmón. 1984

Pregoeiro: Alfonso Varela Durán (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: Mariano Rajoy Brey, presidente da Excma. Diputación de Pontevedra.

12ª Festa do Salmón. 1985

Preséntase a bandeira da Estrada, que se entrega aos centros educativos do concello e a continuación ízase na casa consistorial.

Pregoeiro: Luis Losada Espinosa

Homenaxeado co salmón de Ouro: Manuel Docampo Pego, secretario do CIT.



13^a Festa do Salmón. 1986

Pregoeiro: Camilo José Cela Trulock

Homenaxeados co salmón de Ouro: Peña Filatélica e Numismática de Pontevedra «Rías Baixas», pola súa participación desde o inicio desta festas. Preséntase un tríptico turístico elaborado polo CIT.



14ª Festa do Salmón. 1987

Pregoeiro: Jorge Víctor Sueiro, escritor.

15ª Festa do Salmón. 1988

Pregoeiro: José María Freijedo Tabares (*).

No acto do pregón entregarónse os premios do concurso de redacción organizado polo CIT entre os colexios do municipio.

16ª Festa do Salmón. 1989

Pregoeiro: Gerardo Saborido Taboada (*).

Os premios do concurso de redacción entregáronse unha vez finalizado o pregón.

17ª Festa do Salmón. 1990

Pregoeiro: Manuel Martínez Oca, escritor.

18ª Festa do Salmón. 1991

Pregoeiro: Gonzalo B. Vázquez Gil.

19ª Festa do Salmón. 1992

Pregoeiro: Manuel Cabada Vázquez, a quen, ademais do Salmón de Ouro, entregóuselle unha placa (*).

20ª Festa do Salmón. 1993

Pregoeiro: José Ignacio Carro Otero.

Homenaxeados co salmón de Ouro: José Cuíña Crespo, conseilleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

21ª Festa do Salmón. 1994

Pregoeiro: Alfredo Conde Cid, escritor e político (*).

Na acta da sesión de Xunta Directiva celebrada o día 21 de xullo de 1994 consta:

Aberta a sesión polo vicepresidente Olimpio Arca Caldas, gárdase un minuto de silencio pola morte do presidente Dr. don Manuel Reimondez Portela. Producida a vacante do Presidente de acordo co primeiro punto da orde do día, procédese ao nomeamento do dito cargo que por unanimidade recae en don Manuel Docampo Pego, sendo nomeado seguidamente secretario don Jesús Leis Camba.

Aberta de novo a sesión baixo a nova presidencia, acórdase nomear presidente de Honor do Centro de Iniciativas e Turismo a título póstumo a don Manuel Reimondez Portela.

22ª Festa do Salmón. 1995

Pregoeiro: Carlos Fernández-Novoa Rodríguez.

Homenaxeados co salmón de Ouro: Tomás Pérez Vidal, Francisca Andújar Coto e Francisco García-Bobadilla Prósper.

Na sesión celebrada o 16 de xuño de 1995, entre outros asuntos, faise a valoración da Festa do Salmón que acaba de ter lugar confluindo que necesita dun concepto e desenvolvemento máis acordes coas circunstancias que concorren nela.

23ª Festa do Salmón. 1996

Pregoeira: María Fernández Rey, de Antena 3.

Homenaxeado co salmón de Ouro: Dositeo Rodríguez Rodríguez, conselleiro de Presidencia.

Nesta edición confeccionouse un cuño de correos coa efixie de Manuel Reimóndez Portela, que tivo unha gran acollida.

Noutra orde de cousas lamentan que:

...la degustación del salmón no estuviese a la altura de lo que el príncipe de los ríos se merece y nos tienen acostrumbrados los restauradores estradenses.

24ª Festa do Salmón. 1997

Pregoeiro: Manuel Silva Romero (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: Jesús Carlos Palmou Lorenzo, conselleiro de Interior, Xustiza e Relacions Laborais e Ignacio Turnes Duro, presidente do Centro Cultural do Partido Xudicial da Estrada e Bos Aires.

25ª Festa do Salmón. 1998

Pregoeiro: José Ramos Durán (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: Ramón Campos Durán, alcalde-presidente do Excmo. Concello da Estrada e Manuel Abeledo López, presidente da Excma. Deputación de Pontevedra.

26ª Festa do Salmón. 1999

Pregoeiro: Diego Bernal López, periodista e escritor (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: Rafael Louzán Abal, vice-presidente da Excma. Deputación de Pontevedra, e a Guillermo Grobas García, delegado provincial de Unión Fenosa.

27ª Festa do Salmón. 2000

Pregoeiro: Manuel Castelao Bragaña (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: Manuela López Besteiro, conselleira de Familia e Asuntos Sociais e Eduardo Lamas, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

28 Festa do Salmón. 2001

Pregoeiro: Víctor Vázquez Portomeñe, senador (*).

Homenaxeados co salmón de Ouro: José Manuel Piris Riesga, enxeñeiro xefe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e Aurelio Miras Portugal, director xeral de Turismo.

29ª Festa do Salmón. 2002

Pregoeiro: Javier Sánchez de Dios, periodista e escritor.

Homenaxeados co salmón de Ouro: Jesús Peréz Varela, conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e Severino Pérez Fernández, restaurador estradense.

30ª Festa do Salmón. 2003

Pregoeiro: Ana Pastor Julián, ministra de Sanidade.

Homenaxeados co salmón de Ouro: Alberto Núñez Feijoo, conselleiro de Política Territorial e Enrique Gestoso Salvado, concesionario na Estrada da firma Renault.

31ª Festa do Salmón. 2004

Pregoeiro: Francisco Campos Freire, director xeral de RTVG e profesor titular de Producción e Xestión Empresarial na Facultade de Ciencias de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, cun pregón titulado: *A pesca virtual* (*)

Homenaxeados co salmón de Ouro: M^a José Cimadevila Cea, conselleira de Asuntos Sociais e José Luis Méndez López, director de Caixa Galicia.

32ª Festa do Salmón. 2005

Este ano a organización da Festa do Salmón correu a cargo da nova xunta directiva do Centro de Iniciativas e Turismo «Fillos e Amigos da Estrada», elixida na convocatoria extraordinaria celebrada o día oito de xullo de 2004.

Presidente: José Luis Reimóndez Fernández.

Vicepresidente: Valentín García Gómez.

Secretaria: M^a Enriqueta Sanmartín Carbón.

Vicesecretaria: Mercedes González Rey.

Tesoureiro: José Manuel Bouzas Blanco.

Vogais: Miguel Ramón de la Calle Amaro.

José López Vilariño.

M^a Jesús Gaiteiro Barreiro.

José Antonio García Villar.

Este ano a festa do Salmón celebrouse o día 15 de maio. O día 7 de maio celebrouse o XXIX Concurso Internacional de Pesca do Salmón. Acordouse montar unha exposición sobre «As artes de Pesca», ademais da Exposición Filatélica. Así mesmo leváronse a cabo xestións coa TVG para a actuación da Banda de Música e da Masa Coral Estradense no programa Luar do venres 13 de maio, no que interpretaron entre outras pezas, o himno da Estrada. Tamén se celebraron, os días 14 e 15 de maio, unha exposición de traballos da

Asociación de Mulleres Rurais da Estrada, a xi Ruta do Salmón en BTT e a Concentración de Automóbiles Antigos.

O pregoeiro foi Xosé Manuel Barreiro Fernández, conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a quen se impuxo o salmón de ouro. Impúxoselle tamén o salmón dourado a Aníbal Otero Fernández, xerente do Xacobeo.

33ª Festa do Salmón. 2006



Celebrouse o 21 de maio. Levouse a cabo a Exposición Filatélica e de artes de pesca os días 20 e 21 de maio; tamén houbo una Exposición de traballos da Asociación de Mulleres Rurais da Estrada; celebrouse a XII Ruta do Salmón en BTT e a Concentración de Automóbiles Antigos. O día 13 de maio celebrouse o xxx Concurso Internacional de Pesca do Salmón, que nesta edición se cerrou sen ninguna captura quedando desertos os premios.

Designouse como pregoeira á actriz galega Uxía Blanco Iglesias (*).

Os salmóns de Ouro recaeron este ano, ademáis da pregoeira en:


- Asociación Cáritas Parroquial da Estrada na persoa do seu presidente Francisco Loimil polo labor que vén realizando na procura da igualdade social e a solidariedade cos desfavorecidos.
- Asociación Cogami (Confederación Galega de Disminuídos Físicos) na persoa do seu presidente Domingo Dosil.
- A empresa estradense Hierros Diego SL, na persoa do seu xerente Manuel García Valcárcel.



34^a Festa do Salmón. 2007

Celebrada o 20 de maio. Na reunión do día 28 de marzo os membros do CIT acordan non levar a cabo nesta edición a Exposición Filatélica polo seu alto custo, e igualmente solicitar que a Festa do Salmón sexa declarada de «Interés Turístico Nacional». Tamén se fixo unha exposición fotográfica relacionada coa emigración, a pesca e o Camiño de Santiago e una proxección de fotografías antigas da Estrada, para o que se contou coa colaboración da Casa Museo de Pesca de Sarandón e Museo da Estrada. A Asociación Terra Termarum organizou, no Teatro Principal, unha exposición sobre «Cerámica Castrexá de Castrolandín».

O Concello instalou unha gran carpa na Praza da Constitución para acoller os postos dos dez restaurantes que colaboraron na degustación popular: Os Peares, O Pote, Summa A Estrada, Velis Nolis,



A Bombilla, A Nixon, A Fogaza, Cervela, Mar de Compostela e Mr. Pizza. Cada un deles ofreceu diversas especialidades culinarias a base de salmón a un prezo de 3,50 €. Nesta degustación déronse cita unas 7.000 persoas e repartíronse unhas 3.500 racionés.

Este ano o pregoeiro foi o escritor Xosé Neira Vilas (*). Os Salmóns de ouro recaeron ademáis do pregoeiro en:

- Mario Blanco Fuentes, a título póstumo, mestre, avogado e alcalde da Estrada entre 1959 e 1971.
- Xosé Manuel Rodríguez Puente «Isi» actor galego que leva A Estrada como bandeira por onde queira que vaia.
- Fundación María Martínez Otero polo seu labor social e exemplaridade como empresa moderna.

35ª Festa do Salmón. 2008

O Centro de Iniciativas e Turismo abordou na sua reunión do 2 de abril a preparación dos actos da Festa do Salmón que se celebrou o 18 de maio. Levouse a cabo unha Exposición Fotográfica coa proxección de fotos antigas da Estrada e unha concentración de motos clásicas en colaboración co Moto Clube de Santiago de Compostela.

Celebráronse, na semana previa á festa unhas xornadas adicadas ó cambio climático en colaboración co Concello da Estrada, nas que Santiago Pemán García, o «home do tempo de Galicia», impartiu unha conferencia baixo o título de «A influencia da metereoloxía no futuro do planeta».


Os días 10 e 11 de maio celebrouse una nova edición do Concurso Internacional de Pesca do Salmón. A Sociedade Río Ulla organizou unha exposición sobre as artes antigas de pesca do salmón así como unha solta de alevíns no río Ulla con asistencia de escolares.

Os días 10, 11 e 17 houbo unhas xornadas de degustación de tapas de salmón nas que participaron 22 establecimentos hosteleiros.

Foi pregoeiro o polítólogo Xosé Luis Barreiro Rivas, a quen se impuxo o salmón de ouro (*).

Tamen se impuxo a:

Javier Comesaña Pereira, director da Banda de Música Municipal da Estrada e Manuel Vázquez Fernández, conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.



36ª Festa do Salmón. 2009

Celebrada o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas. Celebrouse una nova edición do Concurso Internacional de Pesca do Salmón os días 9 e 10 de maio. A Sociedade Río Ulla organizou o venres 15 de maio unha solta de alevíns no río Ulla con asistencia de escolares.

O venres 8 de maio comenzaron as xornadas de degustación de tapas de salmón. O día 17 de maio tivo lugar a degustación popular na carpa disposta polo Concello debido ao mal tempo; participaron 23 establecementos hosteleiros, que ofrecieron 45 variedades culinarias a base de salmón; calcúlase a asistencia de 4.000 persoas.

Levouse a cabo unha concentración de motos Harley-Davidson coordinada por Benigno Carballo e José Manuel Fondevila López.

O pregoeiro foi Carlos Amable Baliñas Fernández, catedrático de Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela e doutor pola Universidade de Madrid. O pregón titulouse «O simbolismo do río na cultura» (*).



Os Salmóns de Ouro recaeron nesta edición, ademáis do pregoeiro, en:

- Xosé Lueiro Lemos, licenciado en Filoloxía Hispánica, especialista en arte dramático e director da Escola de Teatro Municipal.
- Xosé Magariños Maceiras, enxeñeiro técnico forestal e profesor de procesos e productos da madeira e moble no IES Antón Losada Diéguez.

A Sociedade Río Ulla, homenaxeou ó pescador Benito Pedreira entregándolle unha placa en agradecemento ao seu apoio á entidade e polo seus moitos anos como socio.

37ª Festa do Salmón. 2010

O día 19 de abril de 2010 reúñese a Xunta Directiva do CIT para tratar a organización da festa do salmón que terá lugar o domingo 16 de maio.

Este ano o pregoeiro foi Olimpio Arca Caldas mestre moi vencellado á cultura local, primeiro director do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela e membro do CIT (*). Impúxoselle o Salmón de Ouro.

Tamen foron distinguidos con este galardón:

- Nieves Feros, cociñeira de renome e autora de tres libros de cociña, *O Salmón en galego*, *Cociña en galego* e *Cociña caseira galega*.
- Juan José García Cota, médico traumatólogo, especialista en medicina deportiva e médico da Selección Española de Fútbol.

Celebrouse unha concentración de 40 motos Harley-Davidson e unha degustación popular na que se serviron uns 5.000 racionés de salmón na carpa instalada na Praza da Constitución coa actuación do grupo de baile galego Tequexetéldere.

O CIT presentou o libro *Pregóns da Festa do Salmón* no que se recopilan 21 dos 32 pronunciados; foi subvencionado polo Concello da Estrada, e entregouse un exemplar a cada un dos asistentes ao pregón.

38ª Festa do Salmón. 2011

Celebrouse o día 15 de maio. Houbo unha nova edición do Concurso Internacional de Pesca do Salmón organizado por la Sociedade Deportiva Río Ulla en colaboración co Concello.

O CIT designou como pregoeira a Carmen Fernández Chao, xornalista e presentadora do programa «Desde Galicia para el Mundo» da TVE, a quen se lle impuxo o Salmón de Ouro. Tamén foi merecedora deste galardón Vicente del Bosque, Seleccionador Nacional





de Fútbol, pola conquista da copa do mundial de fútbol celebrado no 2010. Vicente del Bosque acudiu «acompañado» da Copa do Mundial que puido ser admirada polo numeroso público que asistiu aos actos.

39ª Festa do Salmón. 2012

Celebrada o día 20 de maio. Na reunión da Directiva do C.I.T, presidida por José Luís Reimóndez Fernández, tratouse, en primeiro lugar a renuncia de Valentín García Gómez como membro desta Asociación por ser incompatible co seu cargo de Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. O presidente, no nome de tódolos membros da directiva, agradeceulle o seu traballo na asociación, desexándolle moita sorte no seu novo destino.

A proposta do presidente noméase membro do CIT, en sustitución de Valentín García Gómez, a Rosa Ferreira Castro.

Acórdase designar como pregoeiro para a presente edición a Miguel Piñeiro Moure, xornalista, escritor, experto en temas de pesca e locutor da Radio Galega.

Acórdase tamén impoñer a insignia do salmón de ouro, ademais de ao pregoeiro, a:

- Manuel Luis Sanmartín Durán, catedrático de parasitoxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Educación da Xunta de Galicia pola súa implicación na vida cultural e o seu compromiso coa colectividade educativa estradense.



Celebrouse a degustación popular de salmón e a 36 edición do Concurso Internacional de Pesca do Salmón, sen resultar ningunha captura, quedando os premios desertos.

Tamén se organizou no Teatro Principal unha exposición dos dibuxos do concurso infantil no que resultou ganadora Paula Mahía Taboada e o seu Grupo de 5º curso do Colexio do Foxo. Reeditouse a exposición de artes de pesca tradicionais.

40ª Festa do Salmón. 2013

A Festa do Salmón foi declarada este ano *Festa de Interese Turístico Galego*. Celebrouse o día 19 de maio. Na data de 27 de marzo ten lugar a reunión da Xunta Directiva do CIT. Iniciouse dando a benvida á nova membro do CIT Rosa Ferreira Castro e admitindo a renuncia de M^a Jesús Gaiteiro Barreiro.

Oficiou de pregoeiro o doutor Ramiro Varela Cives, a quen se lle impuxo o Salmón de ouro. Recibiron tamén este galardón Javier Otero Neira, licenciado en música, prestixioso pianista, profesor do Conservatorio Superior de Música de Vigo e actualmente do Conservatorio Profesional de Santiago, e a Valentín García Gómez, licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, dinamizador cultural e secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, polo seu traballo incansable na defensa do idioma e a cultura galega, pola sua humanidade e permanente cercanía.

Este ano tuvo lugar na Praza da Constitución unha Gala Folclórica do Salmón na que actuaron as Agrupacions de Nuestra Señora del Rosario, Salleko Dantza Eta Txistu Taldea e Tequexetéldere. Tivo lugar tamén a degustación popular na que participaron 11 establecementos, a XVII Ruta do Salmón en BTT, a concentración de motos Harley-Davidson e unha feira de artesanía.

41ª Festa do Salmón. 2014

Celebrouse o 18 de maio sendo a pregoeira Mercedes Brea López, catedrática de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, a quen se lle impuxo o Salmón de Ouro. Concedéronse tamén salmóns dourados á Banda de Gaitas de Barbude pola súa extensa traxectoria na promoción e difusión do folclore tradicional; recolleu a insignia o seu fundador e director José Manuel Porto Iglesias. Así mesmo foi merecente desta condecoración Álex Marque Porto, que levou o nome da Estrada ao máis alto nivel da competición ciclista internacional e por representar todo un exemplo de superación persoal.

Tivo lugar a degustación popular na que 10 establecimientos repartiron 6.600 racionés de salmón e bebeuse sidra ecolóxica do Lagar de Rivela.



Fíxose a XVIII Ruta do Salmón en BTT. Participaron, ademáis do propio Álex Marque, os ciclistas Ezequiel Montero e Gustavo César Veloso.

Tamén se celebrou a xa tradicional feira de artesanía, unha exposición de toucas e a mostra de coches antigos e motos Harley-Davidson.

42ª Festa do Salmón. 2015

Celebrouse o 17 de maio. Na reunión da Directiva do CIT, de data de 25 de marzo, o presidente dá conta do novo logo do CIT creado polo artista Xosé Vizoso. En relación coa preparación dos actos relacionados coa Festa do Salmón acórdase:

Designar pregoeira e impoñer o Salmón de Ouro, a Margarita Pazos Barcala, presentadora de informativos da TVG dende o ano 1998 e premio Mestre Mateo á mellor comunicadora da televisión 2015. Conceder insignias do Salmón de Ouro a Carmen Conde Présaras, mestra xubilada por toda una vida dedicada á docencia, e a Jesús Carbia Pereiras, pescador deportivo que foi campión do Concurso Internacional de Pesca do Salmón en Augas Galegas nos anos 1978, 1981 e 2014.

Celebrouse a degustación popular na que se repartiron 2.200 racións de salmón, ademais de sidra ecolóxica de Lagar de Rivela.

